16 abril maio xunio 1967

GRIAL



R. OTERO PEDRAYO: Baudelaire.

SEBASTIÁN RISCO: Raíz galega da obra de Valle-Inclán.

LAUREANO ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Panorama da música galega.

M. RODRIGUES LAPA: Subsidios para o esclarecimento duma baralhada histórica.

E. GONZÁLEZ LÓPEZ: Un tesouro de arte galego: A Biblia en hebreo da Universidade de Oxford.

CAMILO G. SUÁREZ-LLANOS: Como calquer outro día.

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA
N.º 16 — ABRIL, MAIO, XUNIO 1967

SUMARIO

ENSAIOS — Páxinas

Baudelaire, por RAMÓN OTERO PEDRAYO 129

Raíz galega da obra de Valle-Inclán, por SEBASTIÁN RISCO 147

Panorama da música galega. Aportación do mestre Rodrigo A. de Santiago, por LAUREANO ÁLVAREZ MARTÍNEZ 165

ESCOLMA

A festa do Cheneque e outras historia, por GENARO MARIÑAS DEL VALLE 177

PENEIRA DOS DÍAS

Subsidios para o esclarecimento duma baralhada histórica: O caso de Castela e de Orcellón, por M. RODRIGUES LAPA 185

A propósito de la Gramática gallega de Carballo Calero, por PILAR VÁZQUEZ CUESTA 192

Un tesouro de arte galego: A Biblia en hebreo da Universidade de Oxford, por EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ ... 197

Como calquer outro día, por CAMILO G. SUÁREZ-LLANOS 202

Encol dun libro maxistral: "O Cancioneiro de Pero Meogo", por XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ 204

Sobre la emigración de Curros Enríquez, por ANDRÉS MARTÍNEZ-MORÁS Y SORIA 212

Raíz e tempo, por X. L. F. G. 217

Un libro que redime a Amor Ruibal para la Filosofía española, por TOMÁS POLLÁN GARCÍA 223

LIBROS, por *R. C. C., Salvador Lorenzana, Basilio Losada Castro, X. A. Arxona, Fermín Bouza-Brey, Ricardo Palmás Casal,* e *Xan López Facal* 231

O REGO DA CULTURA 254

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Director periodista: **Anxel Sevillano.** — Codirectores: **Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego.** — Consello de Redacción: **R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega S. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.**

BAUDELAIRE

— I —

O DANDY E A SUA ANGUSTIA

Baudelaire ten o seu pasamento en París o 31 de agosto do 1807 na Clínica do Dr. Dumas, rue du Dôme, perto do Arco da Estrela.

Hoxe a curta rua finda na Avenida Víctor Hugo. A Clínica era hidroterápica. Lembremos o entusiasmo e case a paixón espertada nas xuntanzas mañanceiras do Club dos Hidrópatas i os seus avencellamentos saintsimonianos. O poeta tiña sido levado, ben doentiño, pouco dinantes. Sua nai, a vella criada e o fidalgo amigo Arthur Stevens fórono procurar a Bruselas. Algunhas xentes coidaron que chegaba aqueloutrado. O paralís tollía a fala do príncipe da verba faiscante. O doente ó afitar cos ollos, xa cinza de ardentes lapas, pra as litografías de Goya nas parés semellaba devolto a un intre de gozo. Elo ademiraba ó doutor. Soio espreitaría, como regoado neoclasicista, tolas chafalladas no arte do aragonés. Lembraría o poeta a ramo de morrer, de 46 anos, aquela soberana estrofe, quezáis a máis fondamente axeitada, do poema "Os Faros":

> "Goya cauchemar pleine de choses inconnues,
> de foetus qu'on fait cuire au milieu des sabbats,
> De vieilles au miroir et d'enfants toutes nues
> Pour tenter les demons ajustant bien leurs bas".

Na máisima rolda de pintores e invocando entre Watteau —luxo prezosismo, pecado "mignon" e "mignard" moi do gosto de algunhas proieucións de Baudelaire como "Samuel Cramer"— e o podente e ademirado Delacroix.

No ano da morte do poeta a princesa Matilde Bonaparte daba as soadas ceas decoradas co inxenio faiscante na xiada de Sainte-Beuve, xa non pouco grimoso do cheiro da morte. O fato dos poetas atraguidos pola maxistral simpatía de Teófilo Gautier, xuntábase arredor da mesa farta e incirrante de unha muller de luxo, coidamos que brasileira, "la Paiva" sostida por un enigmático prusiano dino no seu silencio do misterio dos Contos de Hoffmann. No "Xornal" dos Goncourt cruza a "Paiva" como "vella candonga repintada de sorrir falseiro como os seus cabelos e o aire de unha cómica de provincia". Era o ano da saída do "Capital" de Marx, da "Teresa Raquin" de

Zola, da "Exposición" ou Mostra Universal feitizo de buergueses e indignación de poetas. Dous anos dinantes aconteceron duas fondas revelaciós: a "Olympia" de Manet o amigo, o xenial retratista de Baudelaire —o dandy esdenoso, desafiante; o rictus e o ollar afeitos ós árticos paisaxes xiados polo alento do mal— e "Crime e Castigo", de Dostoiewski. Lamartine, sempre xentil cabaleiro alongando a sua sombra no solpor da probeza e o esquecimento aínda tiña dous anos de vida e delor. Gautier, o padroeiro das "Fleurs du Mal", debía acordare Sedán. Morreu no ano 1872 de 60 anos. Victor Hugo coidóu facer o pranto de unha época:

> "Ce siecle altier, qui sut dompter le vent contraire
> Expire.....".

Nomea Gautier, Lamartine, Musset. Pensaba, sen dúbida, tamén no negro continente de basalto descoberto por Baudelaire. Dende ningunha ceibe Guernesey nin Patmos podía ser exorcizado. Tollía a lava xiada o ser do poeta. E non embargantes enxamáis lle fallóu através de unha raiola de remorso a lembranza de puros ceus matutinos...

Mais agora non temos azos pra nos liberdare do engado abisal e sorrinte, sotil e grave de París. Baudelaire é quezáis o seu meirande poeta. Garda o fío de aquel brillante e terrible xenio do análisis levado deica unha morbideza intelectual, descoberto quizáis pra Xuliano imperator das Galias cando escolmóu a illa, como navío, dos Parisii. Baudelaire, esdenoso e custante amador axustóu contas mais que de vida e morte con París decíndolle no epílogo, non pubricado, como remate das "Fleurs du Mal" con máis forza e delor do que o xiado Octavio a Roma:

> "Tu m'as donné ta boue et j'en ai fait de l'or!".

Como seus grandes amigos o armoñoso Teodoro de Banville, o sensitivo evocador Catulle Méndes, o xenial cabaleiro dos matutinos asulagados dos Fisterras Barbey d'Aurevilly, tamén como Leconte de L'isle o grave rapsoda de unha Grecia estoica e postrusoniana e como Sainte-Beuve un mestre da estilística, Baudelaire repousa no cimiterio de Montparnasse.

A sua tampa, con estatua xacente sobre o sudario atesta ca parede onde remata a avenida mestra do Camposanto. O fondo e xiado ollar do poeta dos abisales, dos cósmicos fastíos foi sonado e comentado. Ó comén do noso século a ademiración engadíulle riba da tampa unha escultura. Quer ser podente e demoníaca plástica do xenio do mal. E fica ben lonxe o recender de molladas cabeleiras pecadentas, das froles en ramo avencellado cas cordas dun fero suplicio e pola man do poeta botado como á orela do alén no primeiro degrau da escalinata do templo da Morte. No primeiro degrau da cisterna inda non destituída dun consóo de raiolas de sol. Pois a sombriza esqueira nacendo rentes do chan desce voltando como serpe ó mundo das tebras.

"Chaque jous vers l'Enfer nous descendons d'un pas", escribe no poema inicial, adicatorio, das "Fleurs du Mal".

Baudelaire vive o vello París con amor a proba de nemigo capital: o fastío, "l'ennui". Primeiro co medo, ben logo ca certidume de loitar consigo mesmo. París é seu craustro, sua taberna, sua vergonza, sua groria. Fai inesquecente a cruel transparencia e o desesprado amor calquera paisaxe parisién do poeta. Enxamáis foi París refrexado en semellante espello.

Nace o poeta no cerne da orela "gauche", rue Hautfeuille. Perte da praza Saint Michel, da Ponte Nova, da Sorbona. Xúntanse o París acedo o verde de novas agromadas do Bearnés, co sedán e cruel dos Valois. Os ollos do neno afitan a illa de San Luis, a Cité. Moi neno aínda lévano a vivire na veciñanza da Ponte Nova —¡aquil cadro lumioso e fondo de A. Renoir!— e da sonada abadía, musical palimpsesto bieito de St. Germain des Pres. Xa en loita ca familia, despois da iniciática nas Illas ditosas do Índico —outros ourentes troc áronse en cincentas seráns na sua alma— aniñóu en moitos recantos da cidade. Gostaba da pás, da elegancia antiga da Illa de San Lois amada dos pintores. Os escuros lumes do poeta aquecían na piedade infinda da coor, recrobábase nas esceas heroicas de Delacroix, pra il acenaban leviáns ventos amigos nos verdes, como bandos de boíñas, dos impresionistas.

Polo París mesto de casas como facianas —grises de xente "de robe" de burgueses, raiosas con malino palpebrexar de fiestras de grisetas e lorettas— de pazos de acentos góticos circunflexos, de elegantes acordes, de calizas e pizarras do "gran siecle". Baudelaire recolle nas sete cordas vibradoiras da lira da sua alma mancada en vivo polos vencellos imperiosos da sensoalidade, os bruídos, os laios dos esmagados, o chicoteo do pracer, os agromares da sorrisa en beizos xa gostosos da pezoña, os albatros ou os cisnes patuxando rente á terra, a beleza ó fío do abismo, o debrocar en cachoeira cara a noite dos minutos acesos de pasiós. Dandy, desafía a estupideza coallada. Por sazós inteiras a sua vida é a de un simbólico cervo perseguido a través do bosque de mil risadas e queixumes polos cans dos onceneiros. E acouga en pequenos hoteles repintados como máscaras, de ises a que se chega desfeito e aceso co primeiro locir da alba na serra. Como facendo tamén un arte da fuxida, gandindo as farpas xiadas do fastío, piores que as das débidas, para no "quai" de Anjou, en Neuylly, na rua Pigalle. Ás veces ca Xoana Duval, a mestiza de carne abourada de escrava. Coela viviu entre lumes e xelos na rua de espaventoso nome: de "La Femme sans tête". O París da Liga o do cardinal de Retz, o Valois e o Borbon das cúpulas canonesas, dos xardís calmos como postulados —e tamén os recantos asombrados pola ascética xansenista— ía sendo esnaquizado polo sistema das craras e xiadas avenidas. Hai no derrubamento municipal dos ramos de vellas arquitecturas compostos polo amor e a espranza, laios de soutos tallados, de vidas arrincadas. Beaudelaire de-

craróu a sua door nunha desas estrofas, domeadas como chafarís, como vencidos colos de cisne:

> "Le vieux Paris n'est plus. Ah! Le coeur d'une ville
> changea plus vite ¡helas! que le coeur d'un mortel".

Soio lembraremos un dos sitios onde pousóu o cansacio de chumbo e area, o xenio aceso en chagas como rosas de Baudelaire. Unha mansión inzada de presencias da erótica entre partenopea e versallesca do tempo sedán Luis XV: o Hotel Pimodan, obra ledizosa do 1657. A "Grande Demoiselle" das guerras da Fronda deixóu o seu miúdo pisar, o seu rir de pracer e de tramoia. O duque de Lauzun fica como o Alcibiades ou o Borgia, máis epigrama e desafío do que impiedade e política como arte, do derradeiro dazaoito. Lauzun pasa polas memorias de Chateaubriand: "le romanesque amoreux de la princesse Czartoriska, le coureur de femmes sur les grands chemins". Teófilo Gautier inspiróu xuntanzas apaixoadas. As faiscantes proclamas soaban sen acordar do seu ensono ós melancólicos solitarios na calma lus peneirada polas outas fiestras esculpidas, nas cambras pintadas polos millores ornamentistas do XVIII. Fantaseaba Theo, calaba Nerval ensoando as suas luas do Artois, as suas fadas do norte cos cabelos mollados de orballo. As amantes dos poetas pousaban pra os pintores e adoitaban esdés e melancolías de duquesas. Pra Beaudelaire ben mozo era amabel o feitizo do Hotel Lauzun. Xa namorado da Morte atopábase entre mortes galantes. Hai raíces comúns do erotismo inxenuo e comprexo do Catulo e Propercio e máis o dos curtisáns e poetas do XVIII. Deles os derradeiros foron os mestres do admirable analista do amor Benjamín Constant.

Non foi miúdo o merecemento de Baudelaire ó non deixárese encalatrar pola casuística erótica intelixentemente apoiada na filosofía sensoalista do XVIII nin levar pola alporizada foula romántica escachando contra os impasibles roquedos elexidos polas centelas e as soedades. Como os montes Acroceráunicos en Horacio. Por eles rubíu rexo e dende o comén despoxado de entusiasmo o poeta. En procura da soedade das Ulalumes de Poe. Si os homes deben seren coalificados polos seus renunzamentos e naves queimadas, Baudelaire xurde na sua procurada soedade como un héroe das aventuras metahistóricas da intelixencia. A orgulleza do seu esprito e a outura do fito diron ó seu cometa ventureiro unha cabeleira de fogo e delor entre as constelacións sereas ou sentimentaes. Por elo se fixo dono do porvir i o seu verso traballado en desespero alumea os valeiros de hoxe. O fastidio do dandy non se quixo encher de acción como en Byron. E no seu inmenso valeiro o remorso adequire valor de salvación, un non querido valor.

Poñamos en troques de orgulleza e fastidio, homildade e amor —o berce de Baudelaire non foi envolveito en recendos de aromas de colleitas e humus de mortos labregos, soio a enxoiteza das ruas abouradas— e os hemisferios tráxicos e desertos de Rosalía e do autor da "Confesión da medianoite" non semellarán antipódicos.

Con gosto notamos o senso bon, da amizade, de Beaudelaire, con todalas torres do seu escudo de singularidade, respeito dos escritores do seu tempo. Foino de mestres bós, orixinales, fortes. Non enteiramos o esquema de unha biografía. Pro é bon lembrar a fidelidade de Baudelaire a Chateaubriand entre os devanceiros, a Hugo, Gautier, Nerval, entre os do seu tempo. E Sainte-Beuve. Mais ista relación ten de sere estudiada baixo un ángulo difrente e coidadoso. Baudelaire reverencia a Chateaubriand. Glosando a De Quincey escribe: "Hai un acento que eu chamaría do "aparecido", non do outro mundo pro case estrano á humanidade... o acento que ás veces se nos descobre nas "Memoires d'outretombe" cando calando a cólera e orgullo ferido, o esdén do grande René polas cousas da terra vóltase como lonxano e desintresado".

No colexio o poeta profesaba no bosque outonizo dos mitos chateaubrianescos:

> "...des quince ans vers le gouffre entraîné,
> Dèchiffrais couramment les soupirs de René"....

A Hugo adica Baudelaire os máis fermosos poemas parisienses: "Le Cigne", "Les sept vieillards", "Les petites filles" homaxe a quen soupo nas gandideiras fenestras da novela "histórica" pendurar farrapos emozoantes de humanidade ó sol e ó vento e soupo camiñar coma os gatos e coma os ratos polos tellados e polas cloacas de París.

É dabondo coñecida e gabada a serea chama votiva da adicación das "Fleurs du Mal" a Gautier. Sereidade que procura seguir o exemplo de clásicos epigramas, de ningún xeito no estilo simbolizado quizáis mellor do que en ningures na pregaria á Acrópolis de Renán. Semella de curtesía, como o plastrón e os zapatos de fibela o tono clásico en certos momentos da obra literaria como nova criatura presentada na Sociedade. E no cerne do armoñoso e apaixoado Theo, sempre levado como o champañe á escuma soante das hipérboles preside a euritmia de frontón e do hexámetro. Na novela do trasmundo "Spirita" un dos persoaxes, fina síntesis de París, dispondo o viaxe a Atenas ten de eisprimentare, según un amigo, a metopa sobre a cabeza pra atemperare o fervor romántico. Son moi ricos de tons de siñificado os proieitos e esquemas da adicación case epigráfica, por respeto á mesma amizade.

Baudelaire, descobre deica as derradeiras cordas abouradas do seu corazón e fuxe da ironía quezáis por siñificare un vieiro retorto pra surprender e enfeitizar un púbrico esdenado. Sainte-Beuve, fino literato, servo, resentido, semella máis demoníaco na admirabre técnica do engano e a farsa de "Volupté" do que as profesiós satánicas de Baudelaire. Ningunha escura raigame de zumes criadores os xunta. Soio o amor e respeto á lingoa francesa, e en entramos o gosto do seu pulante agromar no XVI. Dirixiulle en dispaciosas estancias lembradoiras do "taedium" do Colexio e das requintes probáticas do fastío, unha gabanza ben agradecida pola compaña de aquil libro

—"J'emportai sur mon coeur l'histoire d'Amaury"— pra nos decrarar a valencia e verdade do seu menxase. A aititude estrana na rexa e pura conciencia estética do poeta.

Baudelaire sinala Aloysius Bertrand como inspirador do método e técnica do "Spleen de París". Quezáis se poida sinalar algún outro baudelerián no ton, no sentimento da noite, a percepción do engado de París. ¿Non será o intre de pensar en Alfonso Esquiros? Alfonso Esquiros viviu do 1814 ó 1876. Entre os seus libros soan "Les Hirondelles", "Chants d'un Prisonnier". Do primeiro, o poema "París aux réverbères" espalla un sombrizo feitío baudeleriano. Os "reverberos" xogan na poesía do XIX como as velaíñas lampadas dos amantes na noite antiga e as luces témeras das eirexas e as adicadas ós Santos nos rueiros i encrucilladas aínda nos derradeiros do século de Beaudelaire. Nalgús versos sopra o alento de abismo das "Fleurs du Mal":

"Paris dort ... ...
... ...
Et comme un mendiant ivre prés d' une cuve
Le géant est qui ronfle et qui râle et qui cuve
Le vin ou le sang qu'il a vu
... ...
J'aime à voir dans les flots briller les réverbères
C'est un concert de nuit: c'est la grande cité
Avec ses yeux de feu, qui de loin me regarde
... ...

— II —

"FLUCTUAT NEC MERGITUR"

Nas ediciós canónicas das "Fleurs du Mal" dazaoito poemas levan o tídoo de "Tableaux Parisiens". Un ramo e unha promesa. París, resume e xuicio, proba, groria e vergonza do mundo. Amor e delor totales de Baudelaire. Deica ben logo, a vida interior do poeta xardín de outono de máis curto frolecer que os anos esteriores, os gastados na espera e na máscara, craustro pecadento e místico, esprencia miúda e crudel do imperio dos tres Calígulas ou Tamerláns do corazón do home, delor, pecado, morte. Na abadía de Theleme todos fan ledamente o que lles peta. No París épото de liberdade os tiranos vixían como a febre na cabeceira do doente. De certo as partes do libro —"Spleen et ideas", "Tableaux mort"— apesares do fermoso rigor ideolóxico de Beaudelaire no tratamento dos pesadelos —son circos remanecidos da queda do mesmo e único meteorito na lagoa fedeonda e atraente, con certas gandideiras luas lago romántico. E os seus latexos confóndense. Os paradisíacos refrexos, ca sua pureza de inocencia ou de vencimento non choutan as parés da clausura. Son refrexos. Cada intre do alentar de Beaudelaire cómprese na atmósfera de París. A ela debe a forza e a acuidade, xusteza da vi-

sión e a arte do esmalte e da "ars magna" da lóxica faiscante outeñido en escura roca valcánica do verso. Baudelaire na adicatoria dos pequenos poemas en prosa a Houssaye sinala como serpentaria, é dicir de ondeantes segmentos, a estrutura do libro. Sendo as prosas e as críticas toda a laboura de Baudelaire comprimento de un esquema enteiro, como o de Balzac, do ser e destino do home, preside como nas "Fleurs" o mesmo e case riguroso xogo de antítesis e síntesis co íntimo dominio da tesis. Non semella esquema serpentario. Millor infernal ou chtoniano no senso dos cráteres atraentes como algús adourados e medoños na antiguedade. Avernos. Estigias. Con facies sombrizas evocando chamadas sexuás, e engañosos contornos eglógicos. Pois houbera sido desnorteada a imaxen maelstrónica inda moi gostado no tempo do poeta, e por seu Homero de lucidía intelixencia e amores e relembros de estelares escritos Poe.

Sobre Baudelaire se non pode esquencer a forza das aas, o albatros, dinantes de cair no cráter nin un gosto intelectual de cousa nidiamente feita, de problema ben resolto hastra no paroxismo ou na cinza. Era un sensoal. E quezáis se poidera sinalar na reaución domiñante do seu esprito o criterio sensoalista no senso filosófico como xenuíno de París e hastra oficialmente gabado pola cidade i o seu concello. Como na ordeación do libro, o Spleen é a atmósfera e condición. No cerne a vexetación sulfúrica e as lavas xiadas. Pro pola sua lírica beleza, e emozoante lucideza e fraxilidade das suas xemas, ás veces embazadas, ás veces maculadas, o colar dos poemas en prosa disposto polo poeta pró busto da musa do fastío, ten de ser espreitado sobre a tebra de unha noite escolleita como veludo pra a lús dos diamantes.

Baudelaire xurdo, anxélico, San Xurxo cara descoñecidas e anivadas serpes, en poemas de adolescente adicación como "Paysaxe" e "Le soleill". Como Chatterton na mansarda londinense. Como Balzac arelando ser merecente do desvelamento do absoluto:

> "Il est doux, á travers les brumes, de voir naître
> L'étoile dans l'azur, la lampe á la fenêtre...".

O poeta cos seus azos de abranguer o mundo vive de antemán as sazós das almas, os latexos da cidade corazón do mundo. É sol consoando os recantos miserentos dos arrabaldos e a soedade xiada dos salós dourados:

> "Et s'introduit en roi, sans bruit et sans valets,
> Dans tous les hôpiteaux e dans tous les palais".

Mais non como Chatterton con respeitosas liturxias evocado por Alfred de Vigny, esmorece logo pura chama ó xiado vento. Non como Balzac rexo paisán mozo suxeta o touro polos cornos e desafía na figura de Rastignac o inferno e paraíso dos vivos dende o eido dos mortos. Pois ben logo foille outorgado a Beaudelaire o privilexio terrible de sentir ó seu redor o valeiro, reinado do fastío e a soia po-

dente realidade da morte. O seu París si espalla o ar intelectual, mórbido, sensitivo, que arrecende nas páxinas salfridas de cinzas de ouro da Educación Sentimental de Flaubert, alenta por contraste nun sentido cruel do tempo. Non se descobre sobre París poema máis fermoso e delorido que "Les petites vieilles", dirixido como outros moi fermosos a Víctor Hugo. Nas suas estancias ordeadas en IV tempos, o poeta espalla infinda craridade sobre probes farrapos de velliñas, unha tenrura máis merecente da bágoa e do sorrir dos anxos, por ter nado na veciñanza de ollos de Argos, da podremia, da morte, e o espeitral fastío como o lirio no porco arrabaldo das podremias, a boiña na enxurrada dos rueiros da alma.

As probiñas vellas non disfroitan da caricia do fuciño do can, do lume chareteante, do infindo bico gardado no ar das campías galegas prós desditados que lles foron fideles. Toda a elegancia dos poetas curtesáns pra as princesas do sangue e a devoción relixiosa do namorado Macías, de D. Quijote escribindo a Dulcinea, semellan febles diante o emozoado respeito, o tremor da voce e da pluma co grimo de mancar un recordo, un pecado mucho, vivente fantasma das noites de soedade e desamparo. Poucos cantos a muller atal inspirados. Non alenta o pretérito. As bágoas e o tempo compriron unha absoluta purificación. Elas, as velliñas, apostólicas freiras pola door xustifican a pavorosa sensoalidade de París e soio elas son chamadas irmás polo poeta que diante delas, e soio elas, chega a esquencer no seu corazón a farpa xiada do fastío. E non se pense nos xogos fúnebres ou irónicos do nordés de beizos crueis maquiando en tristeiras zarabandas as follas muchas do parque deixado polas Musas. Verdadeiro, tenro, fidalgo, príncipe escollendo a Borralente, o poeta en versos de mestría onde os conteñidos saloucos fan de cesuras, compón xardís e escalinatas trunfales, tende mantos tecidos de amorosos silencios, fala baixo e trepa maino, diante as exiladas da vida, as probes velliñas pois.

"Toutes auraient pu faire un fleuve avec leurs pleurs!".

Un regueiro irmán na infinda piedade do poeta da door de Lesbos tratado con outro acento de retesía e desafío estético non estrano ás fondas mordedelas do ácido do remorso:

"...parmi les salglots dont le roc rententit".

Estrofas de salvación alumean a carne viva e sofrente de París na xenial e temible anatomía baudelerián··· As velliñas son irmáns do "Cisne" o poema nado baixo as estrelas de aquil hemistiquio de suprema dedicación.

"Andromaque, je pense a vu!...".

Pénsase nun Baudelaire un intre ditoso escolar da poética lu-

zada trunfante con orballo de bágoas femeninas de Grecia. O Cisne é menos irmau do albatros do que das velliñas nas ruas de París:

"Fremissant au fracas roulant des omnibus!".

Pra Baudelaire inaugura o Cisne a exemprar poesía das novas roínas das cidades en crisis, dos acampamentos nos solares, un mundo ou un arquipiélago pra a poesía e a door sua irmá. Tamén a cidade medoña e amada do poeta, o París, "où tout nême l'horreur, tourne aux enchantements", acolle, como as velliñas, a esmola tenra envolta en curtesía. Os "sete vellos", como estadea, ou pasadelo de maxinación de alén Rin, os "Cegos", a pasaxeira "longue, mince, en grand deuil" un intre forma ben logo disolta da eterna Beatrice, alentan, resarios de orballo do outono na raiola de sol acesa e espallada por aquil poema desvelador. Pro Baudelaire non podería negar a xiada finura, a arte do miúdo exacto arredor dos valeiros como no gosto Regencia e Lois XV a París. Exercítase en namorado ventureiro ó Villon no poema "A une mendiante rousse". No "cair do serán" e no "Xogo" o método, a coor, a crudelidade deseguida pola piedade amolecida cun sentir fraderno, respeitoso ca verdade fadal pro lonxe do acedo da ironía —unha das tentaciós afuxentadas por Baudelaire, o gran tentado— son da pintura de Camilo Pissarro, dos cafés de Edgard Degas, de Eduardo Manet, a quen adica "A corda" o poema en prosa de longas e cegas raíces no máis fondo dos sentires populares do azar e do destiño adoutrinados polo xogo e a fadalidade da Morte.

O tema medieval e romántico penitente nunhas verbas, gubias ou pinceles: noutros escéptico do esquelete no baile, xurde e se desenrola conforme as estaxes canónicas afrontadas deica certo nivel polos Tenorios, traballadas con arte que disimula, como as fórmulas de outa fidalguía, a intención teolóxica. Unha teoloxía que agatuña cada hora inda a cotío espaventada, no corazón humán. O grande e fino analista deica o moamio e a cinza sabe moi ben enmascarar teorías.

Noutros poemas alentan febles e lonxáas tentaciós e lembranzas xa todas sumariadas e sentenciadas polo grande xuez da noite, cuio acusado é il mesmo, por il levado ó consóo descoñecido —seu único engado— da Morte, e enxamáis lonxao a unha piedade máis impresionante ás veces cando non espresada.

De fixo, grandes críticos están conformes. Baudelaire finchou por demáis a groria de Constantino Guys. A iste pintor adica o "Rêve parisien", severo regosto de plástica mineral e artística, podentes acordes en silencio cósmico dos catro elementos i as suas servidumes estéticas —non a terra, sí o roquedo nai, pois a terra supón o vexetal alonxado— dispostos á maneira de Poe no "Dominio de Arnheim". O fillo aínda na acedume asulagado ten prá sua ci-

dade unha luzada lumiosa, xiada, calma, sen bateladas, e un saúdo prá vella laboura artesán e artística e pensaría nas aboíñas sen netos ó escribir:

"L'aurore grelottante en robe rose et verte
S'avançait lentement sur la Seine dèserte.
Et le sombre Paris en se frottant les yeux,
Enpoignait ses outils, vieillard laborieux"

— III —

AL AARAAF

Loce lonxana como a espranza nun morno mundo nórdico de unha aurora de anxélicos raios salvadores —xa hastra as espadas de lus transformadas en palmas— un fuxidío ideal de pureza, unha lembranza. Cínguense senso platónico e cristián, en vivencia non encetada por o análisis en Baudelaire. Axuda nil un respeito diante a poesía inglesa —millor céltica, quezáis mellor atlántica de unha conciencia atlántica orixinaria e poéticamente "a priori"— entranada en Edgard Poe, e en estaxe menor, pro inzada de cordialidade, no ascético do opio, no metódico aventureiro de seu propio ser De Quincey, o Coock do seu corazón e seu cerebro, estrano e craro Kepler calculando en sí órbitas de sensación, nebulosas xeneradoras de estrelas, baixo a vixilancia dioscúrida da poesía grega. Non demos tino polo momento á teoría, despois de todo lexítima, de un De Quincey humorista. Voltaremos sobre o seu ademirable e triste libro un dos engados da nosa xuventude, pois ofercía unha fuxida na serán do outono cas primeiras estrelas conqueridas pola delorida paixón dos amieiros marelos. Pois chama o supremo Orfeo, Poe, estelar e anxélico, poeta da Matemática como lingoaxe máis sinxelo e severo que o musical, grego de unha Hélade na que concepto e poema se xuntaban en fórmulas soio imperfeitamente desenroladas nos frontós arcaicos, xustificación e vítima propiciatoria e case mística prá salvación da barbarie americana. Un inorme pasado poético, intuitivo, de bosques, xenios de iroqueses e odongagas, o mundo dos bisontes e os peles-roxas, flor do instinto desposado ca aínda núbil intelixencia —como o gran xefe é dono da maxia, a suprema metáfora namorada dunha loira celta de Donegal— sostén, fonda terra nutricia, a poesía de Poe, seu dominio de Arnheim, os parques de un ensono pálidamente queimado nas luas de Europa, na virxe América na inorme intuición salvado en América. I é tempo pra ensaiar a lus das estrelas, a copa votiva dos alcohols de Poe. Non abonda o soneto de Mallarmé. Algús dos seus versos son votivas chamas beiladoras na derradeira queimada ofercida nos lindeiros dubidosos das Fisterras do esprito. O alcohol, método, camiño, ofrenda tamén. Conviría cavilar niste tema.

Sería preciso o estilo de cronista das xineas olímpicas e preolímpicas de Hesiodo pra desenrolar a descendencia Poe, Baude-

laire, Mallarmé, Valery. Soio no poeta das "Fleurs du Mal" opera a ciruxía do arrepentimento. Baudelaire: a beleza do verso conquerida pola frol do desespero desabrochándolle na alma, o sentir do mundo mao nun evidente xansenismo desconcertante pra os críticos aprobados e recibidos, e o dandysmo, igual a un ascetismo.

Mallarmé, hermético, metódica heroica de queimos e esquencer pra conquerir o latexar do símbolo, cruel e fermoso, dono esdenoso —ou quezáis místico da escrava paixón. Pra aforrar palabras e sempre con condición: neo - platonismo.

Valery: a tentación —filla dos tempos derradeiros de Europa— da Grecia asiática, a dos diadocos, do poder escuro e certeiro do instinto ceibado deica proporciós case cosmogónicas como Babilonias, e a fina intelixencia de lonxe Leonardo vixila, xogando sabiamente co instinto, raíña helenizada dos Parthos acariñando a pantera fermosa. Co chantre do "Cemiterio mariño" das luxosas e tristes odiseas —non melancolías— parpadexa derradeiramente a pura stella, de Poe. (Tanxente Goethe: Goethe concede á Beleza o servicio da ética, a ética, non pouco escultórica do Norde, quezáis por respeito a Kant). Tamén Hugo. Mais Hugo confía no home e no futuro, bon patrón invitando cos millores Borgoñas ós incesantes pasaxeiros. Sobre a Inglaterra Baudelaire nas suas prosas entusiásmase con virtús plácidas que na Franza houberan encirrado os seus sarcasmos. Como si, a través da língoa e da rima, os verdes de Lincoln, os grises dos Downs, o devolveran a unha sinxela adolescencia.. Mais do que ó Dickens dende logo ó Wordsworth. Verque e comenta a De Quincey con amor de colexial respeitoso. Quere imitar, botando ó río a chave dos seus auguriosos pazos de noite. Case fai sorrir a Baudelaire disposto a estudar calmo os clásicos antigos como teimaba De Quincey. Adoita o ton romántico lembrando os tristes amores de De Quincey e a probiña Anne, a anxélica, máis anxélica por fea magullada no trollo, sin se lixar. Poe, iniciado pro non enaxenado nos ridos do opio gardaba en si fondos xardís de máis crueis pezoñas. Emocioan no terrible Baudelaire e elo fai honra á natureza humán, espresiós de gabanza de espritos senlleiros "*touchet with pensiveness* pour me servir de l'etonnante expression de mon auteur".

Iste senso de respeito francés diante de algo inefable, céltico, no mundo británico, na esfera, millor da língoa inglesa, sintética, mollada e refrescada por tantos incertos e ensoadores salseiros, advírtese en Voltaire, en Taine, non digamos en Maurois despois de Barrés. E Voltaire como Taine son ben pouco poéticos. Pódese tratar de unha "constante" de Europa. Como noutros meridianos o cándido espertar inglés ó locir nas fiestras algunha alborada metafísica alemá. Con meirande poder a de Hegel.

Baudelaire, agás dos poemáticos espellos do "Spleen de París" escribe unha prosa maina, como ceo bretemenoso e doce pra amingoar o contraste de lus e sombra propios do seu xenio. Semella Paul Claudel ben perto da verdade xusgando do estilo baudelerian como

estrana mistura do raciniano e do periodístico. Con máis dereito o sentir de Claudel semella axustado á prosa.

Baudelaire aprecia en Poe unha beleza metafísica que o propio seu sensoalismo inritado, case patolóxico, non poido ou atinxir ou merecer. Hai difrenzas de natureza entre os dous. E delo remanece a emozoante saudade poeana de Beaudelaire. Saudade das donas etéreas, das paisaxes, do "via crucis". Os Estados Unidos polo seu comportamento co poeta son "unha grande barbarie á lus do gas". Con verdadeira relixiosidade Baudelaire verque e comenta ó "divino Edgardo". É un romántico, un aristócrata, un mago. Ninguén dominóu como il os xenios da convalecencia e os solpores da concencia, a alucinación e aqueloutramento lóxicamente ordeado, o poder da histeria manexando mandos rexos como a vontade. "Cet amour insatiable du Beau, qu'est son grand titre, le resumé des ses titres á l'affection et au respect des poetes". É un aristócrata, un gentleman.

Notemos en Poe seu coñecimento, no seu tempo aínda raro das costas de Grecia e das rusas do Mar Negro. É decir Hélade e Scythia. Entramos esenciás polos do mundo da sensibilidade antiga, millor pre-clásica. Chegare a pensar se no fondo das Ulalumes, das Lenoras negrexa e se afonda un bosque do Ponto, de Ucrania. En troques o "Dominio de Arnheim" ven dreitamente, ca suxestión teórica da Polinesia, dos longos esteiros e os parques tranquíos do N. E. norteamericán.

Baudelaire co gallo da morte de Poe —o 7 do outubro do 1849 ós 37 anos, tiña o autor das "Fleurs du Mal" que saíron o 57, 28 anos— lembra con delor as "declamasions parisiennes" cando a morte de Balzac e se refire con tenrura, sin nomealo, ó tristeiro pensamento de Gerardo de Nerval. Traducimos o xusto e noble pasaxe: "Fai hoxe 26 de xaneiro xustamente un ano que un escritor de ademirable honestidade, de outa intelixencia e que endexamáis perdeu a lucideza, procurou sin trubar a ninguén —de tal xeito que a sua cortesía semellaba esdén— liberdar sua alma na canella máis moura que poido atopar". A morte de Gerardo de Nerval, como Baudelaire un dos meirandes sonetistas, foi no xaneiro do 1855.

— IV —

O ALBATROS E A PODREMIA

Un dos máis belidos e outeñidos sonetos de Baudelaire "L'Albatros" foi celebrado en carta ó autor —abril 1859— por Flaubert "l'Albatros me semble un vrai diamant". A carta na que o autor de "Madame Bovary" agradece tamén o regalo, co lembrado, de outros poemas, os tres pubricados no "Revue Française", ten sido ben glosada. O noso poeta Ramón Cabanillas fixo do "Albatros" unha fidalga e emozoada versión. Algús versos soan particularmente sombrizos e fadaes:

.....

As longas azas perden as prumas corbaceiras

.....

O poeta relembra éste señor dos ares,

.....

É gostoso e fortecedor lembrar ó vate de Cambados niste intre i a sua outra versión baudelerián "Canto de outono" onde vaga un refrexo dos amados solpores arousáns:

.....

Deixa que a miña cara agache no teu colo
e apure relembrando os dias xa tan lexos,
d'este fin de tempada os doirados refrexos".

O albatros é o poeta, trasparente e verdadeiro símbolo. Un mestre de esprito e saber de abondo pra a tarefa poríase a unha glosa co tídoo e o rumbo pouco máis ou menos: "O albatros no azul". Non sería hoxe, quezáis, ben acollido. Mais non desartellaría a unidade e forza da poesía senlleira do chantre da door, do pecado, do remorso, o primeiro en dispor en graves e inesquencibres acordes a angustia e o fastío do home moderno. Acoden de seu, como pombas, á chamada do azul máis de unha dúcea de poemas. Apenas fará falla dicir que ningún deles outimista no senso meio burgués. Enteiran o etéreo e grave voto do poeta e semellantes a inocentes testigos da tráxica verdade abren os seus limpos ollos asombrados dos escuros fumes do incesante abourar do mundo e o corazón do poeta.

"Os Faros" e "Don Xoan" responden a duas fondas temáticas. Trátaas Baudelaire con xusteza, en emozoante perspeitiva temporal. Chegan ó íntemo tempo do poeta como duas antigas avenidas acesas suas arboredas por outonos viventes e espranzados nos "Faros", portando a outra visión do clásico embarcamento na Estigia. O "Don Xoan" pode ser o de Mozart con meirande acento no orgullo inhumán. Quen goberna o rumbo é "o invitado".

"Tout droit dans son armure, un grand homme de pierre"

e non o vello Caronte, pra meirande sensación de castigo.

Son, apesares de todo, mañíficos versos de non querido "Requiem" e a foula e grea das amadas co seu "long mugissement" atinxe gravidade de traxedia esquileana, a por Nietzsche escolleita. Figura o contrapunto das "Bacartes" de Eurípides, e os seus coros despeitados de signo contrario.

Temos sinalado a devoción goyesca de Baudelaire. Nos "Faros" surprende un pouco na teoría dos grandes pintores exorcizados a presencia de Puget. Foi Puget o escultor e decorador dos grandes castelos de popa dos navíos, lembrando os ptolemaicos, do

XVII e o XVIII que tan ben compoñen nas estampas barrocas de Nápoles, de Venecia. Baudelaire invócao nun verso, moi seu, que fai pensar en Balzac i o seu héroe Vautrin.

.....

Puget melancolique empereur des forçats

O poeta sintíu por Delacroix ademiración e amizade exemplares. O poeta, moito máis novo, agradecía a confianza do grande e apaixoado pintor, dono, tirano e gostador da vida. "Fermoso e cruel como un tigre" di de Delacroix un pintor maino, meditativo Doilon Redon. O estudo que lle adicóu Baudelaire foulea de entusiasmo, de brillantes comentares apenas encetados. "Delacroix era unha intresante mistura de escepticismo, curtesía, dandismo, forte vontade, cuquería, despotismo e de particular bondade e tenrura moderada, sempre compañeira do xenio". Sinala as tendencias rusonianas, volterianas e bonapartistas do seu esprito. "Escéptico e aristócrata soio coñecía a paixón e fantástica pola obrigada frecuentación do ensono". As tres ou catro páxinas seguintes son do mellor cerne caraiterolóxico do século. Precisaríase copialas enteiras. Pódense acaroar cas máis senlleiras de Stendhal. No zodíaco "azul" de Baudelaire "Elevation" papés determiñados polo "Albatros" na limpa fuga cara o éter:

"Hereux celui qui peut d'une aise vigoureuse"

.....

Na grave esquemática de claves de "Correspondences" soa un verso evocador de Weber,

"Doux comme les hautbois..."

"Chatiments de l'orgueil" —¿a orgulleza teolóxica das ilustres Sorbonas?— e sobre todo no "L'Ideal" e "Hymne a la Beaute" o poeta esquenceuno ou gandindo farpas ergue espellismos de dogmáticas columnatas con esforzo prometeico. Evoca os case míticos atletas do ideal, Esquilo, Buonarroti e mira a Icaro chimpado. Canta, apesares de todo, unha espranza no "Hymno". A espranza.

"D'un infinie que j'aime..."

Os estudantes da Coimbra evocada con técnicas peneiradas por un XIX posterior, no "Epistolario de Fradique Mendes", de Eça de Queiroz, decramaban na noite con voces sepulcraes, espaventando os veciños, a "Charrogne". Un dos máis soados e perfeitos poemas de Beaudelaire. E contra o aparente trunfo da podremia un canto de espranza, de inmortalidade nasce dialogando ca alma... Verquido a prosa medieval dos craustros, trocado ben pouco o estilo das metáforas, pode figurar entre os sermós do San Pietro Damiani, do mesmo San Bernardo...

O azul. Impasibre, sereo, atraente. Ben logo o albatros descende. Prefire o home, os pecados. Soio quezáis a conciencia de se lle ter franqueado unha nova Atlántida no arte e a fame dun infindo cansancio, ben humán, son pró poeta motivos de orgulleza locente no seu ollar.

O azul. Acode o verso de Mallarmé canso do imperativo categórico do azul:

"De l'eternel azul la sereine ironie
Accable, belle indolemment comme les fleurs
.....

A Mallarmé ós 19 anos descobríronselle as "Froles do Mal". Unha revelación, case unha crisis. "L'hiber quand ma torpeur me lasse je me plonge avec delices dans les chérs pages des *Fleurs du Mal*. Mon Baudelaire a peine ouvert, je suis attiré dans un paysage surprenant qui vit au regarde avec l'intensité de ceux que crée ee profund opium".

— V —

"DE COMA BERENICE"

A cabeleira da muller foi tolear a Baudelaire. A sua noite espallada ou o seu ouro en avencelladas trenzas rixas, o seu foulear e arrecendos, o seu deitar perguiceiro ou esconsolado. Outros poetas do tempo rendíronse ó mesmo feitizo. Voltemos as páxinas —no fondo ben inocentes, case bucólicas— de Gerardo de Nerval sobre a dona da cabeleira de "merinos", unha fantasía española preludio singular de Zuloaga.

Nas "Fleurs du Mal" a beleza da cabeleira evoca, sempre na lembranza, o mar, o porto, o trópico, quentes e priguizosos bens arelados nunha mesturanza de paraíso e voluptuosidade, do pecado envolto pola lus e a coor en semellanzas de inocencia, lonxe das Estixias, os lixados veludos e as tristeiras mitoloxías dos Hoteles "garnies" e a febrecente nerviosidade angulosa. Son as trenzas "fôret aromatique", mar de ébano ,escuro oceano, "pavillon" de estesas tebras, oasis.

..... Et la gourde
Oú je hume a longes traits le vin du souvenir"

En "Le serpent qui danse" o esprito do poeta está pronto a sair pra lonxaos ceos,

"Sur ta chevelure profonde
Aux âcres parfums"

No leito da aborrecida xudía, conciencia operando no vicio vivo como un escalpelo, o poeta remembra a muller cuios cabelos lle te-

cen un casco perfumado. Da dona do poema en catro tempos "Un fantôme" celebra como

"De ses cheveux elastiques e lourds
.....
Un senteur montait, sauvage et fauve".

Como si nos pesadelos e nos enxoitos areals do fastío, lume nos ollos, maxinara o poeta máis un esquecemento do que unha libeción no

"..... toison moutonnat jusque sur l'encolure"

As imaxes e presencias bulen ás mancheas. A cabeleira é esencial regalía na visión das belezas ourentaes. A fermosa pesadume da cabeleira "enorme, presque bleue", fai deitar pra tras a fina testa da linda Dorotea dos "Poemas en prosa". Baudelaire, como un erótico antigo ou amabre pragmatista do amor no XVIII compón en poemas como "La Chevelure" e "Le Lèthe" teorías da sensoalidade perfeitas sen o fío e as puntas do íntemo desespero insomne. Niste senso no primeiro dos dous poemas a cabeleira da muller, parés de unha determinada e instintiva, chega a símbolo do cálido mar navegando por estranas e máxicas culturas, soio refuxio, espranza de absoluta totalidade, pro amor sensoal do poeta ca abolición do tempo. Nista servidume traballa como un servo versos fermosísimos cuio metal soa a cachoeiras de xemas, prodixios de coor e de ofrendas votivas. Case os oubeos do lobo familiar se apagan moi lonxe.

O amor, a adoración dos cabelos da muller, o seu terrible e engaiolante poder, vellos a chamada dos sexos e a melancolía, ruben nos "antigos" ó Olimpo e á hialina esfera. Os cabelos de Juno embalsaman os pazos dos deuses. Son belamente crinadas as musas. A cabeleira de Ariadna deixada na rocosa Naxos esperta o amor de Baco. Catulo —o vate de tantas semellanzas con Baudelaire— millorou o sonado poema do alexandrino Callimaco sobre a cabeleira da raíña Berenice subrimada ás costelacións. Do "De coma Berenice" escribe La Harpe: "Soio quen poida espricarse o engado do enxergar, do sorrir, do camiñar de unha xentil dona, chegará a definire o feitizo distes versos de Catulo citados con ademiración por Racine".

As virxes cristiás tallando os seus cabelos e as donas romanas mercando cabeleiras loiras ou esprendor da chama das xermanas, entranan dous sensos contrapostos. Como, paralelamente, a tonsura clerical e as longas cabeleiras reales suevas, godas, merovingias, carolingias. Baudelaire sinte, moi lonxe do pensar dos clásicos, sobre a xuntanza de psique e soma comprida polos cabelos. Decora algús graves pasaxes da Eneida. Non é en Baudelaire valeira nin adxetiva ningunha metáfora. Son orlamentos e intres de unha liturxia sensoal. Escuras lonxanías e primores modernos as inspiran. Na cabeleira da muller a tebra e seguranza da cova chaman.

E o bosque, a selva sagrada como a que deica o remate do Paganismo envolvía os santuarios das Afroditas, das Astartés. Coores de viños, recendos da coidada e requintada mesa do gourmet xunto cas xemas afondidas nos paludes crepusculares da serán e empardecer das letras latinas fortecen nista dedicación ó erudito e ó dandy. O psicoanálisis afina con outro método cousas e procesos ben sabidos. Ten nos problemas finísimos da psicoloxía da creación artística perigos non desemellantes ós atribuídos polos economistas ós monocultivos.

Hoxe mesmo o trunfo das cabeleiras salvaxes en entramos sexos siñifica a saudade dun fondo vivir instintivo como salvación teóricamente proposta. Incitan sombras de bosque, chaman por o sumimento na natureza as melenas da rapazada de hoxe. Outro senso ten a cabeleira como peiteada polo vento dos lonxes nos románticos.

E as Illas feiticeiras, os corbes de froles, cinguidas de corales, inzadas no ar, nas falas, nas vellas razas de liturxias e maxias voltas instintos de podente e sotil sensoalidade, imaxe falseira do Paraíso por esquencida da pureza anxélica. Soio algús románticos ensoaron nas literaturas do sul de Europa unhas poucas metáforas do Paraíso. No norde, nos fogares do Idealismo, aceso en sistemas como constelación, gracias a tres ou máis séculos de fondos e graves estudos, houbo algún achegamento ó verdadeiro e trascendente senso do Paraíso... Abonda citar un nome: Kierkegaard.

Saint-Pierre, Chateaubriand, procuraron no Oicidente, nas Floridas e as Luisianas a histórica proba e realidade do home de Rousseau, i a sua inocencia. Como pra chegar á Redención camiñando "a rebours" o inorme erro i esprencia da historia. Os guiaba nos vieiros da serán a saudade latexante de infindos da poesía —nas horas, nas falas, nos ensoares— dos celtas

Pro Baudelaire, ouxetivo, raciniano, de ser un pouco menos albatros bon alumno de Condillac, viaxa a un Ourente moito máis perto da fonte dos mitos e das auroras que fixeron a ledicia de Gautier, do mesmo Hugo. Era por demáis agudo e esdenoso parisién Baudelaire pra se contentare co "Drivan" goethiano, as "chinoiseries", os exotismos á moda postromántica, e a pequena Iliada a contrapelo de regolar ca mensura dórica e a operación dos demiurgos as máxicas esferas de eslumeantes e fadales das Silvas dos mitos e as vias heroicas do ascesis. Elo foi grandeza e amingoamento pra Leconte de L'Isle. O viaxe de Baudelaire, xoven e xa mestre sotil do Spleen, fai pensar nos de Rimbaud. De ser deter Rimbaud a filosofar quezáis houber pensado ser o seu vivir unha faiscante xustificación da "razón vidal". Mais o poeta das "Froles do Mal", lonxe do neboento e céltigo, procuróu a illa dos primitivos latexos, non as cosmogonías nin as técnicas descontra as metempsicosis. No poeta todo leva á seguridade provisioal da intelixencia. Pois ela presupón orgullo e esdén. E as illas Mauricio e Borbón como outras coñecidas ou sospeitadas eran duas cabeleiras sensoales. E en todo o

seu Ourente soio se descobre unha inefable inocencia da sensoalidade. A non posible na Europa. Botémoslle a culpa —botaríalla quezáis Baudelaire— ó cartesianismo, ó dezaoito, á Revolución... O poeta, despois do Apocalipsis das zonas escuras da conciencia, donando ó psicoanálisis tesouros infindos, ouros máis que dos Eldorados e as minas de Salomón, selados, crarificados, autorizados polo selo e timbre do xenio e da delor, quixo voltar sempre á torre vixiante do pensamento. A sua obra e sacrificio testimoñan a forteza do seu esprito, do xenio exemprar da Europa esquencida e procurada.

Son moitos e os máis coñecidos e aplausados os poemas ourentaes de Baudelaire. Algús belidamente ouxetivos, os máis cheos de ilusión e lembranza, "A invitación ó viaxe", "A unha malabaresa" pesie a escrupos de beata editorial, e nos poemas en prosa, "A belida Dorotea". O tributo a Ourente —e no saco e equipaxe do sacrificante os tres poemas ledizosos, moles e rexos, consóo mitolóxico das noites e as soedás burguesas, adaitación agasalleira do luxo e a voluptuosidade ó vivir familiar, os poemas lediciosos adicados ós gatos— é en Baudelaire vocación no tremendo sacerdocio escolmado, en verdade tributo ó rivés, da sensoalidade instintiva e máxica, nas aras eróticas do Oicidente. Noutros roteiros o esprito baudelerián, especulativo e racionalista non houbera nin iniciado unha resposta á chamada do "non ser", pra outros folgo e consóo derradeiros.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

O u r e n s e

RAÍZ GALEGA DA OBRA DE VALLE-INCLÁN

I

Precisiós encol do tema

Seus límites

Niste lecer no que se conmemora o centenario do nacimento do egrexio escritor da Arousa, será ben desbotar do recordo da súa vida a simple anécdota, o seu ir e vir polos camiños do inxenio urbán, pois que o facelo adoita non pasar da periferia humán, e pode ofrecernos unha imaxe persoal deforme, como refrexada nun espello cóncavo, ise espello que, asegún o propio Valle-Inclán, dá o *esperpento*. Non sería xusto convertir ó gran don Ramón, nista perspectiva vital súa, en *esperpento*. E non atinamos a comprender cómo poido decir Unamuno, deténdose na mera externidade humán do autor das *Sonatas* e levado, sen dúbida, das súas aficiós definitorias, que "su vida, más que sueño fue *farándula*"; cando o certo é que Valle-Inclán foi un gran soñador na súa vida e na súa obra, un gran soñador da súa Galicia nativa.

Arredémonos, pois, da súa vida, na medida e no grado en que un pode arredarse da eisistencia episódica dun creador de arte, pra entrar na intimidade da súa obra. Deixemos a copa, a fronda do árbore pra non "andármonos polas ramas", e baixemos ó *humus* da súa producción literaria, coa finalidade limitada de descobrir o que cecáis poidera considerarse "descobrimento dun mediterráneo", mais que algús poñen en dúbida e outros chegan a negar: a raiz galega da súa obra, a manifestación do *ser* galego no Valle-Inclán escritor.

Presencia de Galicia nas diversas etapas da producción valleinclanesca.

A obra de Valle-Inclán rexistra, como é notorio, tres etapas ás que corresponden outras tantas aititudes que habían siñalar sendas direiciós na súa creación literaria.

Unha primeira etapa formativa, en procura da orixinalidade nos temas e no estilo, marcada polo siño da interrogación perante a vida e polo anceio de perfeccioar a prosa. Pertescen a ela as publicaciós periodísticas recollidas por Willian L. Fitcher [1], todas elas

[1] William L. Fichter, *Publicaciones periodisticas de don Ramón del Valle-Inclán anteriores a 1895*. México, 1952.

anteriores a *Femeninas*. Intégrana varios artigos, algús contos e unha poesía, escritos no decorrer das súas estancias en Madrid (1891) i en México (1892 a 1893), ano iste último no que volve a España e vive en Pontevedra deica a publicación de *Femeninas*. O derradeiro conto que escrebe niste primeiro período da súa producción literaria —período que foi calificado como de Valle-Inclán *pre-escritor*— é o tiduado *Un cabecilla*, publicado no xornal *El Globo*, de Madrid, o 30 de setembro do 1893.

Na segunda disas etapas, encetada coa publicación de *Femeninas*, a obra de Valle-Inclán semella responder a unha visión ideal ou, millor, *idealizada* do mundo, e ofrécese coma dominada por unha preocupación *estética*, que se proiecta e recrea no fondo lírico e ás veces dramático das súas producciós, nas que afrora, coma nota prevalente, o sentimento. É a época das *Sonatas*, *Jardín Umbrío*, *Flor de Santidad*, *Aromas de Leyenda*, *Comedias Bárbaras*, *Divinas Palabras*.

Na terceira etapa da súa producción o escritor descende ó acontecer do entorno vital e, levado dunha intención *ética*, defróntase coas realidades negativas da vida, ás que combate coas armas da ironía e do humor. Froito dista aititude son *El ruedo ibérico* e os *esperpentos*.

Crarestá que isa división por períodos no censo literario de Valle-Inclán non pode ser tomada en termos absolutos, xa que niles poden solprenderse mútuas interferencias máis ou menos acusadas disas tres direcciós intencionaes que deixamos apuntadas. E así, por exempro, os contos *Un cabecilla* e *A media noche*, que durante o primeiro diles escribíu, incluíunos, anos despóis, en *Jardín Umbrío* 1903 e *Jardín novelesco* (1905); e si *Divinas palabras* pode ser comprendido no segundo, é xa coma un embrión dos *esperpentos*, comprendidos no terceiro. Por iso ten, ó meu xuicio, valencia pra situar nun plano creacional unitario a obra valleinclanesca, a frase que calificou a don Ramón de "Jano literario, uno de cuyos rostros mira a la *Sonata*, mientras el otro contempla el *Esperpento*" [2]

Mais o certo é que isas tres etapas innegabres —valedeiras como criterio de esculca— teñen de común a nota de que Galicia está en todas elas presente, ben na súa integridade ontolóxica ou xa nalgún dos seus elementos xenuinos.

Na primeira, dos seus comenzos literarios, esa presencia acúsase polo *servizo* que lle empresta o idioma. Nos trinta e sete traballos da colectánea de Fitcher, temos chegado a espigar até vintetrés voces galegas que Valle-Inclán subraia, detalle do que logo ha prescindir: *sona, serán, bouza, mantelo, creto, cedo, vaites, veiral, fiada, filloa, viño, etc.* E nisa mesma primeira etapa Galicia revélasenos tamén no *ambente* de misterio (o conto *A media noche*)

[2] ALFONSO REYES, no prólogo da ob. cit. de FICHTER.

que ha suscitar despóis o escritor ó longo da súa producción; no *esceario*, que é xeralmente Galicia (conto citado e *Cartas galicianas*); no *estilo*, caracterizado xa polas parellas de adxetivos e polo ritmo musical da prosa, e, por cabo, na *ironía*, que apunta nos traballos dise tempo.

Manifesta e corpórea no segundo dos enunciados períodos a persoalidade de Galicia —como imos ver—, non abandoa tampouco don Ramón no terceiro, dos *esperpentos*, seu *ser* galego, e pesia a súa xeral ausencia da temática, Galicia asoma tamén nil seu *ser* xenuino en dous riscos de nidia caracterización racial: a *incrustación* léisica na prosa i a *ironía* na espresión. En *La corte de los milagros* i en *Viva mi dueño*, emprega Valle-Inclán, non somentes xiros e construcciós propios do falar galego, senón que emprega, asemade, voces típicas do noso idioma. Na primeira das citadas obras rexístranse as seguintes: *babión, cachas, cachucha, carón, chimpar, fulvo, lilailo, longura, lostregar, martelear, planto, rayola, retrucar.* E na segunda, *babión, bufarda, fechar, galorchos, longura, lostregar, orneo, piperete, planto, rachar, retrucar, rosmero.*

De certo, Galicia está presente nisas tres etapas nas que pode considerarse dividida e integrada a obra do xenial escritor arousán. E pra abundar na proba dista tesis, botemos unha ollada ó estilo i á temática, pra defrontar logo ises dous elementos literarios cos datos característico da psicoloxía rexional.

II

O ESTILO

O fenómeno de asociación lingüística.

Aínda que non é doado disociar nunha obra literaria a forma do fondo, a linguaxe, como vehículo espresivo, do pensamento do autor —tan avencellados que o idioma ten sido calificado de "sangue da ialma"—, en Valle-Inclán debemos intentalo agora, porque a circunstancia de non ter usado senón contadas veces o idioma galego deu lecer a que se emitisen opiniós, que entendo descamiñadas, encol da raíz galega da súa prosa. Unha delas, esposta por Ramón Gómez de la Serna, pretende que Valle-Inclán "dió el paso definitivo para convertir el gallego en puro castellano" [3]. Ista opinión, que tomada no seu recto sentido intencional levaríanos a atribuir a Valle-Inclán o propósito de transfundir o idioma galego noutra língoa, se non pode ademitir coise alcance.

Valle-Inclán arrequentou coa súa pluma o castelán, inxeríndolle sustancia do galego, sin pretender que íste perdese a súa persoalidade propia e a súa segura vixencia. A prosa de don Ramón non repre-

[3] RAMÓN GÓMEZ DE LA SERNA, *Don Ramón María del Valle-Inclán*. Buenos Aires, "Espasa - Calpe Argentina", 1944.

senta un fenómeno de *absorción* dunha língoa por outra, senón de *conmixtión* de duas língoas de parella aboenza, pola que xa decorría sangue do mesmo tipo. Fenómeno de inieición dos valores espresivos i eufónicos do doce idioma de Galicia na austera espresividade da língoa de Castela. O resultado feliz consistíu en infundir ó castelán seiva nova, novos matices, sen perder ningún de amos idiomas a súa enxebreza. Pra comprendelo así abonda con acollerse a xuicios de autoridade, non sospeitosos de galeguismo, e ás declaracións do mesmo Valle-Inclán, e auscultar logo con brevedade a estructura da súa lingoaxe nos *galaicismos* e no *ritmo* da prosa.

Unamuno espón o seu xuicio encol dise aspecto, do xeito seguinte: "Valle - Inclán se hizo su habla —hablada y escrita— con las hablas que recogió en su carrera de farándula. Empezando, ¡claro está!, con el castellano galaico, propiamente gallego, de su niñez y de su mocedad. ¡Qué alma galaica··· la de su habla hispánica".

Pola súa parte Juan Ramón Jiménez definíu así o idioma literario do escritor arousán: "...lengua de concisa, apretada sintaxis sintética, que fuese quizá como la que se hubiera formado natural y artificialmente en Galicia, sede eterna, piedra tremenda de Santiago, si hubiese estado en Galicia la presidencia de las Españas".

Mais vexamos agora o que confesa o propio don Ramón respeito do seu estilo léisico:

"Yo que vengo de Galicia, región de campo dulce y bello, he pretendido darle al castellano el sentido labriego que no tiene, porque el campo de Castilla no es amable" [4]. Veleiquí confirmado con forza de autenticidade o noso aserto de que a posición intencional do esgrevio escritor no tocante á función inmediata da língoaxe por íl empregada, foi a de inieitar no castelán os valores espresivos i eufónicos do galego.

Niste punto vai aínda máis adiante. Na obra *La lámpara maravillosa* atópase iste pasaxe, que encerra unha declaración da autonomía do idioma galego: "Tres romances son en las Españas: catalán de navegantes, galaico de labradores, castellano de sojuzgadores".

Non se propuxo, pois, Valle-Inclán "convertir el gallego en puro castellano". O que acontece é que il buscaba a asociación do galego popular e tradicioal co castelán arcaico, anterior ós Reises Católicos, que, como atinadamente ouserva o profesor Rubia Barcia, era o que "tenía para él, como para otros escritores coetáneos de la periferia española, interés y hasta fascinación" [5]. E sendo elo así, resultaba doada e oportuna a maridaxe de dúas língoas irmás, que

[4] Isa declaración foi feita por don Ramón nun discurso pronunciado o ano 1932, cit. por FRANCISCO MADRID en *La vida altiva de Valle-Inclán*. Buenos Aires, 1943, páx. 103.

[5] Prof. JOSÉ RUBIA BARCIA, *Valle-Inclán y la literatura gallega*. "Hispanic Institute Columbia University", 1955, páx. 21.

se atopaban en parello e natural estado evolutivo. Pero endexamáis poido pensar en convertir o galego no castelán do seu tempo quen, coma don Ramón, dixo no seu citado libro *La lámpara maravillosa*: "El castellano quiso ser el nuevo latín, y hubo cuatro siglos hasta hoy de literatura jactanciosa y vana" [6]. Cecáis o exempro máis espresivo dista preferencia de don Ramón polo castelán arcaico sexa a traxedia pastoril *Voces de gesta*, de ambente medieval.

Non podía, en fin, proporse facer a outra o sagrifizo da língoa propia un escritor que, como Valle-Inclán, confesou avencellada a súa intimidade anímica á fala galega nista declaración poética:

> ¡Oh tierra de la fabla antigua, hija de Roma,
> que tiene campesinos arrullos de paloma!
> El lago de mi alma yo lo siento ondular
> como la seda verde de un naciente linar,
> cuando tú pasas, vieja alma de mi lugar,
> en la música de algún viejo cantar.

Defrontemos xa o análisis, necesariamente breve, da estructura léisica da prosa, pra descobrir a súa esencial raíz galega.

Galaicismos léisicos.

A prosa de Valle-Inclán está tecida de voces galegas que si nas narracións e pláticas rurales —as máis frecuentadas na súa obra— poñen un selo de autenticidade, infunden ás producción non atinentes a Galicia unha singular gracia espresiva.

Nunhas e noutras abundan os galicismos léisicos. Iste fenómeno, que deixamos calificado de común ós tres períodos da producción literaria valleinclanesca, foi estudado polo profesor Amor y Vázquez nunha interesante monografía [7] na que inserta un glosario de até 254 voces galegas esparexidas, e ás veces reiteradas nas obras de don Ramón. Nela ocúpase da función dises vocabros, e nunha precisa sistematización da práctica do galaicismo siñala as súas consecuencias estilísticas e as circunstancias nas que están empregados asegún o tema ou á marxe da temática.

Mais a ise repertorio de vocablos autóctonos cabe engadir o emprego de topónimos (*Lantañón, Sanmartiño de Freires, Viana del Prior, La Limia, Salnés, Rivero de Avia, Lugo, La Ramallosa*, etc.) unhos reaes i outros inventados con asimilación eufónica ó galego; e de onomásticos (*Tobío, Fonseca, Abuín, Bealo, Xogas, Fuso Negro, Farruquiño, Bolaño, Aguiar*, etc.)

Sendo indudable que isas incrustacións léisicas obedeceron á súa decrarada intención de arrequentar a prosa castelán coa dozura i a musicalidade da língoa galega patentes no galaicismo morfolóxico

---

[6] Pasaxe recordado polo Prof. José Rubia Barcia, na ob. cit., páx. 22.

[7] Prof. José Amor y Vázquez, *Los galaicismos en la estética valleinclanesca*. "Hispanic Institute", New York, 1958.

dos diminutivos —*paisiño, padriño, madriña, bieitiño, saludiña, reisiño, baldadiño, Sabeliña, Rosiña*—, ise propósito acúsase tamén en certos galaicismos sintácticos, como o emprego do imperfecto de subxuntivo en *ra*, en troque do pluscumperfecto de indicativo ou do perfecto do mesmo modo "muy común entre asturianos y gallegos" Abonde citar, en refrendo dise uso, as seguintes frases: "Nunca el corazón me *latiera* con más violencia" (*La niña Chole*, en FEMENINAS). "Su familia se *arruinara* después de una revolución" (*La condesa de Cela*, no mesmo libro); frases que posteriormente rectificou no senso de poñer cada un dises verbos no modo indicativo que lles conviña.

Mais onde o devandito propósito adequire a súa prenitude é no ritmo da prosa.

A prosa rítmica

O primeiro indicio da preocupación pola musicalidade do estilo, témolo no feito de que na súa tendencia deica á adxetivación plural, emprega a cotío parellas de adxetivos aconsonantados, que moitas veces completan o ritmo endecasílabo da frase:

"...un vasto mar verdoso y temeroso" (in *Romance de lobos*, xornada primeira, escea quinta).

"Rodante y fragante montaña de heno..." (in *Divinas palabras*, xornada terceira, escea cuarta).

As citas poderían prodigarse. Mais onde a musicalidade i a cadencia da prosa de Valle-Inclán maniféstase prenamente é no uso do ritmo endecasílabo. Ehí é onde a pluma do gran escritor revela e traduce "la ondulación del lago de su alma", que soergue nil a língoa galega, a "fabla antigua hija de Roma", como, asegún dixemos, íl mesmo confesou. Ehí é onde se comproba o acerto da ouservación crítica de Unamuno: "Lo galaico va en el ritmo, en la marcha *ondulatoria* (sinificativa coincidenza de espresión antre o escritor i o crítico), y, a las veces, como oceánica de su prosa".

Abundan os exempros que dista disposición cadencial da prosa valleinclanesca poderían poñerse. Iste aspecto foi estudado nun ensaio xeral sobor de estilística literaria española por Eduardo Martínez Torner [8], e polo profesor Varela Iglesias na súa *Melodía galaica a través de la prosa rítmica de Valle-Inclán*, tíduo ben espresivo pra apoiar a nosa tesis.

Pola nosa parte, ó longo das lecturas da obra do egrexio escritor, fumos anotando numerosos pasaxes de matizaciós poéticas da súa prosa nos que predomina o ritmo endecasílabo, que ás veces leva a acentuación precisa do chamado *de gaita gallega*, na cuarta e na décima sílaba. Vexamos algús:

[8] EDUARDO MARTÍNEZ TORNER, *Ensayos sobre estilística literaria española*. Oxford, 1953. Ref. do Prof. JOSÉ AMOR Y VÁZQUEZ in ob. cit., páx. 8. Amor califica iste libro de "interesante dentro de la vulnerabilidad de sus generalizaciones".

En *Sonata de estío,* ó narrar o desembarco en Veracruz:

"Por aquella playa de dorada arena/ subimos a la par, la Niña Chole/ entre un cortejo de criados indios,/ yo precedido de mi esclavo negro"

No comenzo de *Sonata de otoño*:

"Aquella carta de la pobre Concha/ se me extravió hace mucho tiempo./ Era llena de afán y de tristeza/ y de un antiguo amor."

Na acotación final de *Ligazón*:

"Un bulto jaque, de manta y retaco,/ cruza el campillo y pulsa en la puerta./ Rechina el cerrojo. Se entorna la hoja,/ y el bulto se cuela furtivo por el hueco."

En *Romance de Lobos,* platicando con *Andreiña, El Ciego de fondar* dille á vella criada:

"Hermana Rebola, sopla en el lar./ Nos, tras de la puerta, hemos de amasar,/ meter y sacar y dar de barriga./ No riades, rapaces, que no hay picardía."

Pois ben; si temos en conta que iste mesmo ritmo endecasílabo tivo acollida reiterada no cancioeiro popular, nas coplas chamadas *de muiñeira* ("*Enamoreime da túa crenchiña - como do teu polidiño andar - Enguedelleime i enguedelleime - e non me puden desenguedellar*"); si, por conseguinte, reparamos en que o pobo galego adoptou i emprega ise mesmo patrón musical poético, atopámonos en presencia dun ingredente estilístico máis, que engadido ó parentesco léisico, confirma as raices galegas da obra de Valle-Inclán.

Pero isas raices son aínda máis fondas, si cabe, na temática.

III

A TEMÁTICA

Presencia da terra.

A terra galega está presente, a traveso da súa espresión fisonómica —a paisaxe—, en toda a produción literaria valleinclanesca relacionada con Galicia, que é mesta e abondosa. Os persoaxes das súas narracións e do seu teatro, pertencen a un mundo rural desgarrado e por veces pintoresco de maorazgos, segundós, cregos, criados, labregos, esmoleiros, moinantes.

A paisaxe i o home acentúan na obra de Valle-Inclán o ambente galego. Si un sentimento de esguello romántico asoma en *Yermo de las almas, La marquesa Rosalinda* i *El marqués de Bradomin;* si un alento dramático latexa en *Comedias bárbaras* i en *Divinas palabras,* e si a ironía i o humor campan nos *esperpentos,* en todas isas obras manifféstase ou apunta o xenio de Galicia, domi-

nado por as tres constantes do sentimento, a ironía i o humor, ás que poden sumarse o misterio i a superstición que é, ó cabo, un presentimento.

O esceario paisaxístico ofrece ricaces fondos nos que se retrata a terra i o mar.

Descrebe Valle-Inclán a feira da Octava de Corpus en *Viana del Prior* (nome que supónse dá a *Puebla del Deán*) nun apretado e coorido lenzo que podería tamén servir de exempro do ritmo musical da súa prosa (en *Cara de Plata,* acotación da xornada segunda, escea primeira).

Evoca en *Aromas de leyenda* a terra vencellada a seu recordo e presente no seu espírito. No amplo tecido do verso alexandrino está a imaxe de Galicia con toda a riqueza da súa paisaxe e coa súa pobreza irredenta:

> ¡Oh, lejanas memorias de la Tierra lejana
> olorosas a yerbas frescas por la mañana!
> .....
> ¡Oh, los hondos caminos con cruces y consejas,
> por donde atardecido van trenqueando las viejas
> .....
> ¡Oh, tierra, pobre abuela olvidada y mendiga,
> bésame con tu alma ingenua de cantiga!

O mar, buligrante e dramático ou relanzado e lírico, ecoa tamén nas páxinas valleinclanescas. Xa descrebe a fera tempestade, orquestada polo mar bruante e mouro batindo contra da praia (*Romance de lobos,* acotación á escea terceira, *xornada primeira*); ou xa nos ofrece unha imaxe sorridente da maridanza do mar coas terras costeiras do Salnés ("*¡Azules espejos - del sol a lo lejos - ribera del mar! - ¡Vuelos de gaviotas! - ¡Cantos de derrotas! - ¡Brazos a remar!*"). Por eso non participamos enteiramente da aserción de Rubía Barcia de que "ni una sola vez menciona en su obra a la Ría de Arosa *ni a ninguna otra ría gallega*" [9]; aínda que é certo que, como di o mesmo autor, abundando na opinión de Filgueira Valverde, "es la mítica montaña su escenario preferido".

A cantiga

A terra obedeceu á anceiante invocación de Valle - Inclán —"*¡bésame con tu alma ingenua de cantiga*!"—, porque a canción popular, festiva unhas veces, lírica outras e sempre espontánea efusión do corazón das xentes, aloumiñou, con efeito, a súa ialma, si se atende a que adoita asomar á súa obra, bezando a súa inspiración. Cunden nela os exempros.

En *Aguila de blasón* a muiñeira Liberata la Blanca, sentada á sombra da parreira bate nunha cunca a nata do leite, "y en la rosa

[9] José Rubia Barcia, ob. cit., páx. 7.

de sus labios" pon don Ramón a rosa dista copla, de longo arrecendo popular:

¡Vexo Cangas, vexo Vigo,
tamén vexo Redondela!...
¡Vexo a Ponte de San Payo
camiño da miña terra!

Na mesma obra, o criado que chaman por bulras don Galán, que "es viejo y feo, embustero y miedoso, sabe muchas historias que cuenta con malicia, y en la casa de su amo hace también oficios de bufón", divirte coas súas abelencias a don Juan Manuel Montenegro, que xaz convalecente no leito; e hai no palique de entramos iste pasaxe:

"*El Caballero*

Cuéntame en tanto alguna mentira, don Galán.

Don Galán

Por el mar andan las liebres, por el monte las anguilas."

Nista resposta do bufón, Valle-Inclán non fai senón recoller e prosificar a copla popular:

Heiche contar un conto,
un conto de mil mentiras:
polo mar andan as lebres
e polo monte as anguías.

En *Romance de Lobos*, Paula la Reina anaina ó neno con ista canción:

¡Eh, meniño, eh!...
Pra Santo Tomé...
¿Teu pai quén foi?
¿Túa nai quén é?
¡Eh, meniño, eh!

Mais onde o cantar acada logar sobresainte na obra valleinclanesca é nos versos cos que finan os poemas "claves líricas" que integran o libro *Aromas de leyenda*. Dos colofóns poéticos que pechan once disas composicións, catro diles son cancións populares, dous dos cuaes —"Como chove miudiño..." e "Non che teño medo, moucho..."— tiñan sido glosadas por Rosalía nos seus *Cantares gallegos*. Inanque Rosalía fai unha verdadeira paráfrasis do cantar popular e Valle-Inclán utilízao, inversamente, coma corolario lírico, iste punto de coincidencia entramos escritores —amén doutros, froito da demorada esculca crítica feita por un cioso investigador [10]— é valedeiro pra descobrir o erro dalgún crítico que, anceioso sen dúbida de atraguer a obra de don Ramón á orbita dun centralismo li-

[10] Prof. JOSÉ RUBIA BARCIA, ob. cit.

terario, afirma que "Valle-Inclán no concede importancia a Rosalía de Castro" [11]. Atina, en troques, outro ó soster que "la obra poética de Rosalía, le dejaría a Valle-Inclán, en términos generales, la tendencia a la glosa de las canciones populares" [12].

Como temos visto, non é somente a glosa en *Aromas de leyenda,* mais tamén a inserción de cantares do pobo nas súas obras, o que amosa o interés de Valle-Inclán pola cantiga, e proba que *na canteira popular foi a alumealas.* ¿Cabe, perante istes feitos, soster que eisiste identidade téinica i estética entre os "versillos" que cerran os poemas que compoñen *Aromas de Leyenda* i as *jarchas* mozárabes até o punto de poder calificar de *"jarchas* gallegas", como fai un erudito investigador [13], os devanditos poemas de Valle-Inclán? ¿Non será máis acomodado á intención creacional do escritor pensar que ó compoñelos sigueu, máis ou menos rigurosamente, a téinica de glosa das cancións populares empregadas por Rosalía, ainda coa diferencia de posposición ou anteposición das coplas, que deixamos siñalada?

Veleiquí dous datos que poden conducirnos á concrusión de prevalencia da tesis de enxebreza, da orixe galega do estilo dises "versillos":

1.º Que Valle - Inclán veu coincidir nise aspecto con outro gran escritor galego, Benito Vicetto, que intercalou nalgunha das súas novelas cancións populares galegas. E o parentesco literario antre un e outro escritor foi descuberto e razoado polo profesor Rubia Barcia.

2.º Que xa o propio Valle-Inclán, nun artigo tiduado *Cantares,* publicado en *El Universal,* de México, o día 3 do mes de San Xohán do ano 1892, tiña sostido, amostrando a súa afeición á canción popular e facendo arrancar o seu nacimento dunha raiz céltica:

"No es el romance, como se cree comunmente, el modo popular y genuino de la poesía española, sino el cantar, la copla de cuatro versos, y en algunas regiones, donde todavía se conserva muy viva la tradición céltica, como Portugal y Galicia, la copla de tres".

Quede eiquí a cuestión, entregada na súa recta solución a criterios de autoridade, nos que non podemos incruirnos, i enténdase que si a temos apuntado é somente en canto garda relación co galeguismo da obra de Valle-Inclán.

O protagonismo da fauna

Na paisaxe, como elemento estático, fúndese o elemento dinámico da fauna, de particular relevo no *ser* e no *eisistir* de Galicia. Unha e outra costituien, en puridade, a terra.

---

[11] MELCHOR FERNÁNDEZ ALMAGRO, *Vida y literatura de Valle-Inclán.* Ref. de RUBIA BARCIA in ob. cit., páx. 6.

[12] RUBIA BARCIA, ibid., páxs. 19-20.

[13] Prof. RICARDO CARBALLO CALERO, *Algunos testimonios gallegos sobre el galleguismo de Valle-Inclán.* Separata de "Cuadernos de Estudios gallegos", t. XXI, fasc. 65, año 1966; páxs. 304-305.

O home do campo galego, esceario grato á pluma de don Ramón, ve nos animales unha tenza do seu propio mundo. Son pra íl non só ingredente da paisaxe que anuncia os sucesivos intres do decorrer do día e das estaciós do ano, senón tamén factor de convivenza e até de íntima familiaridade.

Nas diversas manifestaciós do arte galego ten ecoado adoito isa relación vidal: na escultura, na pintura, na literatura.

Tanto a poesía erudita como a popular refrexan ise trance de íntima comunicación que apresenta ó home en conversa cos animales. Compróbase xa nas cantigas dos trovadores:

Airas Nunes

Ai, estornino do avelanedo,
cantades vós, e moiro eu, e peno.
De amores hei mal!

Pero Meogo

Ai, cervas do monte, vin vos preguntar.
Foise meu amigo, se alá tardar,
¿qué farei, belidas?

Segue refrexándose no cancioeiro popular en numerosas coplas das que pode ser exempro a seguinte:

Paxaro que vas voando
e levas fío no pico:
tráimo, que quero coser
meu corazón malferido.

E acada termos de verdadeira personificación na poesía erudita, como cando Rosalía pon en boca do amante:

Son canciño de cego en quererte
.....

ou cando Curros escrama, nun risco de amargurada homildade:

¿E qué son eu? Un poeta
ou, como quen di, un paxaro
a quen tallaron o bico
cando empezaba o seu canto.

Iste fenómeno que ten pra nós nidia raigame galega i en cuio cabal desenrolo non entramos por non vir ó caso, non podía ser desconecido por Valle-Inclán, inanque solprenda que, polo menos que eu seipa, non teña sido ouxeto de inquérito na sua obra [14]. Porque, sen dúbida pra arrequentar a súa autenticidade ambiental, o

[14] Conecemos soio unha alusión ós gatos na obra de Valle-Inclán: Rubia Barcia, ob. cit., páx. 27.

escritor adoita facer intervir nela, con relevo sinificativo, ós animales. Pasan por ela, en desenvolta fileira, o can, o gato, a pomba, o lobo, o cabalo, o reiseñor, a abella, a cotovía, o corvo... Toda a fauna xenuina de Galicia. E a súa presencia non é simplesmente episódica, senón que protagonizan a escea ou o relato. Abonde fixarse en que os leva ó tíduo de algunhas obras (*Romance de lobos, Aguila de blasón*), e que no ingreso dalgunha das súas pezas teatraes inxíreo na relación de persoaxes, como fai en *Divinas palabras*: "Coimbra, perro sabio - Colorín, pájaro adivino - Un sapo anónimo que canta en la noche".

O protagonismo dos animales patentízase cunha sinxela lectura da obra valleinclanesca. Poderíamos redobrar os exempros, mais o tema é punto menos que inesgotabre i o espazo chéganos apenas pra unha esposición programática. Limitémonos, pois, a traguer eiquí, por vía de mostra, a catro sinificados protagonistas: a ovella, o can, o paxaro i o sapo.

A ovella é a protagonista de *Tragedia de ensueño,* na que fai o papel de naiciña criadora do derradeiro netiño dunha probe vella. Sentada na soleira da casa a aboa anaina ó neno que se vai murchando como unha frol, namentras agarda a volta da ovella familiar, perdida no monte. Volve, ó cabo, coa lá peiteada polos toxos e silvas e coas ubres cheas de ben. E cando a vella estende as mans sobor do berce pra erguer ó neno, atópase con que o tolleu a friaxe da morte. A traxedia remata nista escea, sublimada pola mágoa da aboa: "Con los brazos extendidos, entra en la casa desierta seguida de la oveja. Bajo el techo resuenan sus gritos. Y el viento anda a batir las puertas".

Non pode dubidarse que o esceario e o ambente en que se desenvolve a narración, os persoaxes que a animan —incruso, crarestá, a ovella maternal— e as súas acciós, amosan un fondo de realidade galega, non embargante os teña elevado o autor ó prano ideal do ensoño, o que, doutra parte, tampouco deixa de ser nota confirmatoria —como máis adiante sosteremos— da galeguidade esencial disa obra, galeguidade que niste caso non escaiece sustancialmente polo feito de non haberse empregado nela o idioma galego.

O can exerce na obra de Valle-Inclán un doble papel, dramático e humorístico.

En *Aguila de blasón* os galgos consolan á moza en desgracia, Sabelita, a barragá de don Juan Manuel, que fuxida da casa fidalga perante a presencia de doña María, a esposa do cabaleiro, cóllese ó oficio de pastora; e cando, "sentada a la sombra de unas piedras célticas, doradas por líquenes milenarios", gardando unha vaca debulla a súa mágoa, "por entre unas breñas aparecen dos perros: son los galgos que en el zaguán de la casa infanzona suelen verse atados de una cadena. Sabelita palidece al reconocerlos, y otea hacia el camino con ojos asustados, mientras los perros, retozones y saltantes, acuden con ladridos de júbilo á lamerle las manos".

Da escea reverque a teurura, latexante no fidel agarimo dos cas.

Mais o papel trócase cando en *Divinas palabras* é a cadela *Coimbra* a compaña do moinante Lucero. Eiquí o can, con axóuxeres na punta das orellas e maneio de patas e rabo, exercita seus dons proféticos baixo das ordes do farandul, pra decirlle a Pedro Gailo, o sancristán, erguendo a pata dereita, que está chamado a ser da "Cofradía dos Coronados". Eiquí é o can o protagonista da picardía.

Os paxaros entoan seu canto lírico en *Página de misal*:

¡Ruiseñor! ¡Alondra!... Pájaro riente...

En *El Marqués de Bradomin* os merlos andan a escoitar, sumisos, as leicións que lles adeprende o paxe Florisel, xentil escolante, pra venderllos despóis á señora, que os quere pra botalos a voar e que canten a riveirana acobexados nas frondas do xardín.

Deica agora os paxaros pousan na corda lírica. Mais ben logo se abaixan á ponla do humor. Colorín, o paxaro adiviño, súbdito do garanduxo Compadre Mian, "caperuza verde, bragas amarillas", acólito da relixión dos agoiros, adeministra a sorte de Mari-Gaila, muller de Pedro Gailo —xa agoirado pola cadela Coimbra—, saíndo á porta da gaiola co billete da sorte no bico i entregándollo ó moinante, "que hace la lectura en una rueda de rostros atentos".

O sapo figura, como deixamos dito, antre os persoaxes de *Divinas palabras*: "Un sapo anónimo que canta en la noche". Mais non somentes canta, sinón que, asemade, fala. Nesa "tragicomedia de aldea", cando Laureano, o idiota, despóis de catar o augardente que lle propina Marica la Reina, abaneando a enorme cachola sobor do cabezal de palla do carretón, dá seu berro de "¡Hou! ¡Hou!", respóndelle o sapo: "¡Cro! ¡Cro!" (xornada primeira, escea quinta).

Sírvese así Valle-Inclán do grotesco batracio pra instrumentar, nun lance de humorismo sarcástico, o ecoar da desgraza, do mesmo xeito que Curros valeuse dil no seu *Nouturnio* pra dramatizar a pobreza filla da inxusticia, e Castelao pra ironizar o pracer da venganza na estampa en que, defrontados o preiteante i o sapo, ó decrarar o primeiro: "Planteille pleito a un veciño pola custión dun regueiro. Perder perdín o que tiña; pero amolar amoleino", respóndelle o segundo co seu rosmeiro falar: "Cro, cro".

Cecáis non quepa, diante da manifesta identidade das tres recordadas esceas e dos seus *persoaxes*, falar de que acusen influencias espresas antre os tres autores, inanque pra elo ofrecería base a mesma radical coincidenza que as conxuga; mais do que non cabe dúbida é de que —no aspecto que arestora interésanos defrontar— costituien un testimoio máis que ven a confirmar, pola asimilación das forzas psicolóxica e racial que encerran as situaciós ás que se refire, a tesis de que a producción literaria de Valle-Inclán ten unha raiz galega.

E, pra remate, ven revelar de xeito concruinte a dimensión disa constante temática na obra de don Ramón, o seu poema en língoa galega *Cantiga de vellas,* verdadeiro *esperpento* poético tan donoso coma tristeiro, no que unha buligante bichería —os galos, o gato, a galiña, os pitiños, a vaca— anda arredor da vella doña Estefaldía.

Como pode apreciarse nos exempros achegados, o mundo animal móvese na obra de Valle-Inclán antre o lirismo, a dramática i o humor, do mesmo xeito que os demáis persoaxes humáns creados pola súa minerva, e ainda poidera decirse que paralelamente a ístes.

Ise paralelismo, que axuda á caracterización psicolóxica do home galego, adúganos, coma un dato máis, á conclusión de que as raices de que se mantén a obra de Valle-Inclán, no aspecto *humán,* na humanidade dos seus persoaxes, son enxebremente galegas.

A chamada do misterio.

Dende o fondo da obra valleinclanesca acénanos o misterio. Son as

> Cosas misteriosas, trágicas, raras,
> de cuentos oscuros de los antaños,
> de amores terribles, crímenes, daños
> como entre vapores de solfataras,

das que Rubén Darío nos fala na súa *Balada laudatoria,* adicada a noso gran don Ramón.

Pero ise misterio mana tamén da propia terra galega, está feito de pantasmas e quimeiras, feitizos e supersticiós que aniñan no seu esceario predileito da montaña ou nos ámetos sombrizos e soedosos dos vellos pazos e casales. Son as aparicións da Santa Compaña, a Hoste, cos brilos das súas luces antre os milleirales, que alporiza a don Juan Manuel Montenegro en *Romance de lobos,* e diante da que sinte os arrepíos da morte; a roda das bruxas que fuxen trocadas en morcegos; o gato negro do conto *Mi hermana Antonia;* a calivera poboada de serpes que roda "con hueco y liviano son desde el sepulcro del guerrero por las gradas del presbiterio" no conto *El miedo;* son, por cabo, as historias de almas en pena de trasnos e ladrós que Micaela la Galana contaba a don Ramón namentras os dedos enrugados daban voltas ó fuso.

Mais é de notar que todas isas chamadas do misterio convocan ós sentimentos e presentimentos da morte e do alén que teñen un nidio fondo racial, fidelmente levado por Valle - Inclán ás páxinas dos seus libros.

IV

A psicoloxía rexional na obra de Valle-Inclán

Si se analizan as betas psicolóxicas do home galego non é descamiñado pensar que responden a iste esquema:

O alento da paisaxe (telurismo). O home galego vive apegado, máis aínda, asolagado na súa terra.

A imaxinación, prisada polo segredo do alén.

O sentimento, vencellado á terra.

O humor.

Si reparamos na *auscultación* do noso xenio psicolóxico polos foráneos, atopámonos coa sinificación que nise orde ten pra Juan Ramón Jiménez, por exempro, a obra poética de Rosalía. Atribuíndolle unha "inspiración popular", descobre nela dúas notas esenciaes: sentimentalismo e ironía [15]. Sendo elo así, non cabe dúbida que ises ingredentes anímicos sustancian a obra de Valle - Inclán, como evidencia o seu cotexo co análise que deixamos feito do seu estilo e da súa temática.

Mais en don Ramón a ironía tínguese do coorido do humor. Celestino F. de la Vega, autor dun celmoso estudo en col do humor [16] sitúa certeiramente a Valle-Inclán diante do humorismo, asertando que o humorismo dos *esperpentos* consiste "nun caricaturizar héroes pra esvaecer traxedias" e recordando a frase do persoaxe Don Estrafalario: "Mi estética es una superación del dolor y de la risa" [17]. En suma, o humorismo de Valle-Inclán aséntase na aititude definida tamén por Fernández de la Vega: "O humorismo nin chora nin rí, pro sorríe" [18].

V

Conclusiós

Podemos xa concruir que a seiva que circula pola obra valle-inclanesca mantense do *humus* da terra galega. Galicia está presente nela, en corpo i en espírito, quizaves máis en espírito que en corpo.

Hai non embargante, quenes poñen en dúbida ou tratan de minimizar ise feito, aducindo opiniós críticas que negan isa raiz, pra nós ben manifesta, do esgrevio escritor arousán.

Nunha recente monografía de singular valor informativo [19] o erudito profesor Carballo Calero espón os xuicios de tres escritores galegos que ten por "galleguistas calificados", encol da galegui-

---

[15] Juan Ramón Jiménez, *El romance, río de la lengua española.* Ediciones de "La Torre", Universidad de Puerto Rico, 1959. Incluindo a Rosalía antre os "poetas litorales", di dela niste estudo: "En nada es menor que el grande Enrique Heine, cuyo sentimentalismo y cuya ironía se mezclan en ella hasta la permanencia sin cambio" (páx. 38).

[16] Celestino Fernández de la Vega, *O segredo do humor.* Editorial "Galaxia", Vigo, 1963.

[17] Celestino Fernández de la Vega, ob. cit.: páxs. 124-125.

[18] Ibid., páx. 151.

[19] Ricardo Carballo Calero, ob. cit.

dade da obra valleinclanesca: Murguía, Manuel Antonio i Eduardo Blanco Amor.

Apresenta o de Murguía como de siño afirmativo, marcado polo louvor e levado do anceio proselitista de atraguer ó escritor ó campo da literatura galega. Esta opinión —sostén o profesor Carballo Calero— ven a ser unha apoloxía e representa unha *tesis*.

Considera o de Manuel Antonio no seu manifesto literario ¡*Máis alá*!, do ano 1922, suscrito tamén por Alvaro Cebreiro, como de siño negativo; valórao como diatriba, e califícao de *antítesis*.

E, por cabo, ofrece o de Eduardo Blanco Amor, pra quen Valle-Incln e algún outro artista que cita, "corresponden a la clasificación de galleguizantes"; xuicio que para o profesor Carballo Calero supón que Valle-Inclán, na súa obra, "no sólo no es galleguista, sino que ni siquiera es gallego. Es simplemente, galleguizante", e representa unha *síntesis*.

Pois ben; non cabe, a meu probe saber e leial entender, construir ise esquema crítico sobor do cimento disas tres opiniós, porque nin se dá o rigor de termos iguales inanque opostos nas dúas primeiras, que non chegan a acadar categoría lóxica, nin a terceira delas pode, por isas soias razós, ser considerada como síntesis, si non fose xa rexeitable polo seu propio sentido.

Murguía non define o galeguismo de Valle-Inclán, senón que aprecia en *Femeninas*, a obra que prologa, un acento de galeguidade, e sobor de todo, decrara o desexo de que o autor siga os rumos do galeguismo. Mais ben se ve que eso non chega a ser un xuicio, senón o anticipo dun anceio do Patriarca. Non podía ser doutro xeito, tratándose como se trataba do primeiro libro que escribíu don Ramón, cando remataba a primeira época da súa vida literaria, nun intre no que non podía xusgarse, senón polos siños que temos siñalado ó ocuparnos disa etapa creacional, do senso e da direición dunha obra ainda non agromada. A rigurosa ouxetividade do profesor Carballo Calero ven coincidir nista valoración relativista do testimoio de Murguía, cando logo de transcribir os pasaxes que asegún íl o conteñen, comenta na devandita monografía: "El Patriarca, como se ve, imparte su bendición al vástago del camarada que recuerda". "Al conceder un viático de aliento a Valle-Inclán en el comienzo de sus jornadas literarias, Murguía, jefe de los regionalista, subraya el amor a Galicia del difunto padre de nuestro joven autor". "Para Murguía, Valle-Inclán estaba predestinado a ser galleguista. Y conforme a este prejuicio lo define..." "...las afirmaciones de Murguía son anteriores al ciclo gallego en la producción de Valle-Inclán". Os conceptos expresados coas palabras "bendición", "viático de aliento", "prejuicio", "predestinado", "anteriores", nos comentarios transcritos son asaz sinificativos pra restar ás apreciacións de Murguía valor de *xuicio* testimonial, e restituilas a seu cabal sentido: máis que unha *apoloxía*, quixeron ser unha *predicción* ou, si se quer, un consello. Non, estrictamente, un xuicio.

Manuel Antonio, abandeirado dunha empresa de anovación literaria galega polos anos en que se produxo unha podente eclosión nise senso, non tratou, sen dúbida, de negar no seu manifesto o galeguismo de Valle-Inclán, nin se refireu a iste escritor escrusivamente. Tratou de darlle as costas a unha época literaria que a súa xeneración tiña como inaperante. E de xeito ben acedo, por certo, xa que, non con heretismo —que a literatura non é unha relixión—, mais sí con grave erro crítico, fala da "valdeirez verbalista de Curros". Mais arredándonos do fondo do seu alegato, o certo é que nisa sorte de escomunión literaria comprendeu a outros moitos escritores da xeneración precedente, ós que sagrificou, en certa maneira, a seus lexítimos anceios de porvir estético. Decía Manuel Antonio: "... la literatura paisajística, a modo de fotografía iluminada con notas de turista burgués, es la mayor calumnia de nuestro paisaje, que aun aguarda la sensibilidad compleja de nuestro tiempo para ser interpretada".

Respondían ises pensamentos a un fenómeno común na cadea do acontecer xeneracional da cultura, que un humorista definíu decindo que cada xeneración é desinfectante da que lle precede e infecciosa prá que lle segue.

Tampouco a opinión de Manuel Antonio pode tomarse en rigor como unha diatriba contra o galeguismo de Valle-Inclán, senón como unha *subestimación* literaria ou, si se quer, coma un *desconecemento* deliberado da súa obra.

A opinión de Eduardo Blanco Amor non pode ser, pois, unha síntesis antre dous xuicios dispares que nin xiquera acadan categoría de xuicio, nin antre dous testemoios diverxentes nas circunstancias de tempo e de ouxeto sobor das que recairon. E, pra nós polo menos, tampouco é válida en sí mesma. Coa verba "galeguizante", que máis que de participio de presente leva sinificación de calificativo, non pode definirse unha obra como a de Valle - Inclán, que é *sustantivamente* galega. Valle-Inclán non se *verqueu* de sí mesmo, non se alleóu, non se ouxetivou pra ver e descreber a Galicia dende fora, coma espectador, cal sería preciso pra calificalo de "galeguizante". Non é a súa unha obra *con gotas* de galeguismo. A Galicia de Valle-Inclán está dentro de sí mesmo, no íntimo das súas creacións. E de tal xeito, que foron comparadas coas de outros escritores de renacemento literario galego, pra amosar que influiron sen dúbida na súa obra [20].

¿E de qué xeito *está* Galicia nisa obra? Hai unha posición crítica máis certa e axustada, ó meu parecer, pra calificar o galeguis-

[20] JOSÉ RUBIA BARCIA, ob. cit. Nela o cioso investigador, calificando de falso o suposto de "que el mundo gallego de Valle-Inclán ha sido creación personal suya y que nada o muy poco debe a los autores regionales que le han precedido" estuda as posibres influencias ou semellanzas sobor do noso escritor, dos escritores galegos Ramón del Valle —o seu pai—, Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Rosalía de Castro, Benito Vicetto, Curros Enríquez e Pastor Díaz.

mo literario de Valle-Inclán. É a sostida por Francisco Fernández del Riego. "La Galicia valleinclanesca —dí o autorizado ensaista— es una Galicia entre real y soñada" [21]. Eu diría, pola miña conta, que na obra de don Ramón latexa unha realidade galega *poetizada,* enténdase ben, poetizada lírica e dramáticamente. Como íl mesmo dixo ó comenzo da súa carreira literaria, no estudo crítico que encol da novela *Angel Guerra,* de Galdós, pubricou en *El Globo,* de Madrid, o 13 de agosto de 1891, "hay un cierto *realismo superior* que el público español, que come bien y goza de excelente salud, no suele entender".

Ise "realismo superior" da súa propia definición é, cabalmente, o que serviu a Valle-Inclán pra nos ofrecer unha imaxe de Galicia, que, sin perder autenticidade, érguea a niveles de poesía e idealismo; o que basou, sen dúbida, seu propósito de "crear una realidad gallega por procedimientos literarios", como fai notar, con precisa fórmula crítica, o profesor Rubia Barcia [22].

E pra rubricar a súa condición de escritor galego, tivo Valle-Inclán un derradeiro xesto perante a vida. O home, doente e maltreito, veu a repousar pra sempre na súa terra nativa, no corazón de Galicia, na fonda Compostela da que íl tiña dito: "En esta ciudad petrificada, huye la idea del Tiempo. No parece antigua, sino eterna".

I á eternidade foise dende ela iste xurdio escritor e gran galego, que deixou a Galicia o grorioso legado dunha obra literaria inmorrente.

SEBASTIÁN RISCO
Coruña

[21] FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO, *Galicia y Valle-Inclán.* "Ediciones de Conferencias y Ensayos", Madrid, 1959; páx. 28.

[22] JOSÉ RUBIA BARCIA, ob. cit. Aserta nela, testualmente: "Desde un principio Valle-Inclán se propone calar hondo en la psicología regional y crear una realidad gallega —por procedimientos literarios— que a la postre será mucho más verídica y transcendental que la que le ofrecía la realidad cotidiana" (páx. 7).

PANORAMA DA MÚSICA GALEGA

Aportación do mestre Rodrigo A. de Santiago

O movemento europeo de esaltación da música popular, que puxa unha xuventude vizosa i entusiasta, birta con craridade a sua traieutoria e adequire a máisima forza, nos derradeiros anos do dazanove.

A proclama de Kestenberg: é mellor facer música, que escoitar a mellor música do mundo, abreu camiños ós catro ventos, nos que, decontado, foron xurdindo páscoas de cantigas.

A proieución deste movemento, producíu, na nosa terra, o nacemento dos coros.

O curazón dos homes foi en percura da canción anterga, perdida na soedade da aldea. Murcha e gravemente ferida por un complexo de circunstancias sociaes e históricas, acurrouse, coma unha pomba perseguida, no recanto do río, perto do muiño, nas horas cáseque místicas da serán, na esfollada derradeira e no arrú arrú da nai asomada ao berce.

Eran estas cantigas, netas ou lonxáns sombras daquelas outras benfadadas da Galicia con palabra poética, que frolecía no románico, pra lle dar plasticidades ao Apocalipse; aquelas cantigas nadas pra balboar o amor á virxe ou á amiga, no adro, na fonte, no bosco con cervos e avelaneiras, ou na ribeira onde o mar oferecía mensaxes sobor da forma azul das ondas; aquelas cantigas que afincaban a súa nascente língua armónica, nas modalidades sacras ou nos antigos modos pentatónicos, ficaron quedas nunha noite longa. E, ao proieutárense, perderon pra sempre a súa galanura de corpo delgado, a espresividade íntima, un encanto inquedo de anémona, un humán ardor amoroso, unha picaresca brillante coma os ollos verdes de María Pérez, a Balteira, e un inxenio demoníaco pra maldicir con laracha e ritmo variante, sobor da liña melódica, ricaz en matices e cadencias.

Aquelas cantigas ficaron quedas, nunha longa noite sin estrelas.

Quixo o romantismo salvalas, pro traguía en desmasía palabras, ideas e preconceutos fundidos en moldes axeitados, e un tráxico senso pró amor. Faltoulle sinxeleza, elementalidade e motivo.

A xuventude europea, de mouro futuro, loitou por revivir a canción nacional, que por certo, moitos non tiñan.

Na nosa Terra, fatos de homes espallados, foron en percura da cantiga galega. E atopárona esmorrente na sociedade campesiña.

Pro xa non era aquela primeira e fundamental, afogada pola vizosa civilización na que o punctum contra punctum, produciu o músico profesional.

A cantiga popular, nas terras de Europa, non puido convivir co compositor. Coidouna pra se servire dela e crear, co impulso ou ritmo íntimo, un novo mundo sonoro, solprendente e trunfante. Poidéramos traguer aquí, exempros e máis exempros que serían soio fachenda erudita.

Mais, antre nós, faltou o gran músico. Non temos exempro.

Xan Montes, con ser bispo entre cregos, non pasou de sere promesa.

As súas obras FANTASÍA SOBRE TEMAS POPULARES GALLEGOS e SONATA DESCRIPTIVA, son mostra evidente.

Paradóxicamente, esta Terra que, pola sua paisaxe e pola sensibilidade dos seus homes, é ricaz e fondamente musical, non produciu o compositor.

A cantiga popular, deitouse sobor do mol vivir dos coros galegos que, de non ter sede, esmorecen.

Estes coros, mirados dendes dunha prespectiva que ofereza xeneralidade, son testemuña crara do tristeiro panorama da nosa música.

Aquelo que fai máis de corenta anos escribeu Xesús Bal, con íntima dór e nobre ouxeto, sigue vixente. Poidérase repetir hoxe coma derradeira aitualidade. Foi voce isolada e resoou en deserto.

Dendes de entón deica hoxe, o panorama pouco enriqueceu Das aportaciós que lembramos, citemos sin orde ANAQUIÑOS DA TERRA, suite de Luis Araque DANZA GALLEGA n.º 1, de Ricardo Dorado, CARMIÑA, rapsodia de Tomás Blanco e IDILIO GALLEGO de Rafael Franco, composicións, todas elas, pra banda, utilizando un linguaxe mirando atráis, das que, sin afán crítico, debemos sinalar que nada novo sumaron.

Nunha liña máis moderna, pro sin chegar aínda ós estilos autuales —camiños de Falla antes do Concierto e de Maese Pedro—, lembramos a SUITE GALAICA, ballet de Ernesto Halffter.

Citemos tamén as tres series de cantigas adicadas a Fernández Cid, das que, moitas delas, arrédanse das costantes e carauterísticas da nosa música, e ROSALIANA de Joaquín Rodrigo, que non nos encheu o ollo, nin nos fixo ditosos.

Poidéramos citar alguha obra máis, pro poucas. I en verdade que sería inxusto esquencérese de AIRES GALLEGOS de Andrés Gaos, posibelmente o mellor músico dos que foron entre de nós.

Tencionei facer unha síntese pra deducir o estado angurioso da música galega.

Sobor deste panorama, proieutou o seu conocemento con verdadeiro amor, o compositor Rodrigo Alfredo de Santiago.

S' navegou a tona e a raíz.

Deste navegar fecundo dá testemuña a sua obra, solprendentemente ampla, da que faremos referencia, aínda que non con vagar.

Unha ducia de obras sinfónicas antre das que debemos poñer no primeiro termo as suites CUATRO PÁGINAS DE MÚSICA GALLEGA, que interpretou a Orquesta Sinfónica Nacional, ESCENAS GALLEGAS, BOCETOS GALLEGOS, VARIACIONES SINFÓNICAS e FEIJOOLIÑA, na que a gaita, coma naquel tempo en que a música tatexaba posibilidades, aparez coma instrumento concertante.

Ten rematadas, agardando o estreno, SINFONÍA GALLEGA pra gran orquesta, RINCONES CORUÑESES pra piano, non interpretada polas dificultades técnicas que representa, CUARTETO CÉLTICO, pra corda e DIEZ MELODÍAS GALLEGAS e DIFERENCIAS, pra gran orquesta.

Sumemos a esta obra, aquela composta pra coro, voce e piano, alguha delas acreditada co premio de composición no concurso internacional do "Centro Gallego" de Buenos Aires, e no "Festival de la Canción Gallega" de Pontevedra.

Coma derradeiro sumando, amezamos aquelas propias pra banda.

Esta obra, que amostra nun comenzo, unha grande capacidade de traballo, está composta cunha técnica e linguaxe depurado e autual, perfeutamente enmarcado, dentro daquelas carauterísticas que oferecen personalidade a ricaz música galega.

Non son obras compostas —esto é importante— sobor de temas populares. Non sería dino, nin acreditaría endexamáis a un compositor.

Seguindo a historia da composición musical, alcontramos que, en tudo tempo o compositor achégase, porque é lícito, á fonte popular. Pro concretamente, no romantismo, e aínda mellor, dendes daqueles compositores que, arredándose do camiño aberto por Beethoven, laboraron un arte carauterizado por unha maior riqueza dos meios espresivos, utilizaron, a moreas, o tema popular. I estableceron unhas normas, non espresas, pra se serviren daqueles temas, creando formas ou modelos artísticos pró seu tratamento. Concretando, utilizouse aquelo que é esencial dentro do motivo popular, esquencéndose déste. Quérese dicir, non compoñendo sobor del, sinón modelando ou laborando o seu celme, a sua quintaesencia, e creando unha nova forma sonora.

As obras de Rodrigo A. de Santiago, seguiron esta norma, este camiño de creación artística. Quizáis, no comenzo dalgunha delas, o tema poida reconocérese pra oferecer, adrede, un forte saibo. Pro, de contado, trócase, perdendo a espresión e a referencia, voando nun mundo recén nado e recreado en cada execución. Un mundo envolto en pura atmósfera de galeguidade deslumeante i eterna.

As melodías están xustamente enmarcadas dentro das carauterísticas tradicionaes e costantes da nosa música. E o roupaxe armónico é autual; moderno, e non polo tempo, sinón pola tendencia, chegando, algunhas vegadas, á liña de vangarda.

A orquestación fuxe da acumulación instrumental, según o estilo da escola alemana. Poidéramos dicir que sigue a tradición francesa, nada no moderno Debussy, pulindo o detalle e a espresión sotil, pra abrir sinxelos camiños polos que, a sensibilidade, poida adentrárese e reconocer o mundo certo e verdadeiro, o mundo sonoro deica agora soio ventado de Galicia.

Estas obras non poderían tomar forma nas mans do mestre, sin antes ter feito un profundo análise técnico da nosa música, entendendo por nosa, aquela anterga e popular

Non eisistía en Galicia, ningún tratado técnico que, dunha maneira ordeada, esto é, científica, nos oferecese o conocemento das carauterísticas esenciaes da canción popular.

En realidade, si nosoutros fumos capaces de calificar como galega unha cantiga, fixémolo, considerando o seu roupaxe superficial, porque lembraba certa peculiaridade cadencial, ou por lonxáns influencias rítmicas. Nunca por ter chegado ó seu fundo antergo e popular. Esto é, por conocer as suas carautertísicas esenciaes.

O primeiro estudo serio neste aspeuto débese ó mestre de Santiago, froito felice da sua laboura coma musicólogo.

Non é posíbel agora, facer un reconto detallado desta laboura. Sobor dos artigos periodísticos en col da música galega, e varios ensaios de divulgación, señalemos as obras fundamentás: MÉTODO COMPLETO DE GAITA. LA MÚSICA POPULAR GALLEGA e PENTATONISMO EN LA MÚSICA GALLEGA.

Co gallo da pubricación de MÉTODO COMPLETO DE GAITA publiquei en GRIAL —abril-xunio de 1964— un comentario crítico, ao que me remito.

LA MÚSICA POPULAR GALLEGA e PENTATONISMO EN LA MÚSICA GALLEGA, constituien, ó meu xuicio, unha grande aportación á nosa cultura.

As duas poden térense como unha unidade de estudo. Desta unidade, temos de destacar as carauterísticas, o acontecer da música galega no tempo, que se fixo historia, e a sua proieución ao futuro, dubidoso sempre.

A escala pentatónica —cinco grados sin intervalo de semitono— legado asiático na afirmación de Bela Bartok, foi utilizada nos primitivos cantos relixiosos e nas melodías carauterísticas da abortada civilización céltiga.

A música popular galega que chega viva, si ben esmorecente, a nosoutros, conserva o estilo que oferece esta escala de tonos enteiros, en considerable proporción.

No estudo de máis de setecentas melodías populares, descobre o mestre de Santiago que, no percorrer do tempo, e con caráuter esencial, resulta o pentatonismo, a máis acusada costante.

Non contradí a teoría, o feito de que moitas das nosas cancións, aínda as tídas por máis antergas, aparezan costruídas utilizando a

escala de sete sonidos. A causa alcontrámola na evolución libre das melodías galegas, dendes dun tempo, ao que non chegamos, pro nó que fixamos a lírica arcaica galega, hastra as que hoxe nos sirven de materia viva pró análise.

A escala natural nasce, mesmamente, da evolución que é consecuencia da libertade con que, o cantor popular, utilizou o pentatonismo, que contiña, en sí mesmo, o poder e a forza pra se transformare. Pra percurar, coma nun degoro ou eisixencia, abrir camiño cara esa complexidade crecente que é, dendes de sempre, a evolución da música.

Nembargante, si as nosas cantigas populares utilizan a escala natural, aquelas que calificamos de enxebres, fanno con medo, con timidez, sin querer desprendérese do pentatonismo, aínda cando o ouvido pida maior campo sonoro.

Esta costante pentatónica, que hastra fai pouco non foi tida en conta pró análise da música galega, ten un valor trascendente. De tal xeito, que terá de presidir, por necesidade, tudo estudo e tuda creación musical carauterística.

É unha semente que manda dende dos séculos.

Naquela groriosa época dos cancioeiros, cuias composiciós parécennos hoxe de sinxeleza candorosa, a música sofrira en Galicia, un desenrolo grandeiro. Pro aínda nestas cantigas, concretamente nas do Martín Códax, contrasta o mestre a eisistencia do pentatonismo.

Foron escritas estas melodías, en notación intermedia entre da cadrada e da mensural. I é siñificativo que os Minnesänger, os Laudy e a maior parte das provenzales, fórono en notación cadrada.

Este feito sinala, con craridade que, os troveiros galegos, utilizaron unha técnica máis perfeuta que os do resto da Europa.

A notación cadrada e a mensural, están separadas por un periodo de cincoenta anos, cando menos. Cicáis esta razón fixera afirmar a monseñor Higinio Angles, Xefe da Seución de Musicoloxía da Biblioteca do Vaticano que, as melodías dos troveiros galegos e a sua técnica, non tiveron par en Europa.

Xúrdenme na memoria, conocementos dapresos en distintos autores, que me levan a sentar que aquelas cantigas vixentes na Galicia dos séculos XII, XIII e XIV, tiveron total independencia da música gregoriana, sin influencia ausoluta das provenzales e menos aínda das rabínicas.

Temos que reconocer que os estudos realizados sobor das cantigas, centraron a sua atención no poema, sin ter en conta, case que nunca, que o poema representa soio unha parte da unidade CANTIGA. E que, a maior parte destes estudos, preocupáronse moito máis da problemática das influencias, que dos valores poéticos, esto é, creacionales, que conteñen.

O meu sentir apaixoado, enculpa a moitos dos autores de tales traballos, de falta de limpo e desinteresado amor a esta Terra e á sua escola lírica.

Adiviñase ao través da sua traieutoria e da letra do seu pensamento, coma un degoro de percurar argumentos e decoradas razóns, con que desvirtuar categorías e froitos sazonados no amencer dunha cultura, cuio símbolo máis craro e limpo, xurde neste fisterre, no que nascían camiños de volta, sementadores de inquedanzas e puxos líricos. Estas verdades queren hoxe embrullarse co roupaxe aparatoso da semellanza.

Por sinalar un exempro, tomemos o libro PRIMAVERA TEMPRANA DE LA LITERATURA EUROPEA de Dámaso Alonso.

Concreta o destacado autor: "Es posible que el lirismo gallego-portugués de los cancioneros, naciera de esos dos progenitores: tradición de la canción de amigo mozárabe y tradición de la lírica arcaica gallega".

Non imos pararnos a ler antre liñas. Pro sí, sinalar que si a unidade CANTIGA se estudase na sua totalidade, única forma de conocer unha primeira materia, alcontraríamos que, na primeira época mozárabe, a notación musical utilizada foi visigoda. Coido queste feito é importante.

A notación árabe foi influindo, cada vegada máis, sobor da visigoda, hastra sustituíla. Esta notación árabe, utilizouse moito máis que na Galicia, nas terras de Aragón e Castela, o que representa unha maior influencia nestos reinos que na nosa Terra, cuia vida e persoalidade sobrada, proieutábase cara a fora.

Ademitindo a posibilidade sinalada por Dámaso Alonso, debemos deducir pola notación e os modos pentatónicos utilizados, que o que foi aportación da tradición arcaica galega ao lirismo dos cancioeiros, tivo de ser moito maior ca que poidera aportar a canción de amigo mozárabe.

Aceitada a tradición arcaica galega, tense que ademitir con ela, un longo periodo no cal, unha minoría conquireu formación musical e poética de madurez plena.

De non ter sido así, non se produciría a sua asimilación polo pobo, aínda contando ca degradación, que dera forteza á tradición. Non se compliría a contrastada teoría da receución, tan valorada na investigación científica do Folklore.

Despois desta divagación, voltemos ao alcontro da obra do mestre de Santiago.

Nela, e ao referírese aos valores antigos da nosa música, despois dun fondo estudo da máis vella grafía da canción popular que temos, afirma o mestre que eisisteu na Galicia unha opinión de primeiro orde e unha vida interior propia, ricaz, e sin contaminacións artísticas estranas que a adulterasen.

Aquel estado de opinión musical evolucionou ao pentatonismo, pra lle dar realidade á fruidez melódica dos troveiros e daqueles homes que conqueriron eternidade pra un tempo, e sementaron nas entranas da sombra de Galicia celme da sua música.

Coma cabo deste cativo análise do acontecer da música galega no tempo, debemos facer referencia. a golpe de *flash*, ás máis acusadas constantes da nosa música popular: O *alalá*, a *muiñeira* e a *alborada*.

Considerouse o *alalá*, coma o máis carauterístico canto galego, por mirar nel o propio camiño prá espresión do sentimento saudoso.

Cáseque a totalidade dos autores coinciden nesta estima.

Pra chegar a ela, non se tiveron en conta valores musicaes, tales coma a tonalidade, ritmo, xiros melódicos e cadencias.

Influeu en demasía, pra formárese aquel criterio, o prexuicio da saudade. A forza de repetilo, fíxose de cada galego un saudoso de mouro humor. I en verdade, polo camiño da música, non pode chegarse a tal xuicio. Algún día, si Deus quer, demostraremos a tesis.

O alalá é, pró mestre de Santiago, dunha antiguidade e ascendencia, infinitamente máis remota co segundo periodo do canto gregoriano, chamado do apoxeo, que brilla nos derradeiros anos do século VI.

A aliteración a-la-la-, é pra Humboldt, supervivencia dunha língua primitiva, o que acredita a posición do mestre, que atopamos tamén confirmada por doña Carolina Michäelis.

Demostrada a antiguidade deste tipo de canción, destrúiense as varias teorías que a vencellaban aos cantos relixiosos ou litúrxicos dos primeiros anos do cristianismo na Galicia; a fonda influencia do gregoriano e non digamos xa, a sua derivación das cantigas de Martín Códax, cas que se dixo conformaba en tonalidade e curva melódica.

Pro sobor de tudo, destrúiese a tan cacarexada influencia árabe.

O mesmo que don Julián Ribera afirmóu que a música das Cantigas era totalmente árabe, o musicólogo portugués Rebelo Bonito afirmou que o alalá é unha consecuencia da enorme influencia dos cantos de almuecín ou almuédano.

As razóns que pretenden soster estes xuicios, son as da semellanza máis ou menos próisima ou lonxán.

A semellanza si non está fortemente avalada por unha formación cultural de primeiro orde, conduz sempre a sinalar influencias a pau de cego. E ao ausurdo, coma o feito de mirar a nosa muiñeira suxerindo melodías a Bellini ou Beethoven.

Por outra parte, nunca é lícito mirar a semellanza dendes do noso plano temporal, dendes do nose hoxe.

Pra calquera é doado alcontrar semellanzas antre o alalá e as ragas indias. O que non resultará xa tan fácil, é descubrir e probar a comunicación ou relación entre da India e Galicia, nun tempo que vai por dous mil anos.

O alalá é, como mostróu o mestre Rodrigo A. de Santiago, unha das costantes da música galega. E a sua antiguidade, acrara conceutos e desfai teorías nunca verificadas.

Dentro da música de Galicia e a evolución da sua peculiar cultura, é onde se poden alcontrar os valores estéticos e artísticos que encerra o alalá. E por certo que son moitos.

En certa oposición ao alalá, temos a *muiñeira,* cuia máis aparente carauterística, constitúiea o feito de sere unha canción que se baila.

Esta carauterística, trainos o saibo das primeiras manifestaciós da nosa vella civilización, cando foi o mesmo a *molpé* co *strefo.* Esto é, a melodía que se danza, ou o xiro rítmico que, sobor do desenrolo sonoro, correspondeu á estrofa poética.

Cando o home inventou o muiño, xurdíu un ritmo. E algo máxico dominouno hastra que tomou conceuto de máquina. De industria.

Na largura do mundo, a canción de muiño é leda coma o pícaro amor que leva no centro.

Galicia, pola sua facultade lírica, o porque fixo do muíño centro social da vida aldeana, foi terra fecunda pra que nela enraizara vizosamente, este ledo e brincador tipo de canción de traballo.

Alcontra nela o mestre de Santiago, outra das costantes da música galega. Pro atópaa evolucionada. Nunha forma que ben pode situarse no século XII, cando fai aparición a música mensurable.

De eisistire denantes deste tempo, dí, non se pode afirmar o seu compás, o seu ritmo e os seus puntos danzantes.

É interesante que a canción de muíño tomara en Galicia, carauterísticas propias. E este intrés, oferécello o que ten o muiño de centro social, de lugar de reunión na espera acougada e coma aglutinante das xentes dunha bisbarra con intreses comús e comús inquedanzas e ledicias.

Á muiñeira abóndalle o ritmo pra sere canción valorable. E neste ritmo pode estudarse o temple e o sano vivir do home galego, ao marxe de tanta probremática socioeconómica coma o arrodea, puxándoo por escuros camiños soio ilumiñados pola intuición.

Outra das costantes é a *alborada,* que debeu de eisistir sempre, aínda cando non eisista grafía dela. No seu orixe ven sere a alborada, un canto ao sol. Deiquí, a sua antiguidade.

As grafías máis antergas non contan máis de douscentos anos.

Si ben en distintos países a alborada é unha composición istrumental. É o seu instrumento propio, a gaita.

Si se pensa nalgunha alborada vocal concreta e popular en Galicia, debemos percurar que presidan ese pensamento, aquelas notas que don Casto Sampedro deixou escritas sobor das tan maltratadas alboradas que non pasaron de sere, entre dos galegos, conposicións sinxelas e curtas, con saibo de espontaneidade e abril.

Alalá, muiñeira, alborada, anterga i eterna música de Galicia, que anova en min unha paixón de montana coma séculos. E na pai-

xón de montana coma séculos. E na paixón, xermola a espranza que afinca o seu pé de escuma na obra serea e fonda do mestre de Santiago.

Esta espranza miña, aliméntase moito máis que do pan sinfónico que nos foi dado polo mestre —meses de estudo transustanciado en arte— moito máis que de toda a sua vizosa obra, dun leve acedo ronsel, amosega de vento na anguriada encrucillada que xa ten aceso ao norde.

Refírome a unhas breves composicións i exempros musicaes cos que, penso eu, o mestre non está totalmente de conformidade. Ou polo menos, non quixo facer públicas manifestacións sobor delas.

Estas obras ou microcosmos —como chamou ás suas pequenas composicións o dodecafonista Webern— esfolan as normas, ou por mellor dicir, foron compostas dándolle as costas ás normas ou cánones tradicionaes do sistema armónico tonal.

Sei que foron e serán tema e motivo da discusión, coma foron e siguen séndoo, as tendencias ou formulacións que presidiron a sua composición. Esto é bo, cando o que discute ten una mediana formación musical. Sei tamén que nos gostarán a un gran número de homes.

Fidel ao meu criterio e reconocendo as grandes posibilidades de ter naufragado no erro, debo declarar que creo firmemente, que as modernas relacións sonoras, chámense melodía, figuras rítmicas, combinación de timbres, esquemas, formas ou sistemas armónicos, constituien o único camiño válido que pode seguire a música dos nosos días. Mesmo aquela, e cicáis máis que ningunha outra, que teña coma ideia —ideia musical— o celme de concretas e determiñadas carauterísticas locales e populares.

É preciso facer costar que o noso ouvido, ao través do tempo, daprendeu a reconocer diferentes consonantes como lexítimas manifestaciós armónicas, e declarounas canon.

Este ouvido, e cicáis tamén o esprito, por aquelo da emoción afeutiva, alcóntrase ben e gozoso en cotauto ca música composta dentro do sistema tonal temperado.

Botarse fora dese ambente, representa un esforzo, unha incomodidade e aínda un sofrimento. Daquí, a persistente resistencia posta á música non tonal.

Pro preparémonos a estudar a primeira destas composicións ou exempros.

Foi composta seguindo a escala de cinco grados. A mesma utilizada nas primeiras cantigas galegas e de probada tradición céltiga.

Debemos ter en conta que aínda na Edade Meia, tudos oś intervalos, menos os da 4ª, 5ª e 8ª, eran disonantes.

O mestre, non se someteu a esta norma. Tratou en plano de igualdade aos intervalos, esto é, otorgou un trato de igualdade á consonancia e á disonancia. Non podía ser doutro xeito.

Despois destes breves apuntes, poñámolo exempro da alborada pentatónica:



A escala pentatónica do exempro que fica esposto, foi utilizada por grandes compositores, con verdadeiro e reconocido éisito. Entre deles, Bela Bartok, pró tratamento da canción húngara, e Debussy pra composiciós puramente artísticas.

Debussy é figura clave prá música moderna.

O impresionismo debussista, conducíu a Stravinsky e Schonberg ao seu propio estilo evolucionado. Ou revolucionado.

Stravinsky adianta un paso no proceso da quebradura do romantismo decadente, siguindo o camiño comenzado por Debussy, si ben pretendeu esconder a pegada co coorido dunha orquestación deslumeante e uns ritmos e disonancias sin tradición.

Pro aínda eisistindo diferencias de textura, a crítica europea descobre que utiliza os sonidos do mesmo xeito que Debussy.

Schonberg, en troques, non recibeu, ou recibeu moi pouca influencia direuta de Debussy. Foron por camiños diferentes ao mesmo ouxeto, mantendo un certo paralelismo no resultado.

Pró noso ouxeto, debemos destacar que Debussy rachou a escala diatónica cos distingos de crase entre tono e semitono, limitándoa ou restrinxíndoa a tonos enteiros. Esto é, voltando a unha escala pentatónica.

A mesma utilizada polo mestre, no exempro esposto.

Schonberg conquireu o mesmo ouxeto, outorgándolle igual importancia aos doce semitonos. Entrambos, por diversos métodos, destruien o crásico senso da progresión armónica. I entrambos usa-

ron a amalgama de duas tonalidades diferentes, no cal, a primeira quinta modal pertenez a un tono, e a segunda a outro.

Esta mesma amalgama utilizouna o mestre de Santiago, pra compor unha muiñeira, que foi xa, tema de discusión. A miña postura, onte coma hoxe, é que nos atopamos no único camiño posíbel.

Veñamos a outro exempro. Agora de muiñeira politonal, esto é, superposicións de notas acordes de diversas tonalidades que se simultanean. O compositor máis representativo neste aspeuto é Marius Milhaud.

Debemos destacar que o emprego simultáneo de tonalidades superpostas foi utilizado fai xa séculos. O máis solprendente exempro é unha danza xudía de Hans Newsidler.

Quen se decida a facer o análise desta muiñeira politonal, coide que estamos diante dun linguase que xurde de novo, esencialmente. É ca nostalxia da tonalidade, non aconselle xuicios precipitados.



Ensaiou o mestre Rodrigo A. de Santiago, o campo da dodecafonía.

O efeuto tonal da dodecafonía foi descuberto nos primeiros anos do século por Demenico Alaleona. Pro quen puxou e desenrolou a teoría de facer música segundo está técnica foi Arnold Schonberg.

Schonberg viveu o seu tempo. Resoa nel a congoxa de Kierkegard. O eisistencialismo reconoceu a anguria, e Kafka cantouna. Schonberg basa a sua estética nesta anguria.

Posibelmente, Kandinsky defineu a música de Schonberg mellor que ninguén: "A música de Schonberg —dí— condúcenos a un reino novo, cuias vivencias musicaes non son acústicas sinón puramente anímicas".

É esta unha clave pra intimar con Schonberg, cuia técnica medra ca aportación de Alban Berg e ca de Antón von Webern puxo que abre as portas á creación musical con sonidos electrónicos. A música tomou, dendes de entón, un duro rumbo. Meteuse nunha encrucillada de futuro incerto.

Pro o dodecafonismo, cumpre o seu cometido. E oferécenos un feito indubidoso, i é que nel eisiste o elemento folklórico, feito que foi tido, por varios críticos, coma valor negativo.

Exempros craros de que o elemento folklórico mantense con autenticidade, son as Cinco Canciós populares de Cataluña de Roberto Gerhat, e as Tres Canciós populares, op. 17 de Antón Von Webern. E por riba disto, a obra do profesor de Oxford, especialista en música sagrada bizantina, Egon Welesz.

Coido, e non me canso de repetilo, que por estes camiños comenzados, é por onde se pode conquerir, hoxe, categoría prá Música de Galicia.

Con estas técnicas mantense unha grande espresividade e un forte saibo de galeguidade, ben entendida. Prá espresión da galeguidade non son hoxe dabondo, os meios deica agora utilizados coma linguaxe musical.

Os intentos do mestre Rodrigo A. de Santiago son o primeiro paso, tatexante si se quere, no camiño da autualidade e universalidade da música galega. A primeira gota pra esta sede que padescemos.

Coma ocurreu no mundo, sei que tamén entre de nós se non ademitirá sin discusión o novo linguaxe musical. Pro é dubidoso que se poida aportar nada novo na sua contra.

Paul Collaer, a final do seu libro "Orientaciones actuales de la Música", escribeu estas palabras: "Pese a la parte de verdad que hay en estas conclusiones pesimistas (refírese á crítica destemplada e brutal do compositor Ansermet, na contra da música serial i electrónica) se tiene, sin embargo, la impresión de que nos hallamos nuevamente sumergidos en una querella de *antiguos y modernos*. En todas las épocas de los grandes cambios, se escuchan siempre las mismas quejas, los mismos argumentos y... son siempre los *modernos quienes acaban por tener razón*".

Sobor de tuda polémica, ousesionado ou non, eu afirmo que nos atopamos na porta dunha nova e auténtica música galega.

Temos xa uns microcosmos musicaes galegos. Dendes deles bérrase (o berro é sempre anguria) con ritmo violento de despertar, que o camiño está comenzado. Agora compre que cheguen xentes que o faigan, andando.

O mestre de Santiago creou unha célula viva.

Soio por esto o curazón de tudo galego e tudo amigo da música, débelle gratitude ao mestre que derramou o seu esprito polas nosas campías e sobor da nosa historia. Sinteuse un galego máis amando á Terra, con amor de pai, que é o máis puro e desintresado amor.

Cando por circunstancias da sua carreira deixa esta Galicia, na que viveu vinte anos, síntome honrado en oferecerlle este traballo, coma homenaxe que ten ben merescido polo que fixo pola nosa música, polo seu dor creacional e polo seu trunfo.

LAUREANO ÁLVAREZ MARTÍNEZ

A Coruña

A FESTA DO CHENEQUE E OUTRAS HISTORIAS[1]

O RETORNO IMPOSÍBEL

Tiñan corrido anos desque partira e retornaba caduco, máis decrepitado dos traballos que dos anos, que eran polos sesenta pouco pasados. Partira mui novo a ganar a vida: un decir sen sentido; ninguén gana a vida, ninguén trunfa na vida. Pensaba na súa vida perdida a rolar polos camiños e mares do mundo, comesto de saudades, conoscendo terras e xentes diferentes que tudas lle deixaban unha mágoa danada de recordar. Xa estaba na terra do seu nascimento e era tamén unha terra ben diferente da que tiña deixado, da que a súa memoria gardara con tanto amor. Aquela, como tantas outras, nunca volvería a pisar. Nin apenas ficaba xente do outro tempo e a que ficaba, era, asemade, ben outro que non facía ligazón, aconchababa sen coraxen para se franquir aberto. Achaba tudo novo e descoñecido, até o perfín lonxincuo dos montes tiña trocado có medrar do arboredo.

Queimaba o sol e camiñaba de chapéu en mao polo vieiro montesío ben marcado polas rodelas dos carros en laboura de séculos. Doíalle no peito aquel regreso imposibel para o mundo fuxidío que chamaba por el sempre alén do seu andar en procura inútil de acadalo. Sentíase impotente para vencer aquela raia de distancia que non se deixaba transir e quería, apetecía de chorar, calculaba que faríalle ben un pranto, que bágoas afora iría devalando aquela coita agarrada que lle premía o corazón; pero resistíanse os ollos enxoitos e adentro quedaba doendo. Doendo como enxamáis tiña doído na ausencia prolongada. Chegado ao cumio percorreu có ollar a bisbarra de verde soleado, salpicada de lugares humildes con algunha chemineia a fumegar. Un soturno marmurio de vida lonxíncua facía silenzo máis silandeiro e máis lene o paso da bris que o traguía e mesmamente o levaba. Tudo no decorrer da vida era igual, tudo víñanos para ser perdido de inmediato sen apenas se deixar gozar. Véulle unha arela doída de se diluir físicamente naquela bris como unha nubeciña levián ou o fume dos fogares que lá embaixo desfiañábanse no ár, e estar a un tempo mesmo na folla de

[1] Istes contos pertencen á serie que, co mesmo tíduo de "A festa do Cheneque e outras historias", foi encetada no número anterior, e que se non inxeriron totalmente por limitación de espacio.

albre, na tella do casal, no penedo, na herba, na vaca e na anduriña; en canto era integradoiro da paisaxen que lle entraba polos ollos, non cabendo, lle mancando as meniñas que non daban aberto para todo. Por un momento catóu a eternidade, tan estantío, tan inmóvel ficara que unha donizela graciosa, lizgaira, de cabeza levantada pasóu arrente dos seus pés e, volto en sí, víuna se ocultar no toxegal dourado de chorimas. Nin pálpebra movéu por nona escorrentar. Outra volta deixóu cair a mirada nos lonxes baixíos do val. Faiscaban as luces do día nas augas correntes do regato, seguíndolle o curso serpegante botóu de menos o souto que beira dele outrora se levantaba a se espellar no remanso perto do muiño que xa non moía, abandonado, ruiñento, de teito caído. Alí, naquelas augas sombrizas e quietas, era onde se bañaba a rapaciada do seu tempo. A piques estivera de afogar unha vegada, meniño aínda, sacáronno estontecido e sen folgos, botáronlle a auga para fora e recuperóu. Recuperóu para naufragar arreo despóis na torrenteira da vida que non daba posíbel recupero. Os días da neneza manifestábanse os máis nidios, clarescidos e ledos, só perturbados polas horas da escola: un encerro casi no escuro, con cheirume de humedade e suxedade, sen vidros nas fenestras que termaran do frío e do vento, sempre temendo o pau que batía duro por cousa de nada, asina o sair era unha alegría desabrochada, un senfín de choutar e correr e andar aos rolos. No tempo de froita non había figueira, nin castiñeiro, nin pomar nin cerdeira que merecesen respeito. Até aquelas mazás do quintal da eirexa, que eran esgana-vellas, sabían ben. Máis que recordar era todo aquelo estar á escoita dunha voz estrana e mácia que dixera como en rezando unha ladaiña de acontecimentos ocurridos a calquera outro, porque tamén el non era o mesmo. Tiña tamén trocado nun outro diferente sen o sentir, sen se decatar da trasformación que devagarmente, con solermo andar fora operando e sentía agora manifestada toda en xunto, posta diante de sí punidora como unha acusación, e eludíase das lembranzas para deixar os ollos ceibos vagar e pervagar. Lá erguíanse os alcipreses do cimiterio e as súas copas agudas e negras feíronno tan de lanzada que fuxíu para lonxe coa mirada nun arrepío de susto medoñento. Foina pousar da outra banda, caíu na longa finta da estrada que perdíase no horizonte convidando a partir. Foi como si unha vaga tamaña quixera o levar mar afora, e buscóu con desespero un cabo, un rochedo, un algo no que se agarrar para non ser levado; pero non encontraba ren. Non había cousa que del termara alí onde el ensoñara o final remansío da súa vida. Outra vez asolagouno aquel degaro insanio de romper nun pranto por sí, por todo canto lle arrodeaba, tudo o que tiña sido e non sería máis; era como se debruzar saloucante no peito do propio cadavre esterricado.

Rapaciada algareira viña cara sí correndo e brincando. Seríalle bon, pensóu, un contato có inxel e descuidado daquelas vidas a agromar. Daríalles fala, preguntaría nomes, habían ser netos de vellos coñecidos; pero denantes de chegar a el espalláronse polos campos

nunha cabalgada sen montura, nun sonar de trompetas sin trompeta. Ficóu no sitio véndoos ir e cando se perderon no mesto da fraga e as voces non vencían a distancia continuóu camiño máis senlleiro, máis de todo aborrecido, medrándolle a canseira e esgotado o matinar. Sen propósito feito acadóu a estrada, respiróu profundamente como quen sái dunha furna escura e pecha, enchéu os bafos daquel ár cheirento a gasolinas, misturado coa poeira que levantaban os coches rápidos tal quen que fuxe dun perigro. Un perigro insospeitado, descoñecido e sen razón de ser, pairaba sobor de sí como as azas negras dun inmenso abutre. Andóu de vagariño pola beira aproveitando a sombra escasa dos arboriños novos. Detívose na parada dos autobuses públicos e logo partíu afogado de tristeza, sentado na súa butaca, ben pechados os ollos por non mirar a paisaxen que recuaba veloze no outro lado das vidrazas; por non se topar coa ollada dos demáis viaxeiros, pois parecíalle que dictaba para el un veredicto de deserción.

SAN XOHÁN

Alí estaba a súa lancha, á porta da casa levantada entre os pinos á beira da praia, cáseque na mesma areia. Alí estaba desque el deixara de sair ao mar, cando a edade non permitía os duros traballos da pesca. Ben lla pedira o sobriño Elpidio, ben lle fixeran trato de compra outro pescadores; pero ele non daba nin vendía a súa "Maruxa", que así se chamaba, igual que a difunta que tamén noutro tempo agardaba por el alí naquel sitio palillando encaixe. Ninguén palillaba mellor en toda a bisbarra mariñeira que a súa muller recordada sempre así, sentada no banquete baixo perto do limiar da porta muiñeirando áxiles os dedos. Nas horas de silenzo, cando na praia non había ninguén, domente que fumaba o seu cachimbo, parecíalle ouvir, vindo de mui lonxe, o musicar dos palillos mexendo.

Alí estaba a súa "Maruxa" ruinándose ó intempero, como el mesmo xa nunca podería voltar ao mare. Ao mar que enfrente alongábase deica a raia lonxana do horizonte, azul e inmenso. O mar amigo que mandáballes no vento balbordos e salgueiros levantando escumas contra os penedos de ben conoscido perfín, baixo o sereno aleteio das gaivotas. As gaivotas, el gostaba de velas en planeio, altas, cáseque imóviles, e gostaba do berro agudo e breve como de un cantar de xílgaro que fose. Elas podían pousar na súa "Maruxa" envellecida e rota; pero ninguén máis.

Noite de San Xohán non é festa daquí ou dalí, é festa de todo lugar, noite de antigos misterios perdurando, na que procuran as mozas a flor da auga e purifícanse os corpos no fogo das lumeradas ardendo nos rueiros campesíos, festa de mocedade para recordar polos anos da vida; pero ele xa non lle traguía recordo alegre desde os

que era aniversario da morte da muller escollida para sí desde os primeiros tempos de mocedade. Noite de San Xohán el pasara a pé do cadavre oíndo balburdía de festa, vendo refletir nas paredes da estancia semi escura o lume das fogatas: era o seu recordo triste que esborraba tódolos demáis. Era nese día e nesa noite quel sentía renovada a súa dór e soedade de viuvez máis punxente que en data ningunha outra do ano. Era entremeias do rebuldeiro bulir da rapaciada quel sentíase m á i s vello, máis abandonado e desfeliz. Era naquel día o seu agarimo preferente o pequeno cimiterio onde xacía a morta inesquencibel e para lá foi na tarde lourida de sol, recendente de herbas miragreiras, levando o seu mollo de flores sanxohaneiras que espallóu encol da lousa de marble que tamén tiña aquel nome bonito graburado: "Maruxa". Alí demoróu longo tempo nunha serena paz de mundo inhabitado.

Chegaba o lusco-fusco cando tomóu camiño de retorno, aínda botóu unha última mirada ó transir a cancela, o vento levantóu algunha frol da lousa que parecéulle un aceno de despedida, respostóu cun abafado adeus e desandóu con cansados pasos, eludíndose dos grupos de rapaces que arrastraban ramallos e ponlas para a queima noturna. Choéuse cedo na pequena casa veciña do mar e foi longa a noite con esplandor de fogos nas paredes, con gritos e cantos afora, revivindo aquela outra que fora a máis pior de cantas tiña vivido, de cantas lle restaba por vivir.

Con sol levantado abandonóu o leito desaxeitado en horas de indormencia, descortinóu a fenestra, colunas de fume emanaban aínda para o alto das mortas fogueiras no silenzo do mencer. Canso da troula durmía o pobo recollido e non se vía ninguén, era unha desolación parella da que sentía no seu espírito. Saíu para fora e foi unha lanzada de morte que traspasóulle o corazón: a "Maruxa", a vella "Maruxa" descadernada e rota, non estaba alí no seu sitio arrentes da porta onde a difunta palillara esperando as súas voltas do mar. Un agoiro terribel lostregóulle nas mentes e corréu pescudando nos restos aínda fumegantes. Nunha morea negra e consumida atopóu un pequeno cacho de táboa carbonescida no que aínda podíanse lér algunhas letras: "uxa". Colléuno coa unción devota con que un día collera o corpo da muller sen vida para depositar no cadaleito e fuxíu con el, con aquel lestón fuscado, apertado no peito. Vagóu pola praia, máis longa do que nunca a tiña visto, non ouvindo o balbordo do mar nin o grito das aves .

Era meiodía cando deron con el no estremo máis arredío e leváronno para a casa. Non conoscéu a ninguén, non deu fala nin pranto, non volvéu a ser home de sentido. Encol das areas quedóu a taboiña requeimada até que a enchente foina buscar e levouna mar afora, aboiando nas ondas como un resto de naufraxo.

O LEGADO INÚTIL

Os parentes querían saber onde estaban os cartos; pero el non decía, non. E non porque fose avarento, non era iso, que aquela fortuna que lle chegara serodia maldita a estima que lle merescía. De ter chegado antes xa sería outra cousa. Houbérase feito cas terras, comprado habenza, e algún fillo conservaría, que fillo que a muller lle dera, fillo que en chegando á mocedade tiña responsorio de defunto, era responsorio cativo como cómprelle a un probe; pero así, como un can, ningún fora para a terra. Quén sabía de onde viña aquel andacio que lle entrara pola porta da familia? Saber, el ben sabía, sabía que o xantar nunca fora abondoso nin de moito manter, e os pequenos criaban macios, de corpo desmedrido, con aqueles ollos grandes. Aqueles ollos grandes e atentos que máis que ollar parescían sempre pedir.

Pobreza e traballo fórase levando, que non cabía esperar outra cousa; pero aquel gadaño, aquel corisco que estragaba os froitos do seu sangue sen os deixar madurescer non era cousa que se esquencese escomasí. Doían sempre, con renovada puxanza, a favor de calquera recordo. A derradeira en deixar este mundo fora a Esclavitude. Miña prenda! puxéranlle aquel nome feio por culpa da madriña que tamén o levaba, xa era moza cumprida e daba xenio vela no cuidado da casa e da nai doente no leito, ela todo facía lixeira e contente. Foi despóis, meses despóis de se enterrare a nai, acabada polo sofrimento e os traballos, que prendera nela tamén aquel andacio renegado. Foi empalidescendo, perdendo forzas, ninguén sabía que era aquel mal que murchábana a pouco e pouco. Decían que si a levara a Santiago habíanna de sandar, que alí os médicos eran mui sabios, e contaban miragres de curacións; pero na casa non había un patacón nin na parroquia quen dera fiado a quen non tiña con qué responder, e a rapaza ía sumindo, sumindo e alá foi polo mesmo camiño de amargura que levaron os irmáns e a malpocada da nai con el, conturbado e silandeiro, após das caixas sen fintas e sen flores.

Na soedade esconsolada en que o deixaran perdéu o interese por tudo desta vida, asín recebéu con desimportancia a noticia do legado do irmán máis vello que sendo el neno vira partir para aquelas terras arredías da outra banda do mar e nunca máis dera noticia de sí. De pouco lle podían valer aqueles pesos desapetecidos que cobrou, eso sí, sen siquera os contar. Decíanlle que non era bón telos na casa, que era tentar a cobiza das xentes, que mellor deixalos no Banco; pero el non atendéu a razóns e levóu o paquete sin máis miramentos que si levase calquera cousa sen valor, un mollo de palla, calquera cousa. Valor, valor a aqueles pesos el non lles daba. Era unha fortuna inútile, morta, e como a morto habíana de tratar. Unha mañán ben cedo, cando non había ninguén que pudese ollar, alá foi andando o camiño tantas veces andado entre as condolencias dos veciños, escavóu na terra arrente da campa da filla, naquela

terra na que tiña apodrecido tanta carne da súa carne, e alí deixóu soterrados aqueles billetes a destempo chegados para que apodrecesen tamén como tiñan apodrecido muller e fillos, como fora apodrecendo a súa propia alma dentro do corpo vello e cansado. E seguíu vivindo na pobreza, na soedade, no decotío barallar de tristes lembranzas, importándose pouco da sona de avarento que crescía ao seu redor.

O can oubeaba na porta. Oubeaba de arrepiar e a porta estaba aberta: un oco negro como boca de furna. Chamaran aos berros, chamaran repetido; pero ninguén respostaba do interior, algo desusado presentiron e non se arriscaron a entrar. Podía traguer complicamentos coa xusticia. Foron en procura da Guardia Civil, e cando entraron na casa escura e descuidada, aquelo era unha revoldaina completa. Non ficaba cousa no sitio: os mobles mexidos, baús esferrollados e esvaciados, os potes da cociña estricados polo chan e o colchón de poma descosido e desfeito. Todo fora estropiciado, todo patas arriba. E entremedias daquela desorde, o corpo do vello esterricado, de cabeza fendida. Nunca tal acontecera na aldeia. *Cousas así só se lían nos periódicos, ocurrindo en países escarriados.* Os guardias consideraban evidente asesinio por roubo. Ben lle tiñan aconsellado que non era bon tentar a cobiza da xente, inda máis vivindo nun solitario así, sen veciños de a carón; pero o avarento quere apalpar a fortuna cada hora, aloumiñar o tesouro, contar e recontar. Buscaban rasto algún e non había. Unhas pegadas no lameiro da horta, máis nada.

O cadavre do vello, de ollos abertos para o teito, parescía abrir nos labres amourescidos un sorriso. O can, compañeiro de fames e pobreza, que asosegara un intre, tornóu a oubear longamente levantando o fuciño, clamando aos ceos anubiados.

O QUE FICÓU DERRADEIRO

Nas tardes boas do inverno, cando o ceo estaba azul, limpo de nuben e o sol aquecía mainiño, sentaban os tres naquel salinte de pedra adosado ao alto muro que abrigábano dos fríos ventos do Norte. Ían vellos e aquela morneza de sol amarelo claro que camiñaba baixío nas primeiras horas do serán era unha regalía para os seus corpos vacilantes e faltos de calor. Chegaban por distintos camiños envoltos en vellas roupas, calzados de grosos zocos, tudo demasiado pesado para as súas poucas forzas, axudándose de rústicos báculos de pau revirado e alí tomaban asento, liaban parsemoñosos os seus charutos de tabaco picado, uns charutos contrafeitos e grosos que *máis do tempo penduraban apagados nos beixos murchos*, e comenzaba a conversa. Era sempre a mesma leria encol do tempo, da saude, da familia... e eran vellos recordos que todos tres recordaban, pois alí tiñan nascido, brincado, feito casamento e a final envellecido.

Eran o Marcos da Tenda, o Antón do Adro e máis o Fuco o Roxo.

Nunca o Marcos tenda tivera, que foran os abós, o pai xa non se daba para o comercio e pechouna muito antes del ter nascido; pero a casa seguíuse conocendo pola casa da tenda, e da tenda eran chamados os que a habitaban. O do Antón era outra historia, no adro viñera a esta vida, que a nai sentíu as dóres en saíndo da eirexa un día de misa maior e non hubo tempo para máis, alí, pé do cruceiro, asistida das veciñas botóu para o mundo un neno sen pai. Fuco o Roxo, xa se vé, agora non pasa de catro pelos despeiteados pero noutro tempo tiña unha cabeleira abondosa, crecha e roibal como un rutilo de sol aceso.

Atrás dun inverno outro inverno ven e son raros en cada un os días soleados, emporiso é máis gostoso neles ficar ó agarimo dese sol que aquece moderado a resguardo dos ventos fríos que veñen do Norte, e alí están o Antón do Adro e máis Fuco o Roxo acomodados no salinte de pedra debullando a conversa de sempre encol dos alifaces da edade, os miudos problemas familiares, as lembranzas de mellores tempos. Aquel Marcos da Tenda era rapaz imposible que tiña o formiguillo no corpo, non achaba acougo nin había cousa que o atemorise. Era primeiro agabiando as albres máis crescidas, rubindo penedo de monte, nadando na corrente do río. Os feitos do amigo manifestábanse agrandados, iluminados de novas córes, como sagas dun heroi antigo. Fora pola mañón ou fora pola tarde? Non había concordo, que ás veces a memoria tiña os seus fallos. Xogando á estornela —que forte lle daba ao palán o Marquiños!— rompera aquel vidro da fenestra da escola. Muito tempo estivo sen repoñer e entraba a chuva e a friaxe do vento. Máis que o mestre indagara e amenazara nunca soupo do autor da desfeita, que ninguén era para delatar compañeiro. Recordaban o acontecimento abaixando a voz, esguellando prós lados por mor de asegurarse que ninguén podía ouvir pois era segredo gardado. Gardado moitos anos non era cousa de proclamalo agora que xa era segredo de morto. Toda aquela forteza, aquela vitalidade moza do Marcos eles viran ir decrepitando deica parar naquel caixote negro levado aos ombros dos netos para o cemiterio. Calaron nun silencio longo, sumidos en confusas lembranzas, sentindo o agarimo do sol na pele enrugada e resequida das faces e das maos apoiadas nos rústicos báculos de pau retorto.

Logo retomaban o fío da conversa deica que o disco do sol tocando nos bicos da montaña xa non daba calor.

Cada ano trai o seu inverno, tempo de fríos e chuvas que obrigan a permanecere no encerro da casa. A xente nova aínda vai e ven, que nin o se mollar dalle catarreira forte nin a friaxe lle tolle como á vedraia. Os días son curtos pero fainos longos de máis o aborrecimento. È aquelo de estar así sen facer cousa que preste pousado a rentes da lareira con aquel fume que fai esbagoallar os

ollos, de cando en vez hai que andar un pouco polo corredor para destumecer os pés, chegarse á fiestra e ver a auga escorrer polos vidros abaixo... É aborrecido.

A mestría das ilustraciós e dos adornos domina tanto o dibuxo como a côr. Nas côres ten a riqueza e brillantez característica da escola cruñesa de iluminadores de manuscritos: "As reproduciós a meio tono das ilustraciós e adornos das páxinas do manuscrito —di Cecil Roth— dan unha débil impresión da vivacidade e esplendor do orixinal cos seus vivos roxos, verdes, púrpuras, violetas delicados, e os seus dibuxos exquisitos en laranxa, lila e azul. Nas marxes hai unha gran profusión douro, e moitas vegadas de prata, compostos con tal habilidade (cecáis según as reglas prescritas polo parente do artista) que dan casi a impresión de ser esmalte. Hai sempre, non embargantes, un perfeito balance e un bon gusto: en ningures ista profusión se convirte en ostentación nin a riqueza descende á vulgaridade. O artista endexamáis se cansa da sua laboura, rara vez se repete, e sempre está disposto a ofrecernos un novo motivo arquiteitónico ou un novo voo da sua fantasía. Sempre coida en termos da páxina máis que dos detalles; e debido a isto o manuscrito pode ser tido como unha coherente obra de arte, dende o comenzo ate o fin. Moi poucas vegadas se logróu, niste tipo de traballo, unha colaboración máis estreita entre o autor do texto escrito e as iluminaciós". [11]

Cando a *Biblioteca Bodleian* da Universidade inglesa de Oxford publicóu o folleto, con moitas ilustraciós das páxinas máis belidas da *Biblia Kennicott,* so 11 obras conservadas nela habían merecido semellante honor. A Biblia en hebreo, ilustrada, adornada e escrita por grandes artistas coruñeses, galegos, é un dos grandes tesouros do arte e da cultura dun dos periodos máis brillantes na historia da Humanidade: no que tódolos pobos europeos, especialmente os do Oucidente, espertaban con grandes ilusiós culturás, os máis ampros horizontes, rexuvenecidos polos aires vitalizantes do Renacemento.

EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ

New York

[11] Cecil Roth. o. c. 6.

COMO CALQUER OUTRO DÍA

1. — "Un día é como outro día calquera" (Heráclito, fragmento 106). E traballo dos especialistas a determinación do significado auténtico de ista sentencia, do que Heráclito quixo espresar con ela.

2. — Mais, desentendéndonos do rigor histórico, e asumindo a sentencia na sua significación inmediata, pódese formular, nunha perspectiva puramente literaria, ista pregunta: ¿Unha sentencia tal é compatible co rasgo máis divulgado do pensamento heraclitán? É decir: coa afirmación de devenir; de que todo corre, de que ninguén se baña duas veces no mesmo río, etc. etc. ¿Non intuie a sentencia un contínuo retorno do diario, unha fonda inmutabilidade do acontecer, incompatibles coa dialéctica motora? Os ríos cambiarán a cada intre, mais os días parece ser que se repiten.

3. — Non oustante, á beira de ista interpretación, cabe outra de sentido contrario. Efectivamente: os días, pódese decir, son sempre distintos; e xusto en canto distinto, cada día é como outro día calquera. Cada día é tan distinto —e, polo tanto, en principio, tan valioso— como outro calquera.

4. — Tal intento de conciliación semella un valeiro xogo de palabras.

Agora ben: soio valorando cada día como unha nova creación do tempo, hastra certo punto —ou incluso, de todo punto— independente, ceibe dos días anteriores e dos posteriores, soio eisí é lóxico equiparar todos os días, medilos co mesmo raseiro e, simultáneamente, individualizalos plenamente.

En cambio, pra a mentalidade que chamaremos burguesa, os días están xerarquizados; varían de valor, de importancia, según o posto que lles corresponde no esquema de un plan prefixado. Os días son pezas do plan; o plan é algo do que se é propietario, como se é propietario das cousas: o plan é como unha cousa, e os días están cousificados. Polo tanto, os días non "son": "téñense" —teño tantos días pra esto, tantos días pra esto outro—. Aparece unha vez máis a criticada preterición do "ser" en beneficio do "ter". Nun plan biográfico que, por exemplo, requira certo sagrificio, os días correspondentes ao tempo do sagrificio quedan subordinados, suxetos, aos días nos que se disfrute da recompensa merecida polo sagrificio. A significación dos días, dentro do plan, está predeterminada; non se lles deixa en libertade pra seren o que señan en sí. Por outra parte, apousado no convencimento de que o acontecer hase axustar naturalmente a unhas eisixencias máis ou menos vulgares e

a unhos modelos precedentes —por aquelo de que, ao fin e ao cabo, non hai nada novo baixo do sol—, o esquematismo do plan implica, claro é, un empobrecimento da realidade.

5. — O espíritu libre, polo contrario, acepta con gusto a libertade dos días. Non os subordina unhos aos outros, non os prefigura con esquemas forzosamente estreitos. Non quere solidificalos, cousificalos; porque non quere solidificarse il mesmo, eliminar o "ser" co "ter". Non é ter cousas o que desexa, sinón ser coas cousas; síntese alleo ao sentido da propiedade. Como non está ao servicio de ningún plan, non depende tampouco de meta ningunha; por eso pode ir pra onde queira, como pode estar quedo; pra il, verdadeiramente, "o camiño que sube e o camiño que baixa, son un e o mesmo camiño" (Heráclito, fragm. 60).

6. — Namáis os que non reconozcan metas "necesarias" teñen capacidade pra optar por calquer meta. Namáis iles teñen autodominio. Libertade e planificación non son contradictorios; contradicrio é planificar con libertade e sin libertade. O espíritu libre conta, pois, con todas as posibilidades do espíritu burgués, e con moitas máis aínda. Soio pode elexir libremente o que non se sinta de antemán atado a ningún dos obxetos elexibles. E soio pode planificar sin posibilidades de fracaso o que se decate de que a máxima racionalización, lexos de solidarizarse co convencimento de que nada novo hai baixo do sol, comprende que mesmo "o sol é novo cada día". (Heráclito, fragmento 6).

7. — Toda persona, posibelmente, leva un espíritu libre e máis un espíritu burgués. Un dos dous predominará sobre do outro, ás veces quizás en dependencia das etapas cronolóxicas da persona, ou de circunstancias históricas. I eisí como hai innumerables modos de aburguesamento, eisí tamén pódense encadrar dentro da libertade modos incluso aparentemente contrarios: dende a libertade valeira e humillada, pero, ao seu xeito, exemplar e fermosa, dos que, non tendo pra onde ir, non teñen tampouco máis remedio que andar, hastra a libertade, chea de contido, das máis firmes (pero libres) adhesiós a metas ideales.

CAMILO G. SUAREZ-LLANOS
L u g o

ENCOL DUN LIBRO MAXISTRAL: "O CANCIONEIRO DE PERO MEOGO" [1]

Dende que Cotarelo Valledor editóu no ano 1934 o *Cancionero* de Payo Gómez Chariño, cásique non se tornara a producir en Galicia un feito semellante. Precisáronse trinta e dous anos máis, un terzo de século, pra que, co pulo do novo rexurdimento cultural na nosa terra, un dos máis destacados valores de arestora, o Prof. X. L. Méndez Ferrín, se entregase á tarefa de estudar a persoalidade e máis a obra de outro trovador galego. Nises trinta e dous anos longos teñen sido bastantes os traballos adicados a ista crás de pubricaciós; eruditos portugueses, brasileiros, italiáns, fixeron edicións parciaes de trovadores galego-portugueses. Dos especialistas galegos, que nós seipamos, somentes o Prof. Fernández Pousa pubricóu un cancioneiro persoal, o de Bernal de Bonaval ("Rev. de Dialectología y Tradiciones Populares", X, 1955). Iste traballo dos especialistas é preciso, pra ir deliñando cos contornos debidos as persoalidades de relevo no cadro da nosa poesía medieval. Por tal razón témonos de felicitar e acoller con ledicia *O Cancioneiro de Pero Meogo,* que a dilixencia de Méndez Ferrín, con ferramenta nova, dono dun agudo senso crítico, acaba de pór nas nosas mans. Con il a investigación galega no tarreo filolóxico e histórico-literario gana un escalón máis pra se incorporar ao movimento mundial en roda dun fenómeno artístico que, sendo noso, pertenez ao mundo enteiro. Agardemos que o exempro cunda, e non soio o propio autor citado, senón outros novos valores da filoloxía románica, formados en Galicia e pra Galicia, adiquen os seus saberes a iste ledo redescobrimento da nosa lírica medieval. O campo é longo, e moitos os recantos escuros, así nos poetas coma na poesía, que importa ir crarexando.

Méndez Ferrín non se arredróu diante ningún dos múltipres impeitizos que se opoñen á súa vontade decidida de chegar aos derradeiros fitos, de profundizar nos cativos probremas ou apreixar os valores fuxidíos na obra de Pero Meogo. Tanto ísta coma a propia persoalidade do trovador, están inzadas de dificultades de todo orde, malia a súa aparente sinxeleza. Non imos facer eiquí un análise demorado dos logros de M. Ferrín, pois nin autoridade temos pra elo nin o vagar nos abonda. Pero, sí, queremos suliñar algúns dos moitos acertos do seu maxistral estudo e apuntar, de camiño, certas suxerencias cicáis interesantes.

Comeza o autor polo estudo demorado do nome e a persoalidade histórica de Pero Meogo, cunha recadádiva ordeada e ouxetiva de canto se ten investigado en roda do asunto, poñendo da súa parte en cada caso a certeira nota crítica. Non é moito, en verdade, o que o investigador pode engadir, porque xa é sabido que, en xeneral, a figura histórica dos nosos troveiros non conta ca testemuña documental que costuma arrodear aos

[1] Centro de Estudos Fingoy.—X. L. Méndez Ferrín: *O Cancioneiro de Pero Meogo.*—Vigo, Ed. Galaxia, 1966.

homes de vida púbrica, ainda sendo de tempos recuados. O mérito de Méndez Ferrín estriba, niste caso, no ordeamento das diversas opinións e na súa dúbida, moi atinada, de que as abondosas citas documentaes encol dun Pero Moogo, vivente en varios lugares de Galicia no derradeiro terzo do século XIII, correspondan ao noso trovador, Pero Meogo. Aínda agora (GRIAL, núm. 15) M. Rubén García Álvarez anuncia a eisistencia documentada dun crego chamado Pero Moogo, que vive en Banga no ano 1269. Pero tampouco iste novo personaxe, de non ser o mesmo que xa se tiña rexistrado en outros instrumentos legales daquil tempo, ha ser o fino trovador dos cervos e as fontes. Méndez Ferrín apunta, con acerto: "Xa que nos mss. o nome do noso trovador é MEOGO, compre investigar no senso de que eisista no século XIII galego-portugués, mesmo si non tan abondosamente como Moogo, o apellido MEOGO". Agora ben, o propio investigador cita en nota (páx. 19) un suposto PERO MEOGO, que xa podería siñificar un primeiro rastro documental do trovador; mais non se decatóu que, en realidade, o documento pubricado por Fermín Bouza Brey onde tal nome figura, preséntanos de novo a forma *Petrus Moogo*, xa conecida (Cfr. CEG., facs. III, 475-76).

Coidamos, pois, co autor, que será preciso agardar ao aparecimento documental dun PERO MEOGO, xa que, en opinión nosa (ESCOLMA, I, 168), que Méndez Ferrín acolle como atinada, o apelido MEOGO virá de "mediano" ou "do medio", nunha xeneración de tres ou máis irmáns. "Niste mesmo siñificado de "medianeiro" —engade M. Ferrín sin entrecomillar o noso testo— tópase no medievo a nominación de *rua meoga*". Polo contrario, MOOGO, según criterio xeral dos filólogos, procederá de < MONACHU, e de ahí a condición crerical de moitos dos que así se apelidaban, según a documentación que conecemos.

Pero, en todo caso, o que máis importa é a obra, i eiquí é onde o editor de Pero Meogo apura as súas pesquisas, termando dun cumprido aparato documental e crítico, co que fai pormiúda diseición do mundo poético, ambental, folklórico i estilístico, no curto e fecundo peculio artístico do trovador. Coidamos que a "Recapitulación" de M. Ferrín, onde fixa os valores esenciás da obra de Meogo, constitue unha páxina maxistral nos estudos da lírica trovadoresca galego-portuguesa, difícilmente superabre. Comentando, p. ex., a cantiga V, naquiles versos onde a doncela *vai lavar cabelos — na fontana fría*, mentres *passou seu amigo — que lhi ben quería* (e logo: *vai lavar cabelos — na fría fontana, — passa seu amigo — que muit'a amava*), o editor esprésase diste xeito: "O verbo ten nista composición un tratamento moi siñificativo que contribúi, dun xeito moi eficaz, a crear a atmósfera enneboada do poema. Realízanse, niste senso, fallas de concordancia temporal, tales como facer simultáneas dúas accións, das cales unha se enuncia en presente (*vai*) e outra en pasado (*passou*)... Nótase unha preferencia polo imperfeito. Acción, vagamente durativa, densa, inconcreta, do imperfeito, que parez que non termina nunca e que conquire facerse mesta todo ao longo do poema e nos invadirnos a nosoutros os leitores e nos darnos isa imaxe inconfundíbel de PERO MEOGO, onde nada finda, todo está a ser, a se producir amorfamente, agora antes, sempre: *volvía, amava, quería*. ¡Qué mestría poética na escura época en que estaba a crearse aínda a poesía románica!". (Páx. 38).

O fenómeno dista discordancia temporal, que por primeira vez na lírica peninsuar topamos en Pero Meogo, é, ao noso entender, dunha importancia singular, pois revela un recurso estilístico, cicáis do fondal popular,

longamente seguido dempois na ledizosa poesía castelán dos *cantarcillos* parafraseados ou glosados. A conversión do pasado en presente, ou ben o que poderíamos chamar *función presencial do pretérito,* produz, nefeito, un esquema poético de finísimas resoancias e vagos contornos, tan propios do puro lirismo. Non resistimos a tentación de traguer eiquí algúns exempros, demostrativos dun novo aspeito, deica agora non apuntado, nos infruxos da nosa primitiva lírica sobor a de Castela.

Parécenos que en tódolos exempros que siguen estamos en presenza do mesmo fenómeno, e non do seu oposto, o chamado "presente histórico", co que se trata de reforzar o realismo dun feito pretérito, aitualizándoo. Moi polo contrario, o que eiquí denunciamos é a remisión do presente pra o pasado, recurso estilístico que produz efeitos opostos, recuando a aición presente e realista a un tempo de "atmósfera enneboada", como dí axeitadamente M. Ferrín.

Xohán del Enzina é cicáis o primeiro que, co seu abuido senso lírico, de entrana popular, aproveitóu a fórmula nunha glosa ao vilancete

> Montesina *era* la garça
> y de muy alto volar,
> no hay quien la *pueda* tomar.
>
> (*Cancionero,* ed. de 1496)

Gil Vicente, o mesmo que Xohán del Enzina, tan parello seu no esprito, torna ao tema da garza e ao recurso da discordancia temporal, aproveitando outro cantar semellante:

> Malferida *va* la garça
> enamorada;
> sola *va* y gritos *daba.*
>
> (*Auto de Inês Pereira,* 1523)

Anos despois un poeta anónimo engade ao *cantarcillo* unha segunda estrofa da súa minerva, recalcando a fórmula:

> Donde la garza *hace* su nido,
> ribericas de aquel río,
> sola *va* y gritos *daba.*
>
> (Diego Pisador, *Libro de Música,* 1552)

Unha das máis belidas cantigas de tema froral que conecemos aproveita outro pareado popular, con glosa posiblemente paralelística, da que somentes conecemos a primeira estrofa:

> Alta *estaba* la peña,
> *nace* la malva en ella.
>
> Alta *estaba* la peña
> riberas del río,
> *nace* la malva en ella
> y el trébol florido.
>
> (*Cancionero de Upsala,* 1556. N.º XIX)

Outro libro musical do mesmo tempo ofrécenos un novo e belido exempro da discordancia temporal, no cantarcillo de cabeza:

Abaja los ojos, *casada*,
no *matcs* a quien te *miraba*.

Casada, pechos hermosos,
abaja tus ojos graciosos;
no *matcs* a quien te *miraba*,
abaja los ojos, casada.

(Juan Vázquez, *Villancicos y Canciones*, 1551)

Un segundo cantar recollido polo mesmo músico mostra xa certo deixo cortesán, non só polo tratamento senón tamén pola alusión á moda do enfeite:

Lindos ojos *habéis*, señora,
de los que se *usaban* agora.

O derradeiro exempro, nistes cen anos escasos de lirismo apegado á tradición popular, topámolo nun libro serodio que, coma arca privilexiada, garda o máis fermoso cantar da serie:

Gritos *daba* la morenica
so el olivar,
que las ramas *hace* temblar.

Dun tema popular fortemente intencionado, o poeta tirou unha glosa de tintes dramáticos, semellante a un segundo paso na esquemática representación dos amores da moza:

La niña, cuerpo garrido,
morenica, cuerpo garrido,
lloraba su muerto amigo
so el olivar;
que las ramas *hace* temblar.

(Esteban Daza, *Libro de Música en cifras para vihuela intitulado El Parnaso*, Valladolid, 1576).

Non temos apurado as pesquisas, pero abonda ca mostra pra nos decatar cómo aquila discordancia temporal estrenada polo xenio lírico do Meogo foi un hachado felís, de feiticeira proxenie. En gracia ao interés que o feito encerra, agardamos que o leitor nos perdoará ista digresión.

Logo do análise pormiúdo de cada unha das nove cantigas de Pero Meogo, o Prof. Méndez Ferrín encárase co *leit-motiv* da fonte i o cervo, dende os testos bíbricos deica o fin do mito no propio fin do medievo. O editor e comentador de Meogo sigue moi de perto niste cabido a Eugenio Asensio, mais as súas aportacións son, en todo caso, moi valiosas. Coidamos, non embargantes, que a vivencia do mito, sin a deturpación tardeira que nil se produxo, teráse prolongado en Galicia por máis tempo do que Asensio e M. Ferrín supoñen. Un poeta vigués do século pasado, Xosé M.ª Posada y Pereira, torna a il, e mesmo semella que na súa péna mantén todo o engado orixinal. A peza é unha auténtica solpresa no medio da obra vulgar de Posada, onde somentes de tarde en tarde albiscamos as faíscas da inspiración. Nun intre afortunado, o poeta escribíu iste soneto:

A DÓS ESPOSOS

La tierna vid al olmo vi enlazada:
La verde yedra al fuerte muro asida.
Y una guirnalda hermosa sostenida
Del amor en la sien afortunada.

Dos ríos en su marcha sosegada
Unidos hasta el fin de la partida:
Y el ciervo hallar la fuente apetecida
Del páramo entre flores ignorada.

Tal es la unión feliz de dos esposos,
Que el Eterno estrechó con nudo fuerte
En solemnes momentos venturosos.

¡Feliz destino, bienhadada suerte,
Si juntos, entre abrazos amorosos,
Les adormece el ángel de la muerte!

(*Poesías*, Vigo, 1866.—Imp. de A. de Lema, folletón de "Faro de Vigo").

¿Ónde foi topar Posada y Pereira o tema distes dous versos suliñados por nós? ¿En leituras antergas, nos testos sagros, na tradición popular galega? Non sería estrano o derradeiro, pois é o certo que a vixencia dos temas de fontes e cervos no noso folklore acredítase, coma o ten demostrado F. Bouza Brey no estudo *El tema romancesco del ciervo de pie blanco,* aducido por M. Ferrín. Ás consideracións de Bouza compre aínda engadir outro feito, non anotado deica agora, en relación co raro *Romance de Lanzarote,* onde aparez o cervo do pe branco. A máis da versión oxe conecida, eisistíu outra citada por Antonio de Nebrixa, quen no 1492 considera xa ao romance coma antergo. Iste romance ven compretar unha versión paralelística do diálogo antre Lanzarote e máis o ermidán. Damos seguidas ambas versións, pra acusar o feito:

—Digas tú, buen hermitaño — que haces la vida santa,
aquel ciervo del pie blanco — ¿dónde tiene su morada?
— Por aquí pasó esta noche — una hora antes del alba.

(Nebrixa)

— Digas tú, buen hermitaño — que haces la santa vida,
aquel ciervo del pie blanco — ¿dónde tiene su manida?
— Por aquí pasó esta noche — dos horas antes del día.

(*Cancionero de Romances,* 1550)

Notemos, de paso, a progresión "una hora = dos horas", nun xogo adoitado en certas composicións populares, e que cicáis levase o desenrolo paralelístico máis lonxe aínda. Tanto Nebrixa como Cumillas, que glosa o romance en *-ía* no *Cancionero de Constantina,* o encetan co diálogo, e non ca introducción de *Tres hijuelos había el rey,* evidente engádega serodia. Todo fai matinar nunha inicial cantiga paralelística dialogada, inxerida dempóis no corpo romancesco onde a primitiva prosa do episodio arturián se verquéu. A tal cantiga paralelística, estreitamente vencellada

á tradición lírica galego-portuguesa, presentásenos moi emparentada ca temática i o feitio coloquial de Pero Meogo.

Sinalemos, por exempro, a cabal semellanza distes versos:

—Digades, filha, mia filha velida... (Meogo, IX)

—Digas tu, buen hermitaño — que haces la santa vida...

(*Romance de Lanzarote*)

O primeiro a notar é a presenza do imperativo baixo a morfoloxía do suxuntivo, isto é, dun verdadeiro traspase da forma empregada no imperativo negativo (*non digades, non digas*) ao positivo. Recurso que supón, o mesmo que no caso da función presencial do pretérito, unha certa atenuación da aición verbal, en aras da dozura poética, ao lle tirar ao imperativo categórico parte da súa dureza. Trátase, en suma, do chamado suxuntivo optativo, documentado de primeiras en Pero Meogo, e que coidamos ser forma de xinea popular ou arcaizante.

Logo a seguir do verbo, aparez nos dous versos o suxeto invocado (*filha, hermitaño*) acompañados ambos de calificativos eloxiosos (*velida; buen* [santo] = *que haces la santa vida*). Mesmo semella que o poeta castelán tivo á vista a fórmula de Meogo. Fórmula que, por outra banda, debéu acadar certa fertuna, pois de novo atopámola no popularizante Gil Vicente, naquila fermosa *Cantiga* ao final do *Auto da Sibila Casandra*, auténtico madrigal á Virxe María:

.....
Digas tu, el marinero
que en las naves vivías
.....
Digas tu, el cavallero
.....
Digas tu, el pastorcico
.....

No mesmo século XVI ollamos outravolta o esquema en dúas versións dun romance de ambentación rural:

Digasme tu, la serrana
(Digasme tu, la aldeana)
adamada de facciones...

(*Tercera Parte de Flor de Varios Romances*, Madrid e Valencia, 1593).

Dous anos máis tarde, nun romance cidián:

Digades me aleues Condes — que fallastes en mis hijas...

(*Séptima parte*... — Madrid, 1595).

Non temos en conta a composición de Álvaro de Cumillas, enriba citada.

Digaste tu, el Pensamiento — que sostienes triste vida,

por se tratar, en realidade, dunha contrafeitura do *Romance de Lanzarote*.

Non menos interesante é o cabido que o Prof. M. Ferrín adica a "O tema da entrevista na fonte", cunha densa aportación documental, ao longo das testemuñas literarias de toda a Romania medieval e o específico folklore galego, dende a lonxana data en que San Martiño de Dumio denuncia o culto pagán ás fontes, os ritos da fecundidade pola presencia das augas,

etcétera, deica romances tan ilustrativos como os de *Miña nai mandoume á fonte* e *Día de San Xohán alegre*. As citas do ecoar do tema en Castela chegan ata San Xohán da Cruz, glosador dun vello cantarcillo, "que bien sé yo la *fonte* — que mama y corre". Méndez Ferrín fáise eco da tese de Dámaso Alonso, sobre o orixe "dialectal occidental" da palabra *fonte*, e pregúntase con moita razón: "¿Ppr qué non galego-portugués?". Nós lle contestaríamos a M. Ferrín con dúas palabras: porque, non sabemos por qué, dende un tempo a ista parte hai unha tendencia enfermiza a chamar, en achaques da fala, "occidental", ou ben "leonés occidental", a todo o que non é outra cousa que *galego*, ou *galego oriental*, pra poñérmonos de acordo.

Por certo que, volvendo ao pasado, o tema aínda permitiría a cita de testos moi elocuentes, tales coma o vilancico LVI do *Cancioneiro de Évora*, que motiva un longo comento de Arthur Lee-Francis Askins, o seu derradeiro editor, a cuio conecimento non chegóu M. Ferrín, posto que o seu traballo dátase o 17 de marzo de 1964 e a edición de Askins é do 1965. Somentes na vella de Hardung o poidera conecer. Coidamos que interesa transcreber eiquí o poema, xa que tan longo vai iste comento e un chisco máis non importará. Vai tal como o editor nolo da:

enbiarame mi madre
por agua a la fonte fría,
vengo del amor ferida.

Fuy por agoa a tal çezon
que corrio mi triste hado,
traygo el cantaro quebrado
y partido el coraçon;
de dolor y gran pacion
vengo toda espauorida
y vengo de amor ferida.

Dexo el cantaro quebrado,
vengo sin agoa corrida.
mi libertad es perdida
y el coraçon catiuado;
ay que caro me a custado
l'agoa de la fonte fria,
Pues de amores vengo erida.

Tamén nun prigo gótico da primeira metade do século XVI topamos uns versos de outo interés, en relación co *cervo ferido*, de Meogo, que *irá morrer al mar*. Eiquí é precisamente a mesma fonte dos seus amores onde entregará o cervo-amador os derradeiros alentos da vida:

.....
Compara y applica.
Quando el cieruo esta herido
e la yerua va sintiendo
que le hiere
pensando ser socorrido
alas fuente va corriendo
y alli muere
ansi yo desuenturado

desque herido quede
sin concierto
fuy ati hacer (sic) remediado
y en llegando que llegue
quede muerto.

.....

(*Colección de pliegos sueltos, ogora de nuevo sacados, recogidos y anotados* por Vicente Castañeda y Amalio Huarte.—Madrid, 1929).

A derradeira parte do seu traballo adícaa M. Ferrín a estudar as abondosas edicións que, en todo ou en parte, se teñen feito de Pero Meogo, dándonos a seguir a súa propia. Traballo demorado, meticuloso, que comprende "Análise métrico", "Manuscritos", "Diverxencias nos manuscritos" e "Leitura crítica". A anotación das precedentes edicións é pormiúda, chegando incruso aos evidentes erros de imprenta, dos que, en boa lóxica, debéu prescindir. Mais coma o que abonda non dana, non hai dano tampouco en anotar ata o máis cativo nunha edición crítica de tal entidade, que moi perto está de ser definitiva, si por ventura nono é xa. Sinalaríamos algúns erros de imprenta, tales coma *non fa'çeu,* en troques de *non faç'eu* (II, v. 5), e *asperava,* por *asperara* (VI, v. 23); o editor non xustifica a súa variante, frente á leitura en xeral admitida, máis acorde co senso lóxico e ca outra palabra rimante, *liara.*

Por remate do seu meritísimo traballo, o Prof. M. Ferrín ordeóu o "Glosario etimolóxico" das voces empregadas por Meogo. Son 42 páxinas onde a man do filólogo puxo o millor do seu saber, da súa fina capacidade de penetración nos escuros laberintos da fala anterga. Istas páxinas son, ao noso entender, unha aportación de primeiro orde ao estudo do lésico medieval galego, feita por un mozo galego, cousa que nos importa moito destacar. Por certo que, en razón dise mesmo saber seu, quixéramos conecer os motivos que incrinaron a M. Ferrín ao uso da voz *cántiga,* esdrúxula, frente á chaa *cantiga.* Ben sabemos que a custión é batallona, e nisa batalla aínda autoridás coma Corominas non saben qué campo escoller, pois non fallan razóns e testemuñas que abonan ámbalas formas. Por iso mesmo, sería importante que un filólogo ca formación e bo criterio de M. Ferrín, aportase a súa visión do probrema. Si a ocasión non lle parescéu axeitada, cicáis agora se decida a facelo, tras ista amical insinuación. Podería ser que do seu traballo resultara que ambas formas son valedeiras. Mais, en todo caso, ¿cál delas será a máis autorizada polo uso e a tradición literaria? Nós, con Valle-Inclán, estamos no campo da *cantiga,* pero dispostos, si as razóns son boas, a pasármonos ao da *cántiga,* que, ao que semella, resulta máis grato aos ouvidos *orientales.*

Como final, debemos sinalar que, a xeito de complemento do seu libro, inxire o autor nas derradeiras páxinas, unha copiosa relación da bibliografía citada no testo, que divide en dúas partes: Cancioneiros, obras colectivas e revistas; e libros i estudos en revistas. Incorpara tamén, oito facsímiles das cantigas de Pero Meogo.

XOSÉ M.ª ÁLVAREZ BLÁZQUEZ
O v i e d o

SOBRE LA EMIGRACIÓN DE CURROS ENRÍQUEZ

I — Causas

No coinciden los biógrafos del poeta celanovés, al señalar qué motivo le empujó a tomar la determinación de marchar a América. Son tres los que hemos visto expuestos: escasez de medios económicos, un incidente ocurrido en la redacción del periódico donde trabajaba, y graves disgustos familiares. Examinemos esas supuestas motivaciones.

Que la emigración era debida a estrecheces económicas, fue opinión generalizada en su tiempo, tanto en Galicia como entre los gallegos de América. Opinión que no hacía más que reflejar lo que no era un secreto: que Curros se venía desenvolviendo en medio de apuros monetarios.

Conservamos algunas cartas que confirman esta creencia y de las que ofrecemos un par de muestras. Son de 1904, cuando Curros visitó España.

Marcelo Macías, que estaba en estrecho y permanente contacto con personas de la intimidad del poeta, escribía desde Orense el 26 de octubre: "Lo peor es que el pobre Curros se haya tenido que ir a Cuba en busca de una "cunquiña de caldo" [1]. Aquí estuvo varios días y le visité. El hombre estuvo afectuosísimo conmigo, y noté que se iba al "otro mundo" como el que va a presidio". Y Julio Dávila, muy relacionado con la emigración gallega en Argentina, decía desde Buenos Aires en 1.° de diciembre: "Y algunas de estas reflexiones me hice al leer la crónica de los festejos a Curros (se refiere a su coronación en La Coruña): ¡Poeta, te glorificamos, pero vete a tierras extrañas a ganarte el pan; huye de nosotros si no quieres que te empecemos a morder y, pasando necesidades, maldigas, sino a Galicia, a sus hombres!".

Pero no tendríamos que recurrir a testimonios ajenos; bastaría con espigar en las cartas que poseemos del propio Curros para encontrar alusiones a su penuria económica, trabajo que por su extensión habrá de quedar para mejor oportunidad. Sin embargo, estimamos interesante ofrecer una prueba más sobre las ya conocidas de que la emigración no solucionó el problema del poeta. Escribe desde La Habana el 16 de julio de 1903 (nótese: nueve años después de su marcha), haciendo estas amargas consideraciones: "La vida de rudo y desesperante trabajo a que me veo condenado en este infierno, me impide consagrarme a los versos. Necesitaba un par de años siquiera de sosiego y reposo en una aldea de mi tierra para escribir algo de lo que llevo dentro y que no saldrá nunca si no me toca la lotería [2]. — Dice V. que me tienen olvidado hasta en mi propio pueblo. Harto lo sé y no me pesa. Ese pueblo sólo tiene amor a sus caci-

[1] Recoge este concepto del propio poeta: "Cuba, que amei delorida, / acólleme expatriado, / e n-ela n'ha de faltarme / unha cunquiña de caldo". ("A o pobo cruñés", leída en la fiesta de su coronación el 21 de octubre de 1944).

[2] En esta época son frecuentes las alusiones de Curros a la lotería. Se nota que fiaba a un problemático golpe de suerte su liberación económica y su regreso a la patria gallega.

ques o a los que van de aquí cargados de pesos para ponerlos ahí a usura. Como yo no había de llevarlos, me resigno a dejar mis huesos por estas sábanas tropicales y espero que no ha de faltar quien los recoja algún día para llevarlos donde es bien que descansen para siempre".

¡Qué tristeza causan tales lamentaciones! No se agradeció en vida, pese a voces aisladas que se alzaron contra tamaña injusticia, lo que para Galicia representaron Curros, Murguía y Rosalía, Vicetto... que sufrieron casi continuas angustias económicas y, al morir, dejaron desamparadas a sus familias. Queda al menos el consuelo de que se cumplió el postrer anhelo del poeta y a Galicia vinieron sus restos, dándoles La Coruña digna y emocionada acogida.

El segundo de los motivos aducidos es que la decisión de emigrar, fue debida a un incidente en la redacción del periódico madrileño donde Curros prestaba servicios, cuando durante una conversación o discusión salió a relucir su famoso proceso en Orense. Y parece abonar esta opinión la noticia del diario coruñés "La Voz de Galicia", en su número del 22 de febrero de 1894, al embarcar el poeta en el puerto herculino con destino a América: "Procedente de la Corte, en donde se hallaba como redactor de nuestro colega "El País", *cargo que hubo de abandonar*"...

Sin embargo, no es fácil admitir que un incidente de esa índole, por violento que resultase, haya sido causa de la emigración. El ambiente desfavorable pudo hacerle regresar de Orense a Madrid, pero en la capital corrían otros vientos. Considérese, además, que habían transcurrido trece o catorce años desde el proceso; que aún no hacía seis de la publicación de "O Divino Sainete", donde las opiniones de Curros se habían radicalizado hasta extremos insospechados; que Curros estaba orgulloso de lo que había escrito y de las reacciones de sus oponentes, aunque creemos que, en su fuero íntimo, lamentase que el "Sainete" no hubiera sido objeto de igual persecución que "Aires", cosa que indudablemente esperaba, y que, en fin, con su recio carácter, fraguado en la lucha y en la adversidad que desde la infancia le acompañaron, no iba a afectarse en demasía por unas palabras más o menos hirientes, oídas en la redacción de un periódico en el que estaba desde luego bien considerado.

Nos queda, para terminar, el examen del posible motivo de las desavenencias familiares. Se da como cierto que la vida matrimonial de Curros no fue feliz, tanto en lo que respecta a las relaciones con su esposa como con los hijos. Sería prólijo exponer ahora los testimonios que favorecen esa afirmación, pero sí podemos aportar algo nuevo.

Aurelio Ribalta escribía desde la Corte, el 23 de junio de aquél 1904: "Sé que está Curros en Madrid, pero creo que se oculta, sin duda para evitar una entrevista con su familia. Deduzco esto de que un orensano amigo de Curros y mío no quiso decirme dónde éste vive. Veremos si me lo dicen Carracido o Manuel Ángel [3]. Reserve estos detalles". Y Andrés Martínez Salazar, contestando a la precitada carta de Julio Dávila, le dice desde La Coruña el 1.° de enero de 1905: "Confidencialmente, diré a Vd. que Curros se vio obligado a ir a Cuba por graves disgustos domésticos; la causa persiste y tuvo que volver"; y sigue diciendo que se le instó reiteradamente para que no regresara a América, pero que el poeta

[3] **José Rodríguez Carracido, el ilustre científico gallego y gran amigo de Curros, intencionado prologuista de "El Maestre de Santiago". Manuel Ángel, pintor y dibujante también amigo del poeta, cuyas obras ilustró.**

se vio obligado a hacerlo por el motivo señalado. ¿Sería al propio Andrés Martínez a quien Curros hizo la confidencia? No nos extrañaría, pues les unió una larga y constante amistad.

Más cosas podríamos decir sobre el asunto y más consecuencias podríamos extraer de lo ya dicho. Pero creemos haber llegado al momento en que se pueden sacar conclusiones.

Nosotros deducimos que las tres causas señaladas pudieron haber sido, más que motivos aislados, concausas de la determinación de Curros de abandonar España. De no ser así, nos inclinaríamos decididamente por el primero y tercero de los expuestos, prescindiendo del segundo por su evidente mínima importancia.

II—Destino

Otro extremo acerca del que tampoco existe unanimidad entre los biógrafos del poeta, es el del punto de América a donde Curros se proponía emigrar. Las opiniones están divididas entre Cuba y Méjico. Veamos lo que dicen sobre el particular.

Quienes se deciden por Cuba, fundamentan su preferencia en la carta de Curros a su pariente Emilio Rico, fechada en La Coruña el 19 de febrero de 1893 y publicada por "La Voz de Galicia" el 3 de abril de 1908, después de la muerte del poeta, y que fue facilitada al periódico por Filomena Dato. De tal documento no hemos encontrado más noticias que las que se basan en la reproducción de "La Voz", que no dice si la hace del original o de una copia.

Alegan también cierta información periodística con motivo del embarque de Curros, como el suelto ya citado del diario coruñés de 22 de febrero de 1894, en que se lee: "No hace mucho tiempo lamentábamos *la marcha para La Habana*... y hoy... tenemos que dar cuenta de *la partida para igual punto* del más inspirado, del más ilustre de los poetas gallegos, Don Manuel Curros Enríquez".

Pero ocurre que ese mismo suelto, líneas más abajo, dice también: "El Sr. Curros Enríquez... *quizá se traslade desde La Habana a Méjico*", lo que deja en principio igualados a los partidarios de uno y otro país.

Volvamos, pues, a la carta de Curros, documento que dio motivo a una apasionada polémica —no del todo extinguida— sobre si era auténtica o no, o si, por lo menos, había sido modificado su texto primitivo.

Mucha tinta ha corrido defendiéndola y atacándola, seguramente porque contiene unas frases que muestran a un Curros Enríquez no ya religioso, sino cristiano y aún católico. Y no podemos olvidar que se publicó hace casi sesenta años, cuando la separación entre creyentes y librepensadores alcanzaba dimensiones poco menos que siderales. Recuérdense a este respecto los desagradables incidentes a que dio origen el entierro del poeta en La Coruña, por si debían reposar sus restos en el cementerio católico o en el civil.

La primera tacha que se pone a la carta —y alteramos el orden de nuestro trabajo para dejar definitivamente de lado este extremo— es su fecha, 19 de febrero de *1893*, lo que no coincide con la afirmación de que se escribía la antevíspera de tomar el vapor, ya que embarcó el 20 ó 21 de febrero de *1894*. Pero, a nuestro juicio, se trata de un error material del periódico, pues la introducción que hace a la propia carta dice "que pinta sus instantes de vacilación *al abandonar la patria gallega hace ca-*

torce años"; y catorce años antes de 1908 es precismente 1894. Es decir, que quien redactó esa introducción estaba leyendo 1894, como el original sin duda decía; y si era víspera o antevíspera, es detalle de menor cuantía, ya que no era —mi es— demasiado infrecuente que los buques alteren en alguna fecha su llegada o salida de puerto.

La carta contiene rotundas precisiones de que Curros marchaba a Cuba y para nada se refiere a Méjico. Copiamos el fragmento que ahora nos interesa:

..."había anunciado (Luciano Puga) mi próxima llegada a La Habana, me ofreció cartas para sus amigos, entre ellos hay un fabricante de tabacos: gallego, llamado Vales, el cual echará los bofes por mí y a cuya casa debo ir a parar. Éste tiene ya instrucciones para obtener se me nombre secretario del Centro Gallego. Según Puga, en este destino no tendré más que ocho o nueve onzas mensuales; pero tiene esperanzas de proporcionarme una plaza de redactor del Diario de la Marina, y con estos dos sueldos, si puedo desempeñar los dos cargos, viviré bien".

O sea; que para Curros La Habana no era escala sino término del viaje. Y allí estaba todo poco menos que resuelto: su llegada anunciada con la suficiente anticipación, alojamiento seguro, cartas de presentación de quien tenía valiosas relaciones, persona que se iba a volcar para atenderle, y hasta la probabilidad de dos empleos, uno de ellos casi en la mano, incluso con sueldo señalado.

¿Y los biógrafos que opinan en contra? Dicen —y tienen razón— que el estilo de la carta es impropio de Curros Enríquez, que no podría escribir de ese modo aun proponiéndoselo; que, con base en testimonios fidedignos como el de un primo carnal del poeta por entonces residente en La Habana, el propósito era radicarse en Méjico; que son hechos probados que jamás llegó a desempeñar secretaría alguna del Centro Gallego, y que si alcanzó el puesto de redactor del "Diario" fue años después, y tras de realizar en él el modesto trabajo de corrector de pruebas. Siguen diciendo, y con verdad, que lejos de ocupar aquellos empleos, Curros tuvo desde el principio que abrirse camino de la única manera que sabía hacerlo: escribiendo, dedicándose de lleno al periodismo al fundar "La Tierra Gallega" y "El Diario de la Familia"; dicen que... pero parece ya innecesario continuar la lista de sus objeciones.

Y nosotros, ¿qué podemos aportar que contribuya a esclarecer quiénes tienen la razón? Pues el original de otra carta autógrafa de Curros a Martínez Salazar fechada en La Habana el 9 de abril de 1894, es decir, aproximadamente al mes de su llegada. La reproducimos en la parte que interesa, subrayando, como antes, las frases más significativas para el fin propuesto:

"Mi queridísimo amigo: Perdóneme V. y perdónenme asimismo todos los demás amigos y contertulios, que no les haya escrito antes. *Como de mi llegada nadie tenía aquí noticia, los primeros días de mi estancia en la Habana fueron para mí muy difíciles*"... "unos y otros acaban de darme una gran prueba de afecto *oponiéndose a mi salida para Méjico* y facilitándome medios para publicar "La Tierra Gallega"... "Dígale V. a Golpe que entregué su carta a Waldo (lo mismo que la de V.)"... "Si la salud no me falta creo que haré fortuna. Pero hay que ayudarme! porque el alma flaquea y sin entusiasmo no se va a ningnuna parte".

¿Dónde queda el rosado panorama que Curros describe en su discutida carta? La realidad es completamente distinta: se dirigía a Méjico, y

sólo quedó en Cuba a instancias de los gallegos de La Habana; nadie sabía de su llegada, por lo que el anuncio —¡por cable, nada menos!— de Luciano Puga (ni una sola vez lo cita, aunque envía recados o recuerdos para Aurelio Ribalta, José Ogea, Eladio Rodríguez, Galo Salinas, Juan Manuel Paz, Bernardo Barreiro, Victoriano Novo, etc.), resulta inexistente; si sus primeros días en la capital fueron tan difíciles, es que tampoco el citado Vales lo alojó en su domicilio. (Por cierto: Couceiro Freijomil en su "Diccionario de Escritores", al hablar de Vicente Fraiz, que había de ser uno de los colaboradores de "La Tierra Gallega", dice de él: "Fue quien dio la mano a Curros Enríquez cuando el gran poeta, desilusionado, pisó tierra habanera. Sin Fraiz, Curros —éste lo dijo— se habría muerto de hambre". Couceiro no indica de dónde toma tan interesante referencia); para nada se alude a cartas de presentación, que no sean las de Salvador Golpe y Martínez Salazar para Alvarez Insua, lo que si no demuestra que no hayan existido, no deja de causar extrañeza; ni el repetido Vales ni nadie en particular, estaba de antemano dispuesto a favorecerle, y de los aludidos empleos tampoco había nada, aunque esto ya era sabido. ¿Y esa conmovedora petición final de ayuda? Creemos que sirve por mil razonamientos.

¿Qué conclusión hemos de obtener? Los hechos nos llevan sin remedio a rechazar la carta de Curros, a no considerarla auténtica. Claro que podemos pensar que, deliberadamente, dio a sus familiares esa tan optimista como falsa panorámica de la acogida que iba a tener en América. ¿Posibles motivos de tan arriesgada suposición? Quizás un íntimo sentimiento de inferioridad por su fracaso conyugal, por su fracaso económico, por las tempestades levantadas alrededor de su producción literaria, que le inclinase a mostrar todo ello como producto exclusivo de la mala suerte y de la mala voluntad de los gallegos peninsulares. Suerte y conducta que habrían de cambiar en nuevas tierras, reconociéndose plenamente su valía y elevándosele hasta el puesto señero a que era acreedor. Y entonces la carta sería verdaderamente de Curros, y no habría sido sorprendida la buena fe de Filomena Dato, mujer tan profundamente religiosa como admiradora del poeta.

Pero no. Eso sería muy humano, mas no lo concebimos en Curros. Y no es que le desconozcamos flaquezas, sino que su gallarda reacción ante las contrariedades, su insobornable amor a la verdad (aunque fuera a "su" verdad), su tremenda honradez consigo mismo, probadas antes y después de la emigración, no resultan compatibles con ese engaño deliberado, con esa negación rotunda de sus principios.

Y para finalizar, ya que hemos procurado contestar interrogantes que están en el aire, nos permitimos dejar uno por nuestra cuenta: ¿Por qué iba Curros a Méjico, país en el cual, que se sepa, carecería de los posibles apoyos que podrían brindarle, por ejemplo, Cuba o Argentina? Sería muy interesante llegar a conocer la respuesta.

ANDRÉS MARTÍNEZ-MORÁS Y SORIA

Vigo

RAIZ E TEMPO

Os nosos intereses

A tarea de Galicia —xa se sabe— é unha tarea de todos. Non é nin pode ser tarea dun partido político, porque está máis alá dos partidos, e millor aínda, por riba dos seus intereses e máis alá tamén de todo partidismo. É a tarea de Galicia unha tarea de todos, máis alá de calquera ideoloxía política concreta e tamén por riba de calquera interés. Na tarea de elevar ó país, no empeño por dinificalo, no esforzo por facelo conscente da súa propia singularidade, todo o mundo ten unha tarea e cada quén terá sempre reservado o seu posto. Por sorte, hoxe está superado xa aquel tempo en que, por forza, non podía haber máis que unha minoría orientadora, un núcleo conscente. Ésta xa non é unha hora de minorías, senón de espallamento e de amostrar á xente o seu propio país.

Decimos que é unha tarea de todos e así é, por certo. Pero tamén é unha tarea en interés de todos, un labor no que se xoga o noso futuro como pobo. Reparade un pouco nisto: Si chegamos a conquerir que Galicia enteira se decate dunha vez que é un pobo, ¿qué será o que verdadeiramente teremos acadado? Ou senón, fagamos a pergunta de outra maneira: Si perdemos a nosa singularidade, a nosa cultura, ¿qué queda de Galicia? Ben se comprende que non quedará máis que un territorio. Desaparecido o noso idioma, e con él a nosa cultura, non seríamos outra cousa que un pobo morto por ter unha cultura morta.

Por iso, non sempre se comprende ben un feito tan craro como o que señan xustamente os nosos intereses culturales os que primeiro e máis urxentemente se nos impoñen. Os nosos intereses económicos e sociás, é certo, son urxentes e moitas veces dramáticos. Pero así como éstes poden en calquera ocasión atopar a súa axeitada solución, os nosos intereses culturales non poden agardar máis, pois o retraso ou o mal aproveitamento duns anos, poden siñificar a nosa desaparición como pobo. De ahí que merezan hoxe toda a urxencia e toda a preferencia os nosos intereses culturales. Galicia atravesa hoxe por unha hora decisiva da súa historia e o seu futuro enteiro está a xogarse en cada día que pasa.

Pero entendámonos ben, pois non haberá que decir que por atender a uns intereses teñamos que esquecernos dos outros. Isto si que non, pois o que nos importa é a realidade total da nosa terra. E a proba máis terminante é que tanto pulo e teima se leva posto nunha cousa como na outra, dende o intre que sabemos moi ben que a nosa terra é unha realidade e que son os problemas e mailos intereses desa realidade os que esixen e piden o esforzo común de todos. Pero o que sí temos que refugar con toda a nosa forza e con toda a nosa frialdade de xuicio é que nos queiran atribuir que os problemas vivos, reales e urxentes —como si os outros non foran tan vivos, reales e urxentes— non nos importan, pois o certo é que nada fixeron por uns nin por outros quenes tan á lixeira se liberan da súa responsabilidade polo sabido procedimiento de desplazala cara ós demáis.

É pena que o barullo dos tempos ou que os tópicos que andan por ahí non deixen ver con craridade a moita xente a realidade máis fonda do noso país neste intre decisivo da súa historia. Todo o mundo se decata da urxencia que amostran os nosos problemas económicos; todos saben que os nosos agros quedan valeiros e desertos; case todo o mundo vive o dramatismo dos nosos intereses económicos e sociás. E poucos se decatan —pois non son cousas que se poidan contar, pesar ou medir, nin entran polos ollos sin máis—de que esa urxencia e dramatismo son aínda máis agudos na nosa vida espritoal. Podemos agardar aínda por resolver os nosos intereses socioeconómicos —e non moito tampouco—, pero non podemos agardar máis por gañar os nosos intereses culturales. Meditemos isto con toda honestidade e libres de todo prexuicio, e axiña comprenderemos que estamos diante do máis fondo problema da nosa terra.

Todos estamos xa cansos de saber que son os problemas económicos os que máis intensamente se viven no noso tempo; todos sabemos que estamos urxentemente mediatizados por eles; todos sabemos que é a economía o romantismo que hoxe viven os pobos todos da terra. Isto é un feito real. Pero o que todos temos que pensar con moito tino é si con tal romantismo podemos atopar pra a nosa terra a solución dos seus problemas verdadeiros. Pois ocurre que os problemas que ela nos presenta veñen dados por unha realidade única, singular e concreta, que pode que nos amostre como máis importantes e fondos uns problemas distintos, aínda que outros poidan semellar máis urxentes. Non confundamos nunca a urxencia coa importancia, pois as cousas que de primeiras poden semellar máis urxentes, tamén pode ocurrir que non sexan as máis importantes.

Volvamos sobre nós mesmos; miremos ó noso arredor e, sobre todo, conozamos os problemas e realidades da nosa terra. Pois pode ocurrir moi ben que nos atopemos coa colpresa de que os problemas da nosa terra, en concreto, son distintos dos do noso tempo, en xeneral. En calquera caso, nunca serán os mesmos. I entón ocurrirá que o noso tempo terómolo que crear nós partindo e arrincando das realidades da nosa terra. Sería unha pena que moitos mimetismos á moda nos impidan ver isto con toda craridade. Si non sabemos acadar esta serenidade de xuicio e de criterio, corremos o risco de cometer este grave erro: que se nos vaia das mans a nosa propia realidade, mentras nos quedamos de papanatas mirando pra fora, perdendo neste tempo a nosa propia terra.

15.9.66.

Diante dun novo ano

Morre un ano i empeza outro. En cada ano que pasa, si reparamos na vida da nosa terra, atopámonos con dous feitos que de primeiras semellarán-nos contrapostos: por unha banda, vemos que co decorrer do tempo. afiánzase máis cada día a concencia galega nos estratos de cultura superior e que é meirande cada día o respeto pola nosa cultura, o interés pola nosa singularidade, e que a xente empeza a decatarse de que Galicia é un grave problema do noso tempo. E frente a este craro feito que ben se bota de ver nos nosos días, vemos tamén que a nosa comunidade galega, o que de certo é hoxe o noso país, o noso mundo paisano e mariñeiro, está máis amenazado que nunca, que cada día nos atopamos con novas causas que o debilitan e con novos feitos que, de seguiren así as cousas, chegarán a acabar con il.

O primeiro feito —a toma de concencia polos estratos de cultura superior da nosa singularidade como pobo— é, de certo, un dos máis impor-

tantes acontecementos aparecidos na nosa terra. O que deica hai poucos anos non era máis que patrimonio das nosas minorías cultas, é nos nosos dias algo xeneralizado e que se admite sin máis, porque é algo que está ahí; que se vive e que se percibe. Unha realidade, ao cabo. E tanto é isto así, que hoxe a concencia galega é un feito social en Galicia, que comprende tódolos estratos sociales do país e que, conforme pasa o tempo, ún decátase de que se espalla e se amplía a tódolos sectores da nosa terra. Está gañado o respeto pola nosa cultura, que é o primeiro paso pra chegar a unha Galicia nova, sin tópicos, sin servilismos e sin desnaturalizar.

Este feito é tan craro que se toca coas mans. E non soio isto, senón que as esixencias que hoxe prantexa ós responsables do país a xente máis común, orixina unha grave responsabilidade, pois un empeza a pensar si estamos en condicións de dar á xente o que ela pide i esixe, e si estas esixencias non rebasan as nosas propias posibilidás. É a primeira vez que este feito se dá na nosa terra e todos debéramos decatarnos da gravedade que isto demostra e das responsabilidás que a cada quén lle atinxen cara ó futuro. Pois é hora de que empecemos a reconsiderar as nosas forzas e a nosa responsabilidade tamén. E nunca en millor ocasión que neste ano que remata, pois pra o que ven, por forza, prantexaránsenos con máis agudeza e con máis urxencia os problemas que agora mesmo nos asaltan.

Diante de todo isto, a ún ocúrrenselle moitas cousas e pensa tamén que moitas son facedeiras. Pois unha das cousas que máis esixe a xente son elementos de referencia e de xuicio, elementos de traballo e de información. E darlle isto á xente non é ningunha cousa do outro mundo, pois a ninguén se lle ocurre que esixir da Academia Galega, por exemplo, os elementos precisos pra o conocemento do noso idioma, seña pedir algo imposible, senón o menos que se lle pode pedir. E como este exemplo, tantos outros. Pois agora vai resultar que un importante labor a facer pra o futuro terá que ser o de revitalizar e poñer ó día esa e outras institucións que teñen a obriga de servir ó país. E si non procedemos así, perderemos unha posibilidade única que pode que non volvamos a ter.

Pode que alguén pergunte pra qué todo isto si a outra realidade do país, a nosa comunidade galega, o noso mundo paisano e mariñeiro que é o que conserva todo o tesouro da nosa persoalidade propia, está en crise, a risco de esbarrullarse. Pero xustamente ocurre que ese mundo—razón de todo esforzo e meta de toda empresa—non poderá ter outra salvación que a que proveña da toma de concencia dos seus problemas reales por quenes esteñan capacitados pra crarificalos, conocelos e resolvelos. E canto máis se tarde nisto, máis tempo perderemos e máis ocasións e posibilidás tamén. Pensemos moi ben que todo o porvir da nosa terra pende disto dun xeito case escrusivo e fundamental.

Por iso, o ano que ven debera ser un ano máis imaxinativo, un ano verdadeiramente novo pra a nosa terra. Compre que todos nos decatemos da importancia e da urxencia dos graves problemas que a nosa terra nos prantexa a cada un de nós. Non nos conformemos con pensar que aínda estamos a tempo; pensemos máis ben que á volta duns anos podemos non estar xa a tempo, e que si iso ocurre todo estará perdido. De tódolos xeitos, pesa sobor de nós unha grave responsabilidade histórica, como é o futuro da nosa terra. E tal responsabilidade está chea de espiñosos camiños, de esquivos traballos e de complexas tareas; pero tamén por iso mesmo, ningunha outra tan chea de ilusións, de espranza e de porvir. Entre todos, fagamos porque o ano que ven, que xa temos á porta, seña de certo un ano de vida nova pra a nosa terra.

29.12.66.

Non imos cair no simplismo de coidar que é o home unha peza máis do decorrer histórico, ou máis ben, que se fai a historia por sí mesma, máis alá da vontade humán. Pois ocurre que este fatalismo histórico, aparte de que xa está ben pasado de moda —e iso sería o de menos—, está tamén ben superado e negado polos feitos, que é o que importa. Non, a historia fanna os homes e nas súas mans está o leme do acontecer histórico; a historia é tamén unha manifestación humán, pois é produto espritoal do home. E tanto é isto así que, de día a día, está máis craro aínda o rol de "homo faber" que lle está reservado no decorrer histórico, como consecuencia lóxica de que, de cada vez, é meirande a conquista que o home vai acadando da Natureza.

Europa —tense dito xa moitas veces—, é unha necesidade da historia. Pero esta Europa que é unha necesidade da historia no noso tempo, é algo que teremos que facer os europeos, de xeito que a historia futura de Europa será a gran creación histórica do home europeo. Europa está por facer, decimos, pero somentes en canto entidade política, en canto artellamento xurídico e institucional. Pois Europa é xa dende moi atrás unha realidade diferenciada no mundo e na historia, pero sin encaixar deica agora nun canle institucional propio. A necesidade da historia é xustamente ésa: darlle a Europa un artellamente institucional de seu. ¿Por qué? ¿De ónde ven esa necesidade, a urxente necesidade dunha Europa unida?

Europa —todos estamos xa cansos de sabelo— é o eido humanístico da humanidade, resultado e síntesis dos tres herdos máis nobles da historia: o pensamento científico e filosófico que nos legou Grecia, xunto coas nocións de individuo, de esprito crítico e de razón, de quen adeprendemos que o home é a medida de tódalas cousas; Roma legounos as nocións de cidadán, do dereito e máis do Estado; e o cristianismo a noción de valores ausolutos da persona humán, a igoaldade dos homes diante de Deus e de universalidade. A gran síntesis destes nobles herdos é xustamente a cultura europea. Mais, ¿por qué a unidade de Europa? ¿Por qué os chamados Estados Unidos de Europa?

Non é unha novedade pra ninguén que a máis sinalada caraiterística do noso tempo é a tendencia á unidade. En realidade, isto ocurríu sempre, pero de outro xeito. Este esforzo pola unidade no mundo de hoxe tanto se atopa na ciencia contemporánea, como na producción, como no pensamento, no orde militar, económico ou político. Como dixo Milovan Djilas, "o mundo futuro pode que señia máis variado, pero tamén máis unificado. A súa unificación inminente será facedeira gracias á variedade... Polo menos, é así como veu sucedendo deica agora". I é que no noso tempo, é ridículo falar de mercados nacionás, de defensa nacional ou de política nacional. Nesas cousas somentes cré o xeneral De Gaulle e outros nacionalistas tan caducos e retrógrados como o vello xeneral.

Velahí a afirmación primeira de que a unidade de Europa é unha necesidade da historia, pois, como é doado ver, o problema das nacións europeas xa non é o de protexerse unhas ás outras, senón o de se conservaren as unhas polas outras. Así o comprenderon os países que suscribiron o Tratado de Roma e así o comprenden quenes, por unhas razóns ou por outras, se ven forzados a negar unha das máis asoballantes realidades do noso tempo. Pois esa fervente cobiza de unidade que hoxe domina ó noso mundo, según Milovan Djilas, é en Europa onde máis urxencia amostra.

Escoitemos de novo a Djilas: "Este mundo cambeará dunha maneira ou doutra. Non pode seguir como está, dividido e con un debecer irresistible pola unidade".

Diante desta abraiante realidade, importan pouco as aititudes de opereta dun vello como De Gaulle, náufrago nacionalista que xa non pode facer máis. Pode entorpecer a marcha dos acontecementos e nisto, xustamente, puxo todo o seu empeño e toda a súa teima. Pero nada máis, porque a morte do nacionalismo non ten cura. De Gaulle, despóis de todo, é un episodio da historia de Europa; non é unha necesidade da historia. Hoxe xa se dí que con il morre o gaullismo, pero o que de certo ocurre é que co il vaise tamén a vella Europa do nacionalismo que cai de xoenllos, asoballada, pola nova Europa que está a vir. Pois de agora a menos dunha ducia de anos, falaremos de De Gaulle como hoxe falan os nosos abós da "belle epoque", coa nostalxia do que se foi pra non volver máis.

O futuro de Europa, pois, como o futuro do mundo, será un crecente esforzo por acadar a súa unidade; e, por vez primeira dende o Imperio de Roma, será unha realidade operada sin o emprego da forza. Este futuro, non o esquezamos, é o noso propio futuro; é a historia que, con maior ou menor intensidade, vivimos e construimos hoxe tódolos europeos. E non nos esquezamos nunca que si non nos decatamos dos procesos que se están a operar no noso tempo, que si somos cegos ás realidás do noso mundo de hoxe, pagaremos moi caro o noso esquenzo e a nosa cegueira. Quedarémonos atrás i entón teremos doble camiño por andar. Trátase, nin máis nin menos, dunha fermosa necesidade da historia.

9.3.67..

A outra Europa

O xoves pasado falabamos do por qué da unidade de Europa e de cómo a urxencia desta unidade proviña da máis sinalada caraiterística do noso tempo, que é, nin máis nin menos, un poderoso esforzo por acadar a súa unidade. Por iso, perguntáronse moitos coa inxenuidade de sempre que, si as cousas son así, ¿non será entón que as minorías máis ou menos asoballadas dentro dun mesmo Estado están hoxe máis que nunca a risco de desaparecer? Ou dito doutra maneira, si a caraiterística do mundo de hoxe é xustamente unha crara marcha cara á unidade, ¿non estaremos con iso a negarnos a nós mesmos?

Esta inxenuidade non é de agora, senón que foi de sempre. Pois as xentes que non miran máis alá do seu narís, tenden a misturalo todo e a tomar por realidade a simple apariencia das cousas. Esa tal inxenuidade foi sempre o argumento que tiñan por definitivo e asoballante aqueles que, coidando estar máis alá de todos e de todo, pensaban que traballar pola cultura galega, por exemplo, era un labor de provinciáns ou de retrógados, algo, ó cabo, en contra da corrente dos tempos. E con toda inxenuidade siguen aínda hoxe a perguntarse. ¿Cómo se compaxina unha cousa coa outra? ¿Por qué entón a cultura galega si o sino dos tempos é un xigantesco esforzo por chegar á súa unidade?

É unha verdadeira mágoa que aínda hoxe haxa xentes que poidan prantexarse con tal inxenuidade semellantes custións. Pero a realidade é que as hai e a realidade hai que tomala como é. E a meirande realidade de todas é que Europa, como toda obra grande, non se pode empezar a facer polo tellado, senón polos cimentos. ¿Cáles son estes cimentos básicos de Europa? ¿Qué rol xogan no seu artellamento institucional? ¿Qué temos nós que ver con ese cimentos básicos nos que terá de asentarse por forza

a Europa unida de mañán? Estas perguntas son fundamentales, o eixo de toda a custión, pois agora vai resultar a paradoxa —aparente nada máis— de que o fundamental é o que semellaba a certos inxenuos o máis mínimo, o máis localista ou, si queredes, o máis provincián, pra falar con terminoloxía da calle Serrano.

Pois ocurre que así como o noso mundo esixe máis cada día a súa unidade, ó mesmo tempo pide a revitalización e libre desenrolo das pezas básicas que o compoñen. A unidade de Europa está moi lonxe da uniformidade. Os Estados nacionás europeos son a súa creación máis recente e tamén a que máis se atopa en crise. Algúns son aínda do século pasado e son creacións artificiosas. O século dezanove —tense dito xa moitas veces— foi o século do nacionalismo. O esbarrullamento dos grandes imperios europeos, orixinou unha chea de nacionalidás, ou, si queredes, volveron á amostrarse como nacionalidás vellas comunidás asoballadas. Pero soio foron algunhas, non todas. Pois outras con entidade propia —Galicia entre elas— non puideron desenrolar de seu a súa persoalidade por mor dos estados centralistas, hoxe en crise tamén.

E así ocurre que a gran crise de hoxe en Europa é a da chamada soberanía nacional. E tódolos teóricos do europeismo están de acordo en que os nosos estados de hoxe terán que delegar no poder federal as súas *principales funcións de agora*: a política estranxeira, a planificación económica, a defensa común, e outras máis, asemellándose as distintas solucións, ben a unha federación, ben a unha confederación. O que está en crise, pois, é o Estado. I estáo porque o mesmo lle pasa, como xa dixemos, á chamada soberanía nacional, atributo noutros da nacionalidade.

Europa, pois, máis que nos Estados nacionás, estará asentada e artellada con base no que se deu en chamar comunidás básicas diferenciadas, como células básicas da sociedade, entidades con persoalidade económica, social e cultural propias. ¿Cáles son entón as bases primeiras da federación ou confederación europea? Seráno as comunidás básicas diferenciadas, entidades que, como Galicia, e tantas outras, teñen na vida europea un rol capital por xogar. Non son un concepto económico, como algúns pensan, senón que poden ser iso e moito máis: son entidades con persoalidade propia, algo semellante ó que no século pasado se chamaban nacionalidades.

A hora de Galicia, pois, sona hoxe no mundo. A garantía do noso futuro está xustamente na unidade de Europa. Esta unidade, lonxe de negar a nosa persoalidade, arrinca dela e afirma a nosa entidade, o noso ser coleitivo, ó cabo. O futuro daranos a razón moi axiña e nuns cantos anos poderemos ver en cánto nos temos adiantado ós acontecementos. Pero non nos engañemos nin fagamos como aqueles que se agarran á fé de catro esquemas simplistas, ben señan os da calle de Serrano ou ben os profetas dunha fé que anda por ahí cada día máis de capa caída: queda moito por facer aínda, porque estas cousas —é decir, a historia— non se fan da noite prá mañán. E iso que está por facer témolo no noso propio eido, na nosa propia comunidade básica ,pois, como sabemos, a casa non se empeza a facer por arriba, polo tellado, senón por abaixo, polos cimentos.

16.3.67.

X. L. F. G.

UN LIBRO QUE REDIME A AMOR RUIBAL PARA LA FILOSOFÍA ESPAÑOLA [1]

Fue Kant, quien en su disertación de 1770 (párrafo 23, pág. 144. Ediciones Ceñal; C. S. I. C.) hizo ver la necesidad de hacer antecedor en filosofía la metodología a la construcción doctrinal y sistemática, al contrario de lo que sucede en las demás ciencias. Mientras en éstas "usus dat methodum" en aquella "methodus antevertit omnem scienciam". A esta necesidad obedece el carácter propedéutico-metodológico de la disertación y de la Crítica de la Razón Pura, que es —según dice el mismo Kant en el prólogo a la segunda edición— "un tratado del método, no un sistema de la ciencia misma" (pág. 41. Obras Selectas de Kant. En Ateneo. Buenos Aires, 1961).

En filosofía es necesario comenzar por el método con el fin de evitar la extrapolación de niveles de ser y de conocimiento. Esta concepción de la filosofía como método antes que como doctrina ha tenido su eco en todos los pensadores posteriores a Kant. En nuestros días Heidegger comentando la regla cuarta de "Regulae ad directionem ingenii" de Decartes, dice: "Esta regla no expresa el lugar común de que una ciencia debe tener también su método, sino que quiere decir que el procedimiento, esto es, el modo como estamos en general tras las cosas, decide de antemano sobre lo que encontramos de verdadero en las cosas.

El método no es una pieza de la indumentaria de la ciencia entre otras sino la instancia fundamental a partir de la cual se determina lo que puede llegar a ser objeto y cómo puede llegar a serlo" ("La pregunta por la cosa", pág. 100. Ediciones SUR. Buenos Aires, 1964.)

En este mismo sentido se expresa Nicolai Hartmann cuando dice que "la historia de la filosofía nos ha hecho ver con abrumadora certidumbre que las soluciones de problemas metafísicos nunca son sino muy relativamente convincentes, en cambio, dista mucho de haberse reconocido en la misma medida que el análisis riguroso del eterno acerbo de problemas... ha fomentado en todo momento *en medio de la sistematización pasajera,* lo imperecedero, eternamente necesario y verdadero" (Metafísica del Conocimiento. Losada 1957. Buenos Aires. Trad. de Rovira Armengol).

Esta monomanía por el método es la resultante respuesta a preguntas como las siguientes: ¿Es la filosofía algo inaccesible al hombre? ¿No será toda la realidad en la que estamos inmersos alógica o repugnante a nuestro entendimiento? ¿Serán entonces todas las elaboraciones filosóficas pura fantasía individual y la conquista del mundo pura ficción? Así lo han creído algunos y de ello son testigos los escepticismos en general. Otros, en cambio, han creído encontrar la solución mágica capaz de deshacer enigmas que atentan el sentido personal del filósofo. Filosofía como método nada

[1] VÁZQUEZ, FRANCISCO: "LA DIALÉCTICA, MÉTODO DE LA FILOSOFÍA". 20x16. 495 páginas. Facultad de Filosofía y Letras. Madrid - 1966.

más hay una y ésta ya está hecha. El trabajo del filósofo es descubrirla, no inventarla, explicitarla, no construirla. Todo el arte de su obtención consiste en que hable por sí sola. Pero de nuevo nos podemos preguntar: ¿Se deja ella *explicar?* ¿Podemos oir su voz? Estas son las cuestiones radicales que necesitan urgente solución.

A responderlas directamente viene el magnífico libro del padre Vázquez: Es posible para el hombre la filosofía, porque ésta es una metodología metafísica. El autor, siguiendo la línea de la filosofía postkantiana, establece que la filosofía es primariamente método y después es doctrina. Decir esto es proclamar que lo real es accesible al pensamiento de forma fecunda y directa. El hombre puede oir la voz de la filosofía porque previamente a su distinción han vivido en unidad. Por eso el problema del conocimiento no nace como una pregunta sino como una respuesta: debemos descomponer una síntesis inicial preconsciente de lo subjetivo y de lo objetivo. El problema del enlace hombre-realidad o filosofías-filosofía no está en la forma de unirlos sino de separarlos. El pensamiento y el ser viven en correlación completante. El trabajo del filósofo consiste en ir explicando lógicamente, lo que implícitamente estaba contenido en un momento prelógico de mutua unidad hombre-realidad. La labor del filósofo consiste en penetrar explícita y dialécticamente en los estratos del ser con los que convivía en síntesis ontognoseológica a nivel de realidad pura e indeterminada.

El problema radica entonces en el método a usar en ese desenvolvimiento explicativo a partir de lo virtual e implícito contenido en el momento prelógico. La base del momento prelógico es la noción de ser con toda la riqueza virtual posible, que se actualizará en las sucesivas funciones conscientes de elaboración cognoscitiva.

La filosofía nos está dada desde el principio. El filósofo tan solo precisa descubrir y oir los distintos tonos, timbres e intensidades de sonido que están grabados en la connaturalidad del espíritu y lo real. En este sentido entiende la filosofía Zubiri cuando dice: "A lo largo de este proceso, la filosofía, propiamente hablando, no evoluciona, no se enriquece con nuevos rasgos, sino que estos rasgos van *explicitándose,* van apareciendo como momento de una autoconstitución. Mientras la ciencia inmatura es imperfecta, la filosofía consiste en el proceso mismo de su madurez" (Naturaleza, Historia y Dios. Pág. 121. Editora Nacional, 1963. Madrid).

La filosofía es, pues, cuestión de método, que explique lo implicado, descubra lo cubierto y desenvuelva lo envolvente. La filosofía es desarrollo de diferenciación cualitativa. Por eso es metodología. Pero dice Vázquez que es metodología metafísica. ¿Por qué es metafísica?. Porque, si bien es el hombre quien descubre la filosofía y por ello es metodología, la filosofía se pregunta por lo radical y lo originario, lo trascendente y último posibilitante. (Vázquez, páginas 466-467). "Lo metafísico de la filosofía es metodológico y a la inversa". ¿Cómo aclarar definitivamente los binomios aporéticos filosofía-filosofías, método-sistema, sujeto trascendental-sujeto empírico? Se puede hablar de una tensión filosofía-filosofías porque una tensión las posibilita en el hombre: la tensión conocimiento por naturaleza y conocimiento individualizado. "El modo de conocer por naturaleza, o sea, por relatividad primaria del sujeto y del objeto es absoluto y común a todos los seres cognoscitivos de igual categoría". (Amor Ruibal. P. F. F. D. T. VIII, pág. 227). Este es el conocimiento sobre el que se apoya la filosofía mientras que las filosofías se

afirman sobre el modo de conocer individualizado "que es absoluto en la base determinante del conocer por naturaleza; pero es condicionado por las facultades en su mayor o menor desarrollo o alcance". (Amor Ruibal. P. F. F. D. Tomo VIII, pág. 227. Para un ulterior trabajo dejo la relación de nociones de naturaleza y nociones de individuo en Amor Ruibal y el sujeto trascedental y sujeto empírico en Husserl).

El segundo paso es preguntarse cuál es el método que cumple las características propias de un método filosófico. La respuesta establece que el método es la dialéctica. Y ahí está el título de la obra que tan sólo intento recensionar y a la que me he visto obligado a hacer una introducción para comprender el sentido que apunta su proa.

La obra de Vázquez tiene tres partes bien definidas y constituyentes complementariamente de una trilogía. La primera desvela con gran lucidez el concepto de dialéctica que subyace en todos los autores dialécticos. Para ello se presenta un completo cuadro categorial lleno de flexibilidad, aplicable a todos los autores y muy bien delimitado en su estructura. Las categorías que como componentes esenciales vertebran la dialéctica son la implicación, la jerarquía, la oposición, la armonía de contrarios y la categoría coordinadora trascendente. 1.ª La implicación es estudiada en Gurvitch como implicación psicológica, en Sciacca como implicación ontológica y en Blondel como envolvimiento en la doble dimensión activa y pasiva de envolvente y envuelto. 2.ª La segunda categoría es la jerarquía, sin la cual "la implicación se convierte en fusión indiferenciada" (pág. 39). En virtud de la jerarquía lo superior explica lo inferior y no al revés, como creen Ortega, el último Scheler, Nicolai Hartmann, Klages, etc...., de acuerdo con el principio "Die Fraft Omnt von unten". Vázquez trae entonces a la consideración de dialéctica jerárquica la dialéctica de los grados de Sto. Tomás. 3.º. La tercera categoría de la dialéctica es la oposición, cuya función "primaria, fontal e insustituible dentro de la dinámica cognoscitiva" (pág. 46) es la que posibilita y desencadena la reflexión y el discurso humano; de ahí deriva su importancia. Además de esta función metodológica tiene una función ontológica, pues la oposición es una ley de lo real y del espíritu: lo uno y lo múltiple, lo infinito y lo finito, lo necesario y lo contingente, lo participante y lo participado. 4.º La cuarta categoría es la armonía de los contrarios. La dialéctica es dialéctica de contrarios que se oponen en contradicción parcial. El uno no es el otro, pero afirma al otro como correlativo. Persigue Vázquez esta dialéctica con las modalidades singulares de cada uno en Heráclito, Aristóteles, Sto. Tomás. Hegel, el materialismo dialéctico, etc....

El análisis minucioso y concienzudo que Vázquez hace de la estructura de la dialéctica logra su mayor profundidad cuando a nivel sintético determina el fundamento ontológico de la unión de los contrarios como categoría coordinadora trascendente. Esta categoría coordinadora-fundamento es el ser. Diversas concepciones del ser como categoría coordinadora darán lugar a otras tantas dialécticas. Señala el autor tres dialécticas correspondientes a tres variantes en la concepción del ser. Son: la dialéctica monolineal, la dialéctica estructural y la dialéctica relacional. El detenido estudio a que son sometidas las dos últimas dialécticas en la segunda y tercera parte del libro —y esto en razón de que son el centro de la investigación— hace que la dialéctica monolineal se analice lacónica, pero meticulosamente al final de la primera parte. Postuda esta dialéctica el univocismo del ser hipostasiando algún trascendental del mismo en orden a constituirlo supraser y fundamento ontológico de los contrarios. Esta

dialéctica está principalmente representada por Platón, Plotino y Hegel, que hipostasían, respectivamente, como categoría coordinadora y absoluta el Bien, el Uno y el Espíritu. Esta forma de dialéctica monolineal no es viable porque va contra la ley de jerarquía y de implicación.

Caracteriza en segundo lugar —y es el objeto de la tercera parte de la obra— a la dialéctica estructural y realista, cuya modalidad viene originada por la peculiar concepción de la categoría coordinadora. Es ésta el ser en cuanto ser, análogo, concebido como ontológicamente sintético o como unidad diversificada y diversidad unificada.

El autor que representa típicamente esta dialéctica es André Marc, a quien estudia Vázquez en toda su integridad. Como para Marc la persona es síntesis total en que comienza y termina la filosofía su dialéctica es una dialéctica integral. A ello encamina Vázquez su bisturí analítico. Estudia en un plano general la dialéctica de la estructura metafísica, donde logra precisiones interesantes en el enfoque de la analogía. No contento con este análisis y en virtud de la misma analogía descubre dos formas de dialéctica: una general y otras especiales. La general se pliega al ser como tal considerado como primer principio de lo real y del espíritu y... que armoniza los contrarios fundamentales del ser en cuanto ser (Acto-Potencia, Finito-Infinito). (Págs. 461-462). Las dialécticas especiales que a un nivel concreto siguen el procedimiento de la dialéctica general reciben tantos nombres como cambios de ser. Por su interés estudia Vázquez dentro del ámbito de las dialécticas especiales la dialéctica de la estructura ética de la persona, del amor, de la estructura literaria, y de la persona, como ser histórico. La fecundidad que logra el método de Vázquez al aplicarlo a estos ámbitos es la prueba más segura de su valor, pues nos presenta unos resultados tan positivos y unas interpretaciones tan hondas de nuestra médula personal, que garantiza la seguridad del nivel metodológico en que se mueve. Como conclusión al estudio de Marc, califica Vázquez a la filosofía del jesuita francés de un personalismo afirmado como dialéctica ontológica sobre una analógica y base de una dialéctica reflexiva "que anilla en su interioridad lo subjetivo y lo objetivo".

La filosofía tomista de Marc puede ser calificada de tomismo dialéctico.

He dejado para último lugar, aunque Vázquez lo trata en segundo, la dialéctica relacional y prelógica. La razón de este cambio es mi presentimiento de que, si bien por razones sistemáticas de coherencia y entronque Amor Ruibal y el racionalismo integran juntos la segunda parte (dialéctica de la relación), sin embargo, en la génesis de la tesis del P. Vázquez apareció Amor Ruibal como fin primario de su trabajo y solución integral al tema en cuestión, advirtiendo que el estudio histórico que hace de la noción ha podido hacerlo gracias a la luz aportada por la sistematización de Amor Ruibal; es preciso notarlo porque sino el maestro parece uno más, cuando en realidad es el único que verdaderamente tematiza la cuestión.

Esta dialéctica de la relación hace —según el autor— un juego mediador entre la dialéctica monolineal y la estructural. Arranca de su concepción de la noción como síntesis de contrarios y del ser como relacionismo ontológico. El genuino dialéctico de la correlación es Amor Ruibal. A él dedica Vázquez más de cien páginas, índice inmediato del valor que le concede.

Sin embargo, antes de hundir la quilla en el pensamiento ruibalista, presenta Vázquez al Racionalismo como movimiento inequívocamente ca-

racterizable por una Dialéctica de la relación, fundada en el conocimiento nocional, que fundamenta a radice la fusión de lo subjetivo y lo objetivo Dentro de esta perspectiva son interpretadas las ideas innatas en Descartes, las nociones comunes en Leibniz y la ciencia intuitiva de Spinoza. Se trata en todos ellos de un conocimiento nocional que actúa como fundamento de todo conocer en calidad de ser las nociones síntesis primarias ontognoseológicas, en las que la connaturalidad del espíritu y lo real carga a las ideas de un denso precipitado de realidad.

Es preciso subrayar esto, porque dada la validez de esta interpretación de Vázquez, apoyada en textos inconcusos —a los que yo pondría algunas objeciones, basadas en textos igualmente firmes—, el Racionalismo alcanzaría una profundidad y dimensión muy superior a las concedidas por las interpretaciones al uso y se librarían de muchos malentendidos en conceptos fundamentales (idea innata, concepto, esencia eterna, real, etc.).

Es, pues, un mérito innegable de Vázquez esta parte dedicada al Racionalismo, gracias a la cual puede seguir las huellas del conocimiento nocional en Amor Ruibal.

Preparado el camino con este estudio del Racionalismo, nos podemos instalar mejor orientados en el pensamiento del sabio gallego.

Es preciso subrayar en primer lugar que Vázquez presenta la dialéctica de la relación ruibalista como una solución de gran calibre para la filosofía, en cuanto que ésta trata de responder a las cuestiones que nos planteamos al comienzo y de instaurar así una fundamentación trascendental de una metafísica crítica.

La dialéctica de la relación se mueve en Amor Ruibal en los tres niveles en los que Vázquez creyó encontrar otros tantos tipos de dialéctica: el ontológico, el gnoseológico y el onto-gnoseológico. Esto es tanto como afirmar que se da una dialéctica de lo objetivo, una dialéctica de lo subjetivo y una dialéctica integral (onto-gnoseológico) que une en su oposición a lo objetivo y a lo subjetivo. Es esta "una Dialéctica del ser y del pensamiento y debido a esta doble dimensión es también el método adecuado del conocimiento, es decir, el camino a seguir por un pensamiento que es dialéctico en sí mismo... para poder penetrar y abarcar lo real, que es constitutivamente dialéctico y refractario a cualquier método de distinta naturaleza a la suya". (p. 1132).

En este sentido y por él lo subjetivo (el pensamiento) y lo objetivo (las cosas) sólo adquieren validez en cuanto que se condicionan como partes de un todo, regido por la Dialéctica de la relación: lo subjetivo y lo objetivo son entidades completantes, únicamente inteligibles en el tono onto-gnoseológico. De ahí que la Dialéctica ontológica y la gnoseológica, que aisladamente consideradas son formas incompletas y parciales, confluyan esencialmente a una Dialéctica onto-gnoseológica. Esta Dialéctica está marcada en Amor Ruibal por un gradualismo en la correlatividad interna entre lo subjetivo y lo objetivo. Este gradualismo se da en tres momentos cognoscitivos: el preconsciente, el consciente y el reflejo.

Amor Ruibal con muy buen tino da predominante importancia al momento preconsciente porque lo consciente sólo puede fundamentarse en lo preconsciente. Asistimos conscientemente —piensa Amor Ruibal— a una síntesis subjetiva-objetiva, que la conciencia no ha creado. Todo el problema radica en esa síntesis inicial y primaria, base de todo ulterior conocimiento.

El primer paso para abordarlo es notar que lo subjetivo y lo objetivo más que elementos componentes son elementos descomponibles, pues en ellos la

unidad es un *prius* respecto a su distinción en virtud de la relación que los une. De ahí la importancia de la relación. Para Ruibal la relación es una propiedad trascendental del ser. Su función es unir lo que se opone y porque se opone.

Todo el valor que la relación tiene en A. Ruibal, se acentúa al tratar de la relación onto-gnoseológica de lo subjetivo y lo objetivo en el conocimiento preconsciente: lo cognoscente y lo cognoscible son partes relativas de un todo.

La relatividad onto-gnoseológica parte de la unidad de la síntesis primaria nocional que corresponde al momento prelógico; descubre la dualidad analíticamente en el momento psicológico y realiza nuevamente la unidad por medio de una síntesis inicial final en el momento ontológico.

Esa unidad preconsciente de lo subjetivo y lo objetivo es un todo con valor mixto real-ideal.

De este modo se superan las tres soluciones erróneas al problema gnoseológico: el monismo que niega los dos extremos: cognoscente y cognoscible; el agnosticismo que niega la relación de sujeto y objeto y el dualismo ilegítimo al no poner en una equilibrada relación el sujeto y el objeto.

Justamente porque en el momento prelógico lo subjetivo y lo objetivo se hallan inescindiblemente unidos, el problema crítico no nace como una pregunta (como unir lo separado —falsa hipótesis—) sino como una respuesta (cómo separar lo unido). En esta dirección Vázquez profundiza en temas amorruibalistas de tanta carga gnoseológica como "medio total" de conocimiento, "facultad-acto", puntos en que —según opino y mostraré en próximo trabajo— Amor Ruibal supera todos los planteamientos modernos del conocimiento, en especial la Fenomenología y se mueve en un plano muy superior, alcanzando gracias a la relación, fundadora de un conocimiento por connaturalidad totalitaria.

Después de esta instalación previa en el pensamiento del genio gallego, Vázquez se decide a analizar más concienzudamente lo preconsciente:

Es posible el conocimiento preconsciente porque se apoya en un conocimiento nocional, en el que se da una proyección inmediata del ser a la inteligencia. Este conocimiento nocional, al umbral del conocer humano, responde a la porosidad entre cognoscente y cognoscible. Es una intuición primaria del ser, cargado de toda la riqueza de lo real. Hace Vázquez un detenido estudio de todos estos puntos con una originalidad y profundidad hasta ahora inéditas en los estudios de Amor Ruibal. Estudia después las consecuencias que Amor Ruibal saca de la noción, entre las cuales es fundamental la de la univocidad del ser. El ser es unívoco, porque es trascendente. Con esto supera todas las soluciones escolásticas, que se mueven el tema sin distinguir entre ente-noción, de contenido único y ente-idea, sujeto a la analogía. Esta confusión es origen de muchas extrapolaciones en la Escolástica. Las nociones pueden ser primarias y secundarias. Las fundamentales son las primarias, dentro de las cuales ocupa el lugar más importante la noción de ser. Las nociones primarias pueden ser a su vez de naturaleza, de individualidad y de abstracción, que se corresponden con los tres estudios del conocer: prelógico, psicológico y ontológico. Las principales nociones de naturaleza son, aparte el ser, la materia y la extensión. En el estudio de éstas alcanza A. Ruibal precisiones inéditas, que vienen a zanjar para siempre soluciones dadas a falsos problemas.

Las nociones de individualidad se corresponden a las de naturaleza, con la diferencia de que en aquéllas se explicita en elaboración personal, lo que en éstas era implícito.

Personalmente pienso que la Dialéctica de nociones de naturaleza y nociones de individuo en la constitución objetiva hace de la filosofía de A. Ruibal una superación de las reducciones y constituciones de la fenomenología, con la cual tiene la filosofía de A. Ruibal muchas coincidencias. Las nociones de abstracción son las síntesis unitarias finales ,y como en las nociones de naturaleza la principal es la noción pura de ser. Estas nociones constituyen el límite final del conocer, como las de naturaleza constituyen el límite inicial. A. Ruibal, en genial parecido con la filosofía moderna a partir de Locke, da capital importancia al concepto de límite gnoseológico.

Las nociones que corresponden al espacio y al tiempo son nociones hipercategóricas, que —según A. Ruibal— ni son primarias o trascendentes ni secundarias o categóricas.

Y por fin estudia Vázquez las nociones secundarias, que determinan la noción de ser, sin concretarlo aún en seres reales particulares. Estas nociones secundarias son la cantidad y cualidad, válidas para lo finito e infinito, pues son trascendentes.

Todo este estudio de Vázquez hubiera ganado muchos quilates de haber dado una fundamentación más a fondo de la noción buscando la plena coherencia y sistematización y de no haberse contentado con una descripción y clasificación, pues es este un punto en que queda muchísimo por hacer y el tema vale la pena, ya que a mi modo de ver —y Vázquez lo dice— es el más fundamental de todo A. Ruibal. Un camino idóneo para un estudio más a fondo hubiera sido un estudio comparativo con los planteamientos contemporáneos (Husserl, Heidegger, Jaspers, Zubiri, Dufrenne, etcétera) afines al tema. Sin embargo, es preciso reconocer que un estudio de tal calibre caè fuera de las intenciones del autor.

Y termina el autor el estudio de la tercera parte comprobando cómo la Dialéctica de la relación verifica en sí y del modo más integral las categorías descubiertas para toda dialéctica. Se da una categoría coordinadora trascendente, fundamento de la unión de los contrarios y es el "ser-noción". Basados en ella los contrarios se oponen; se implican y jerarquizan. Es preciso advertir para terminar, que el estudio del P. Vázquez es una auténtica fundamentación crítica, porque establece de la mano de A. Ruibal una dialéctica onto-gnoseológica entre el ser y el pensamiento, el sujeto y el objeto, y en virtud de ella da satisfactoria solución a todos los problemas —superando muchos— que la filosofía moderna tiene planteados por partir de la separación del sujeto y el objeto y no de su primaria unidad nocional.

Si quisiéramos en un resumen dar nuestro juicio sobre la obra de Vázquez, la resumiríamos en estos puntos: 1.° Sistematiza con orden y profundidad un esquema categorial de la Dialéctica, que aún no estaba hecho, pulsando los niveles en que la Dialéctica fue históricamente más integral.

2.° Ese esquema categorial es aplicable a cualquier Dialéctica merecedora de tal nombre, lo cual supone un gran talento sintético.

3.° Hace un estudio profundo, nuevo y válido de Amor Ruibal como autor dialéctico, lo cual da al filósofo gallego la actualidad que merece y lo convierte en filósofo de enormes posibilidades y con mucho que decir aún.

Por todo ello pienso que el trabajo de Vázquez sobre A. Ruibal es el mejor hecho hasta el momento.

4.° Al descubrir a A. R. como un pensador dialéctico permite contrastar la filosofía de éste con la de autores modernos para en unos casos superarlos en integralidad y profundidad —a Hartmann y al materialismo dialéctico—y en otros fundar una ontología dialéctica, base de cosmovisiones tan actuales e iluminadoras como la de Teilhard de Chardin (pienso dedicar una publicación aparte a A. Ruibal y Teilhard de Chardin).

5.° Da solución convincente y siempre nueva a los grandes problemas de la Teoría del conocimiento y de metafísica sin amputar estratos y sin falsos planteamientos. Es justo señalar que esto ha sido posible gracias al estudio de Amor Ruibal.

6.° Esta obra de Vázquez es un avance más, pletórico de fuerza y precisión, sin perder riqueza, en la tarea, impuesta por López Quintás, de lograr una metodología de lo superobjetivo, ámbito de los seres profundos. Con esto logra Vázquez una superación del existencialismo y un humanismo integral.

Por todo ello tres son los valores de esta obra de Vázquez: analítico-sintético, histórico y redentor de A. Ruibal.

Es preciso poner esta obra como modelo para saber superar la racha de pobres y depauperadas publicaciones que cunden hoy en la filosofía española.

TOMÁS POLLÁN GARCÍA

M a d r i d

MISCELÁNEA DE LINGUA E LITERATURA PORTUGUESA MEDIEVAL, por M. Rodrigues Lapa [1]

Reúnense neste tomo diversos estudos, estensos os uns, breves os outros, do Doutor Rodrigues Lapa; os que, por se referir a un sector da cultura tan portugués como galego, propriamente galego-portugués, oferecen positivo interés para os galegos.

Non todos os estudos tratan precisamente temas medievás. Así no caso dos comentarios sobre os traballos de Messerschmidt i Ebeling, discípulos de Krüger; traballos respeitivamente enfocados sobre a casa e o seu goberno na Serra da Estrela e sobre os estormentos de laboura agrícola do leste da provincia de Lugo. Como saben os especialistas, son éstes estudos asemade etnográficos e lingüísticos (*Sachen und Wörter*), que polo que toca á lingua versan sobre dialectoloxía, é decir, sobre a fala actual nos pontos indicados. As miuciosas ouservacións do Dr. Lapa a propósito do lésico recollido, importan moito aos dialectólogos galegos.

De literatura portuguesa, sempre vencellada á galega polo idioma, pero xa históricamente independente désta como consecuencia da consolidación do afastamento político das dúas rexións, tratan os traballos "Froissart e Fernão Lópes" e o que comenta o libro de Jole Luggieri *Il Canzoneri di Resende*. No primeiro esamínanse os fundamentos da tradicional confrontación antre o cronista portugués e o francés. Segundo Rodrigues Lapa, tal confrontación só cabe no terreo literario. Ambos escritores son grandes artistas. Científicamente, o portugués é un escrupulosísimo cultivador da historia no seu sentido moderno, moi documentado e cunha crara visión da importancia do estamento popular nos acontecimentos púbricos. Froissart é un brillante cronista da vida aristocrática no seu aspeito cabaleiresco. Cultiva a "historia narrativa" sen asomo de crítica seria, e desdeña a xente miuda. O comentário a Jole Luggiere, aceitando, completando e discutindo ideas da autora, proporciona interesantes suxestións sobre aquel *corpus* poético pazán, tan pouco antre nós coñecido.

A maioría dos restantes artigos son de igual utilidade para os filólogos portugueses e os galegos, ou mesmo para os interesados por custións lingüísticas e literarias medievás galego-portuguesas, teñan eles nado en Portugal ou en Galicia.

Moi importantes son os estudos adicados ás orixes do lirismo medieval. "Das origens da poesía lírica medieval portuguêsa" asinala como núcleo do lirismo románico unha breve composición monostrófica de carácter tradicional, que logo se desenvolve en formas máis complicadas. Este núcleo está representado, nos diversos países, polo *strambotto*, polas *jarchas*, polo vilancete (*villancico*, *estribo*).

---

[1] **Instituto Nacional do Livro. Ministerio de Educação e Cultura. Río de Janeiro, 1965.**

Nun estudo máis estenso. "O problema das origens líricas", reduz o autor a tres as teorías que tratan de dar solución a aquel interrogante: a arábiga, a folclórica, a latino medieval (que inclúe a litúrxica e a que podemos chamar "paralitúrxica"). Estúdaas, facendo unha análise especialmente interesante da repercusión que ten no problema, a partir de Stern, a investigación sobre as *carjas* (*jarchas*) das *muuaxahas* arábigo ou hebraico-hispanas. Na conxunción dun lirismo romance preliterario tradicional e do maxisterio da poesía latino-eclesiástica, hai que filiar o elemento básico que, con afluencias diversas, vai provocar a arte dos trovadores.

"Da versificación medieval" fixa a orixe do verso octosílabo (*setessílabo* portugués) no tetrámetro trocaico latino, mentras que tipos distintos de ritmos datílicos ou anapésticos terían producido o verso de muiñeira, mesmo regularizado como un decasílabo ou dodecasílabo, segundo o sistema español de cómputo silábico. Estúdase o fenómeno rexistado na chamada lei de Mussafia.

"O texto das cantigas de amigo". Crítica da edición de Nunes. Lapa asínala as súas discrepancias co editor sobre problemas concretos da leitura dos apógrafos, despóis de se referir con carácter xeral a custións como as variantes morfolóxicas, o tratamento das nasás, a presencia de arcaísmos.

Estudos particulares de poesía trovadoresca. "Uma cantiga de D. Denis". A 208 da Vaticana e 605 da Nacional de Lisboa. Rodrigues Lapa oferece a súa propria restauración. Esposición doutrinal do conceito de "mesura" no amor. Discusión sobre as fontes da cantiga, que se han percurar direitamente na tradición da lírica provenzal, onde trataron especialmente o tema trovadores posteriores á cruzada contra os albixenses, como Sordel e Montanhagol, e foi esposto logo por Matfre Ermengau no seu *Breviari d'amor;* ou nunha tradición nacional galego-portuguesa que se documenta en Don Joam Soares Coelho i en Joam Airas, tradición que á súa vez reflexa a influencia da poesía occitánica.

"Henhy R. Lang. The Text of a Poem by King Denis of Portugal". Neste traballo dáse unha nova leitura da cantiga á que se refire o anterior. Lang en 1933 reitifica a súa postura de 1894. Rodrigues Lapa, á vista de todas as edicións feitas ate 1934, oferece a súa nova leitura, que aproveita as de Lang 1933 e Nunes 1932.

"Sôbre a cantiga da garvaia". Edición desta canción, ao que semella incompleta no manuscrito, e tal vez a máis antiga do noso espolio trovadoresco. Asignase a Pai Soares de Taveirós. Complétase este estudo co tiduado "Post scriptum sôbre a cantiga da garvaia".

"Tres cantigas de Gil Pérez Conde". Edición das números 392, 402 e 403 do Cancioneiro de Colocci-Brancuti pubricado parcialmente por Molteni. Son cantigas de amor non incluidas na edición de Nunes. A 403 sen dúbida por inadvertencia. As outras dúas por teren carácter de *escarnho* máis ou menos acusado; inda que na 392, á verdade interesantísima, non é doado determinar o que hai de xocoso ou serio.

Varios traballos versan sobre *A demanda do Santo Graal*. No primeiro (1930) sosténse a prioridade do testo portugués sobre o castelán, a base da confrontación de ambos antre sí e co orixinal francés. A versión portuguesa, cuia redacción hai que datar no século XIII, foi trasladada a castelán no século XIV. Faise o confronto sobre a edición incompleta de Reinhardstoettner para a versión galego-portuguesa e a de Bonilla y San Martín para a castelá.

"En torno da *Demanda do Santo Graal*". Réplica ao Dr. Oliveira Guimaraes sobre a crítica formulada por este señor acerca das ideas espostas no traballo anteriormente citado.

Finalmente, coméntase a edición de Augusto Magne. Houbera debido ser unha edición diplomática, que dera base a unha futura edición crítica. É unha especie de compromiso antre eses dous tipos de edición, inaxeitada aos caracteres do testo que se pubrica. O peor é que Magne elimina os pasos que están en pugna coa moral da relixión católica tal como el a entende. Resulta unha edición *ad usum Delphini*. Rodrigues Lapa comenta erros de leitura, omisións, interpolacións, alteracións e a mutilación do testo nun paso escabroso, coa precisión e o rigor a que nos ten acostumados.

Inda habería que anotar o artigo adicado a formular reparos a Huber (*Altportugiesisches Elementarbuch*), as recensións de traballos de Cotarelo sobre o nome de Martín Códax e sobre os irmáns Eanes Mariño, e varias notas sobre historia literaria, morfoloxía i etimoloxía galego-portuguesas que fan, cos estudos arriba noticiados, deste libro do Dr. Rodrigues Lapa un rico arquivo de dados e doutrinas para todo o interesado polas letras de Galicia e Portugal.

R. C. C.

ANTOLOGÍA POPULAR. Fray Benito Jerónimo Feijóo [1]

Pra xuzgar e máis pra entender ó P. Feixóo, é decir, pra apreciar os seus valores e discernir o senso da súa obra, compre amosar a coxuntura histórica na que lle tocou pensar i escribir. Foi mesmamente ísto o que viñeron facendo os millores escritores do noso tempo que afondaron no estudo da persoalidade do frade de Casdemiro. Pero non se pararon, en troques, a analizar o que de xurdiamente galego puidese haber nesa persoalidade; o que o seu pensamento de home nado en Galicia puido insuflar nos seus traballos.

No limiar que Eduardo Blanco-Amor puxo a ista escolma feixoniá, tenciónase cobrir aquela lagoa. Blanco Amor percura —inda que de xeito sumario— o raigal, o cardinal de Feixóo, desentendéndose da versión que del nos deron os eruditos. Pra pescudar o que considera como siñificativo no P. Mestre galego, fuxe das razós nacionalistas, e fítao na súa "actitude", posto no meio dos convencionalismos do tempo. Trata de rescatar a Feixóo da inclusión abusiva que, partindo do "español", non o abrangue enteiramente, nin esprica a condición máis cerne da súa vida como tarea.

Con trazos intelixentemente condensados, o prologuista deseña o ambente natal e o da ascendencia do monxe bieito; destaca, asimesmo, o calco que Casdemiro e Samos imprimiron na súa mentalidade. Temos xa ó P. Mestre endereitado por un camiño que lle ha dar merecida sona. É un leitor teimoso. Lé e lé ó longo de corenta anos, denantes de se poñer a escribir. Se non trata dun erudito coleicionista de ideas en panorama. Tampouco dun "español amigo de novedades". Feixóo é un europeo "a nativitate", como adoita sélo o galego. Blanco-Amor estima que a súa siñificación sería a dun novo tipo de home peninsuar —o home virxinal galego— que viría incidir e colaborar, coa súa conquista e máis coa súa obra, na modificación e na creición do novo español.

[1] Selección y prólogo de Eduardo Blanco Amor. Ediciones Galicia. Centro Gallego de Buenos Aires. Vigo, 1966.

Naturalmente, pra facer o retrato do autor do "Teatro Crítico", o seu antólogo de arestora ten que o situar no seu tempo; pero, ademáis deso, analizao dende ese novo ángulo do que fixemos mención: o da súa raizame galega. Resalta despóis cómo o afán cranexador e reitificador do P. Mestre —represado en tantos anos de leituras e matinaciós— vaino repartir polos cadoiros, os regueiros e os pequenos canles de meio milleiro de páxinas. Falando dos que a el se apoñen e dos seus apoloxistas, puntualiza os autoxuicios que Feixóo fai frente duns e máis dos outros.

A obra do frade de Casdemiro, abranguida no seu conxunto, solprende pola súa diversidade, polo seu caraiter poliédrico en desusada medida. O escritor puxo a proba as súas actitudes en eidos moi desemellantes, e saíu sempre airoso da proba. As abondosas leituras, a longa esperiencia de profesor e de escritor teñen sido moi proveitosas pra iste esprito curioso e polifacético, variegadamente destro, que asume un xeito debecente dediante da vida e das cousas da natureza. Hai nel unha rexa vontade de traballo, unha nunca desmentida curiosidade universal, unha fonda cobiza de saber e un ardente amor á verdade e á beleza.

Pra ofrecer ó leitor galego, principalmente, unha visión do que a obra de Feixóo representou no seu tempo, e representa aínda nos nosos días, Eduardo Blanco-Amor preparou ista "Antología popular", que, según di, non se chama popular a fume de pallas. A denominación ten de se entender como destinada ó meio migratorio galego. Tenciónase amosar nela unha imaxe forzosamente presuntiva, pero o máis verosímil posíbel de Feixóo. "Partindo diste propósito, o material non foi escollido por circunstancias de época, precedencias, doutriñas, etc., sinón desentranando na obra vastísima aqueles intres que, frente dos máis diversos estímulos, poñen a descoberto a reacción do home Feixóo, como unha parcialización de posibilidás do home galego, frente do espeitáculo do mundo".

O galego no P. Mestre —engade o antólogo— é mesmamente o que escoa por antre as mallas xeneralizadoras. Pra Feixóo, Galicia non era un desinio. Era o implícito, non o esplícito. Emporiso, a escolma ven presentada con iste senso. Encétase con varios anacos, onde o frade bieito fai concretas referencias a temas galegos: A lonxevidade dos homes do país, as semellanzas da nosa fala coa portuguesa, os erros de xuicio sobre as nosas xentes, o miragre de Nosa Señora da Barca, a pronunciación do castelán en Galicia, as reformas na emigración interior dos galegos...

Deseguida, de cada libro do "Teatro Crítico" fai o antólogo a escolla que estima máis axeitada ó fin que se propuxo. E o mesmo sistema sigue coas "Cartas eruditas". Perseguindo, na maoría dos casos, a liña conceitual do discurso, brinca por riba do que considera digresión ou divagación condescendente coa época.

Ista "Antología popular" —que se complementa co texto resumido do Xuicio crítico das obras do P. Feixóo, de Concepción Arenal— costitúe un volume positivamente valioso pra o gran público, e mesmo pra outro tipo de leitores. As súas páxinas facilitan o conocemento do máis sustancial da literatura feixoniá, a aquéles que se non teñen adrentado na totalidade da súa obra. Eduardo Blanco-Amor ten realizado, con ista edición, un labor certamente intelixente e proveitoso. Presentando ó leitor común o que estima como máis siñificativo na produción feixoniá, emprestóu un notorio servicio pra que se conoza e se valore fora dos eidos minorita-

rios, o que Feixóo realizóu no campo da cultura. Por mor do seu esforzo, será máis doada deiquí en diante a comunicación da masa de leitores coa múltiple e ricaz persoalidade do monxe de Casdemiro; e máis asequíbel tamén a toma de conciencia sobre a estatura real que o P. Mestre atinguíu dentro da cultura do seu tempo.

SALVADOR LORENZANA

EL REINO DE GALICIA, hasta 1700, por F. Elías de Tejada y G. Pércopo [1]

O interés de F. Elías de Tejada polo pensamento político de Galicia, coallou hai tempo nun libro, "La Tradición Gallega", que despertou no país polémicas e críticas encontradas. Decía entón o autor (1944): "He querido trazar una línea ideológica en la que sea posible seguir por los caminos del pasado, debidamente acotados y puestos en crítica, la marcha del concepto de Galicia". A nódoa derradeira na que asenta Elías de Tejada a súa conceición de Galicia como pobo con peculiaridás propias no conxunto hispánico, é a idea da "Monarquía federativa" esposta e defendida polos teóricos do Carlismo, e de xeito moi concreto por Vázquez de Mella. Moi recentemente, nun artigo pubricado baixo o títduo de "La Monarquía y las comunidades españolas", na revista "Cuadernos para el Diálogo", número 42, sostiña Alberto Míguez —non precisamente un carlista— o que había no prantexamento de Vázquez de Mella de válido i exemplar. Indiscutiblemente, a aportación máisima do Carlismo ao pensamento político español, sobre todo pra quen dexerga o Carlismo dende fora, sin militar na súa discipliña, é precisamente esta aceptación dunha España diversa. E a gran paradoxa do liberalismo hispano foi, por contra, a súa estantía e pecha posición na defensa dunha uniformidade hispánica que os efeitos encarregábanse de desmentir arreo.

Elías de Tejada e G. Pércopo estudan neste "El Reino de Galicia", o concepto de Galicia como "reino con instituciones políticas y jurídicas claramente señaladas, sin mengua de su calidad españolísima". O libro que nos ocupa é pois unha calicata, pero máis fonda e insistente, no tema que constituiu o alicerce de "La Tradición Gallega". Falan os autores concretamente de "aquellas benditas edades en que era desconocida la oposición entre el afrancesado Madrid y la Galicia españolísima, ni se concebía para un hijo del Reino (de Galicia) otra manera de ser español que la de su galleguía a machamartillo". Como galegos hai que agradecer a Elías de Tejada e a G. Pércopo, esta aportación á historiografía galega, que é en realidade o primeiro estudo sistemático da Historia do pensamento político de Galicia. Compre agora esperar o segundo volume, que ha chegar hastra os nosos tempos, e terá, lóxicamente, maior cárrega polémica. O simple feito de que se reconoza a persoalidade diferenciada de Galicia e que este reconocemento se faga dende supostos conservadores, xa é un venturoso achado. Precisamente o fallo capital do Tradicionalismo galego —en oposición aos das outras comunidades hispánicas diferenciadas— foi non insistir, i en muitos casos nin xiquera prantexar, o problema das nacionalidás, que constituía o alicerce sustancial da súa doutriña. O Carlismo galego deu máis importancia á custión dinástica que aos problemas

[1] **Editorial Galaxia. Vigo, 1966.**

base do país, pechóuse na defensa de privilexios de grupo, ou nun conservadurismo sentimental que tolleu as súas posibilidás de arraizamento. Ao mesmo tempo, o Liberalismo galego, ecóico e mimético, arredado tamén dos problemas de Galicia, e vivindo sempre na dependencia dos esquemas ideolóxicos dun racionalismo centralizador, foi un elemento regresivo, ancorado nun "provincialismo" de esquíos horizontes, incapaz de vitalizar a concencia do país e crebar a insensibilidade política dunhas masas asoballadas pola necesidade inmediata de sobrevivir. Un Carlismo galego de máis amplias conceiciós —o de Vázquez de Mella, por exemplo, cuia aportación fundamental non soupo ver a tempo a direita galega— houbera permitido potenciar o rexurdimento rexional con pulo semellante á "toma de concencia" en Cataluña e no País Vasco. Pero este Carlismo galego, non eisistíu, e o buligar partidista do Carlismo foi, en Galicia, sólo o pretesto pra manter as estroituras feudales da terra ou os privilexios eclesiásticos. Movéuse, cando máis, a impulsos dunha sensibilidade romántica, sin concencia clara dos intereses coleitivos, e nesta falla radicou o seu fracaso no país. Hoxe, cen anos despóis, decatámonos de que a esistencia dun forte movimento carlista con concencia diferenciada houbera sido esencial pra o decorrer histórico de Galicia. A historia do Carlismo galego está aínda por facer —nos seus supostos sociolóxicos— e celebraríamos que fora precisamente Elías de Tejada quen, dende a súa posición aberta, comprensiva e intelixente, nos dera as aprosimaciós básicas.

O primeiro capíduo do libro, "La herencia celta", percura as raigañas desta peculiaridade galega no mítico sustrato celta. O celtismo galego é xa un tópico, que ten o fondo de verdá de todolos tópicos e a súa abraiante vitalidade. Convirría endebén unha revisión a fondo. Máis que en bases étnicas, a peculiaridade galega aséntase nun conxunto de feitos naturás, clima, poboamento, que infiluin sobre os xeitos de pensar e vivir das nosas xentes. Sexamos celtas ou non, a cousa pouco importa. Máis que un verdadeiro "celtismo" como base étnica, hai unha "asmósfera céltica" como base espritoal, condicionada polo atlantismo do país. Afortunadamente, os prantexamentos étnicos van recuando namentras se impón a consideración das realidás indiscutibles do medio físico.

Aos celtas debe Galicia, dinnos Elías de Tejada e G. Pércopo, as peculiaridás da súa ialma, e con elas un tollemento fundamental: a falla de amplias conceiciós políticas, a imposibilidade pra superar o senso mínimamente solidario da comunidade. O problema, que atinxe direitamente á capacidade ou incapacidade dos galegos pra acadar unha concencia política. prantexóuse hai anos nun conxunto de ensaios —"Paisaxe e cultura"— no que un equipo de ensaístas galegos espuxo complidamente cómo opera no home galego a comunidade ca natureza, ca conseguinte humanización désta, e as súas consecoencias: lirismo, individualismo, panteísmo, falla de senso coleitivo. A natureza é a preseucia inmediata, o sustitutivo da presencia humán. A vida ca natureza non é "vida política", non é con-vivir. O home galego está máis afeito á introversión que á convivencia. E precisamente esta introversión, determiñante do lirismo constitui o aceal cara á creación de xeitos de convivencia concretados en fórmulas políticas. Máis que dun "celtismo" habería que falar dun "atlantismo" determiñante —relativamente— da nosa peculiaridade. Esto permite esplicar que os mesmos condicioamentos sigan a operar na nosa circunstancia, cando xa a presencia dos celtas tense disolto nos séculos da historia e nas camadas das novas e distintas aportaciós étnicas. Os celtas, si é que verdadeiramente constituiron nalgún tempo o soporte básico e maioritario da

nosa etnia, pasaron xa, pero o "atlantismo" —conxunto de condicionamentos naturás— mantense aínda operante, como se mantén noutras comunidás nacionales frustradas —Gales, Bretaña. Este atlantismo, informa dende sempre a estroitura social do país, e dá o seu caraiterístico anacronismo a unha Galicia que se mantén arredada, pechada en sí, estantía e propia, por riba dos ciclos históricos, acobillando a súa inmensa cárrega de posibilidás inéditas, non lixadas nin xiquera pola espranza.

Tras dexergar o "celtismo" como condicionamento básico, estudan os autores de "El Reino de Galicia" o pensamento político galego na Alta Idade Media: a obra de Idacio, San Martiño de Dumio, hastra chegar ao gran século compostelán, ao intre en que o Reino estuvo a punto de sair do eido nebuloso das posibilidás, e coallar en realidade política, arredor do teocratismo de Xelmírez. Pero esta realidade política xurdía asentada nunha comunidade urbán, e por tal allea á realidade "natural" de Galicia, que, fora da creiguecía ou a nobleza, perviviu no seu vivir ahistórico. Faltóu además unha empresa esterior capaz de dar forma ó sentimento nacional dos galegos. Cando en Galicia xurde un centro político capaz de asentar á súa persoalidade nacional, atopou o país pechadas todalas posibilidades de proieición esterior. A nación —as naciós comenzaban a se formar no intre en que nacía Compostela como centro político —é unha entidade de contido polémico, unha creación inicial "contra" algo. E Galicia atópase coutada das empresas da Reconquista pola lonxanía das fronteiras cos mouros, sin real participación nestas empresas, que eran cousa esclusiva da aristocracia, cunha burguesía sin pulo, simplemente receptiva, mantida pola pelerinaxe, esquía e centrada esclusivamente nunha vila de señorío. Amáis —como moi ben soupo ver Emilio González López no seu "Grandeza y Decadencia del Reino de Galicia"—, a oposición entre Compostela e Braga esnaquizóu o país, crebóu unha comunidade natural que constituía a súa principal forza. Esta consideración de Galicia como nacionalidade frustrada non a atopamos no libro de E. de Tejada e G. Pércopo. Pra os autores, Galicia insertóuse perfeitamente nunha estroitura superior —a de España— de xeito natural. Participóu nas súas empresas, inxeríu a súa historia nunha historia non allea. O que o pensamento nacionalista galego enxerga coma perda da persoalidade histórica do país é pra os autores a culminación natural da Historia de Galicia. Pero as empresas en que participaba Galicia eran as empresas alleas ao país, e nelas os seus linaxes nobles ganaban terras e blasós; pero o home galego seguía os seus traballos e os seus días arredado dunhas fazañas que sólo coñecía como catástrofe periódica, namentras teimaba nun arraizamento vexetal nas súas esencias, conservándoas nun milagre defensivo.

A roita da pelerinaxe era pra os galegos medievás simplemente un camiño por onde os outros iban, viñan e non acougaban. Compostela foi un milagre artificial, namentras a vida galega seguía ao seu redor insensible, inmóvil. Pola súa mesma singularidade, a aportación compostelán, deslumbradora na súa proieción estética, non supuxo nada fundamental cara ao ordeamento de base da realidade do país. Hoxe coñecemos mellor o fenómeno, que é o mesmo dos países receitivos de turismo, que perduran na súa vida anterga, ao marxe dunha corrente da que sólo poden asimilar o esterior, o accidental.

Moi interesante é o demorado estudo da Compostelana, moimento historiográfico da nosa Idade Media. Pero non nos parece axeitada a comparanza da Compostelana co Poema del Cid. As diverxencias son evidentes. O Poema ten un senso popular democrático, que falla na Compostelana; a

Crónica foi unha creación erudita, laboura de cregos e non de xograres, biografía subvencionada, material pra o análise do historiador. Non é obra nacional na que se albisque un pobo en marcha. É obra na que se adiviña un mundo canso, unha cortesanía esmorecente, pechada no seu esplendor artificioso e cortesán.

Moi axustado nos semella o que din Elías de Tejada e G. Pércopo encol do probrema da representación en Cortes. A eliminación de Galicia non foi o resultado dunha política premeditadamente antigalega dos Trastamaras, senon froito lóxico da artificialidade da estroitura social galega medieval, co núcleo compostelán e máis a nobleza asañados na defensa das súas posicións particulares, e o pobo ancorado na súa vida case vexetal, namentras a burguesía non chegaba a cristalizar como clase con concencia dos seus propios intreses. A falla de representación nas Cortes foi unha custión de téinica xurídica que serviu, eso sí, pra acelerar o proceso do esmorecemento da concencia diferenciada de Galicia.

Novedoso é o estudo encol da persoalidade e a obra de Alvaro Pelagius, cuio orixen galego quedou definitivamente probado no recente "Estudos sobre Alvaro País" de Antonio Domínguez de Sousa, insistimos nas probas do P. Atanasio López. Pero a obra do xurista baixomedieval, relevante dentro da historia cultural do Ocidente, ten con relación ao problema do Reino de Galicia unha siñificación moi marxinal.

Materia polémica é o contido do capíduo VII. ¿Foron as Irmandades unha loita que prantexaba de raíz o problema da persoalidade nacional galega? Unha vez máis, os autores de "El Reino de Galicia" enfróntanse ca nosa historiografía romántica, e non ven nas Irmandades o menor asomo de sentimento nacional. Seguindo a Murguía, admiten que "son guerras entre el débil y el fuerte, entre el señor y el vasallo que siente pesado el yugo de la servidumbre". Dende logo a consideración das guerras das Irmandades parécenos insuficiente. É un acontecemento capital na Historia de Galicia, e si ben é verdade que nel non xogaba un interés nacionalista preciso, do seu trunfo dependía o asentamento dunha burguesía —burgueses eran e fidalgos, os guieiros irmandiños— que houbera constituido o alicerse de concencia nacional. Esto está implícito na afirmación dos autores cando din que foron —cousa que semella indubidable —os mesmos reis os que fomentaron a Irmandade. Estas guerras sociales do século XV foron en toda Europa o primeiro intento das forzas que constituiron a vangarda da revolución nacional: a fidalguía rural, o baixo clero, a burguesía. Convirían pois estudar máis demoradamente este movimento, as razós do seu fracaso, insistir sobre o que tiveron de prematuro, de avanzada dunha gran revolta burguesa e artesán, e o que siñificaron, precisamente polo seu dooroso fracaso, prá Historia de Galicia. Convirían por exemplo estudalos en relación cun movimento paralelo, i en parte semellante, ó dos "pagesos de remensa" catalás, e o que supuxo a axeitada solución deste problema —solución que en Galicia non houbo— cara ao futuro de Cataluña.

Este mesmo enfrontamento ca Historiografía nacionalista galega maniféstase na posición que adoptan os autores diante o Mariscal Pardo de Cela. Frente a Brañas, Vicetto e a tradición unánime na literatura galega —tamén da literatura popular, como manifestou o espléndido e recente estudo de X. M. Álvarez Blázquez— sosteñen, seguindo a López Ferreiro, que o Mariscal non foi máis que o derradeiro cabaleiro-bandido de Galicia, opresor desaforado do pobo, usurpador dos bés da Eirexa. O tema aínda non se pode enxergar sin adoutar posicións polémicas. Dato decisivo é o arraizamento que na ialma do pobo tivo a figura do Mariscal, e compriría

facer o detido estudo das causas desta predilección difícil de conciliar co seu pretendido tempero despredatorio. Non citan os autores a obra de F. Mayán, "El Mariscal Pardo de Cela a la luz de la nueva documentación histórica" (Lugo, 1962) que, precisamente polo esquío da bibliografía sobre o tema dende supostos documentás, é moi diño de terse en conta.

Tamén na consideración do papel dos Reises Católicos na Historia da Galicia manteñen Elías de Tejada e G. Pércopo unha posición alonxada da tradicional nos historiadores galegos, cáseque contestes en acusalos de ter rematado a mantenta o proceso de asoballamento de Galicia, cunha vontade consconte de aniquilación da persoalidade do país. Pra Elías de Tejada e G. Pércopo —que siguen a historiografía oficial da época— os Reises Católicos foron os defensores do pobo de Galicia frente á opresión nobiliaria, os trunfadores da anarquía e da opresión, asentadores dunha "paz fecunda que es la felicidad para los pueblos que sufren la tortura de tener tiranos por señores". Sin aceptar totalmente a posición da historiografía romántica, muitas de cuias aseveracións non teñen confirmación documental, o feito é que cos Reises Católicos acelérase o proceso despersoalizador, e que favoreceron o desarraigo da nobleza, clase que, a falla dunha burguesía anovadora, puido recoller e dar senso á tradición histórica do país.

Os derradeiros capíduos, adicados ao estudo do pensamento galego no Renacemento e no Barroco, non engaden nada sustancialmente novo á visión tradicional. Pra F. Elías de Tejada e G. Pércopo Galicia sigue a manter acobillada a súa esencialidade, aínda que en íntima compenetración ca empresa imperial da dinastía austríaca. A obra dos apoloxistas no Reino de Galicia, do Conde de Lemos e do de Gondomar, a obra dos historiadores barrocos, é pra os autores de "El Reino de Galicia" a manifestación da persistencia desta concencia diferenciada. Pero Galicia, illada, preterida, aldraxada, desposeída do que era o seu honor másimo: o padroado do Apóstol, illada das empresas imperiales, nas que a súa contribución é desproporcionadamente cativa tendo en conta o inzamento demográfico, é unha voz morta no ámeto das Españas. A obra dos apoloxistas sirve pra dar constancia desta situación. É obra defensiva, posición airada diante o que coidan aldraxes ao seu país. Nesta época é precisamente cando se impón o complexo de inferioridade que aqueloutra as posibilidás do home galego. A presencia de Galicia fica esmorecida, á espreita dos tempos da espranza.

O libro de Elías de Tejada e Gabriela Pércopo vai provocar sen dúbida reaccións encontradas, e dende os ángulos máis diversos. A posición adversa diante muitos dos dogmas da nosa historiografía rexional vai ferir a muitos. O libro servirá precisamente pra espertar polémicas, pra revisar posicións, e aínda que fora sólo por esto, xa sería útil. Pero é que además "El Reino de Galicia" é o primeiro achegamento sistemático, feito dende posicións conservadoras e con respeto á persoalidade do país, á Historia da Cultura galega. Esperamos con impacencia o volumen II, co convencemento de que precisamente a nosa vida cultural está necesitada de estudos deste tipo, que centren o contraste de opinións. No intre actual de madurez da nosa cultura é cando se impón a valoración asisada de obras como ésta, feitas dende posicións base máis ou menos diverxentes, pero elaboradas cunha esencial honradez, con amor, e cunha vontade de comprensión á que, en verdade, non estamos moi afeitos.

BASILIO LOSADA CASTRO

MOVIMIENTO MIGRATORIO DE GALICIA, por F. Sánchez López *

A especificación de algúns conceutos fondamentáis forma o contido da introdución ca que escomeza a obra. Matízase eisí o siñificado da palabra "migración": inda que as teorías domeantes estean de acordo en que o termo sinala un "cambeo de residencia", pra úns iste cambeo, verbo da súa duración, ten de ser dunha "duración apreciabre", pra outros ten de ser "permanente". A migración indica pasar dunha "área cultural" ou dunha "área social" a outra. Alude o autor ás diversas clases de migración, segundo as diversas consideraciós espaciáis: á escala adeministrativa, á escala zonal, segundo as delimitaciós xeográficas. Il hai migración "temporal" cando a súa duración é menor que un ano.

A primeira parte vai adicada ó estudo das migraciós galegas á escala municipal, nos anos 1900-1963. Dada a dificultade do emprego de métodos direutos de estimación —por non cubrir as estadísticas municipáis, cando as hai, o período estudado— teñen de se empregar métodos indireutos. O autor especifícaos, engadindo varias definiciós axeitadas e describindo os problemas que se presentan. Vése obrigado a usar do "método residual" por falla de material estadístico que permita un análise máis convincente. Chega eisí ó cálculo das migraciós netas municipáis, con base nos censos decenáis dos concellos e aplicando as tasas de crecimento vexetativo provinciáis.

O libro contén as táboas dos resultados compretos dos cálculos pra os concellos de toda a Galicia onde se sinalan os totáis da migración neta: de 315 municipos galegos, tan só 20 foron de inmigración no presente século. Son ístes, por orde de "atraución migratoria": Cruña, Vigo, Ourense, Ferrol, Lugo, Santiago, Pontevedra-Marín, Moaña, Cangas, Grove, Xinzo, Celanova, Porto do Son, Viana, Monforte, Trasmirás e Monterrei (incruio no Ferrol os seus arrabaldos).

O autor estuda tamén as tasas de crecimiento de migración neta, a relación de ístas ca entidade dos respeutivos núcleos de poboación, a apreciación xeográfica das zonas de emigración e inmigración e, pra findar ista parte, fai un análise concreto das áreas de inmigración, que se centran nos estremos oucidentáis das provincias da Cruña e Pontevedra.

A segunda parte conságrase ás emigraciós galegas estrapeninsuares. Encétase co estudo das emigraciós por mar nos anos 1911-1964: primeiro danse os totáis galegos e dempóis os de cada provincia, cos porcentaxes de cada ún dos elementos en comparanza co total da España. A Galicia, con 1.140 milleiros de emigrantes, representóu cáseque o 34% do total español. Analízase nas páxinas seguintes o tanto por mil da emigración con respeuto á poboación; os portos de embarque (os principáis: os dous grandes da Terra, Cádiz, Oviedo, Santander e Barcelona). Referidos ós anos 1957-1962 catalóganse os países de destiño: os que máis galegos levaron foron Venezuela, Arxentina, Brasil, Uruguai, Gran Bretaña, Antillas francesas, USA; os que menos, Bélxica, Grecia, Arxelia, Liberia, Novas Hébridas. Uns oitocentos galegos emigraron a países socialistas. En total, 33 países.

Outro apartado estuda a emigración por vía aérea nos anos 1960-1964: uns 3.000 galegos.

---

* **Editorial Compostela. Santiago, 1967.**

O capido seguinte estuda a emigración galega que ten por marco os países europeos, tamén no período 1960-1964. O principal país de destiño e a R. F. Alemá. Cara Europa foron por terra cáseque tantos galegos que por mar á América: 59.000 contra 61.000.

Outro capido vai adicado ó tema das inmigraciós, nun período máis longo: 1946-1964. Nistes anos voltaron á Terra 107 milleiros de homes e mulleres. Mencióanse dempóis os Centros galegos fora da España: sete en Cuba, 88 en Buenos Airres, ún na Francia... deica un total de 138.

Nas páxinas seguintes estúdanse certas carauterísticas personáis —oficialmente rexistradas— dos emigrantes e dos inmigrantes, verbo das migraciós de Alénmar, no período derradeiramente citado: seuso, idade, estado civil, preparación inteleutual (eran analfabetos o 5% dos emigrantes e pouco máis do 1% dos que inmigraron). Verbo da Europa, istas carauterísticas tan só se póden estudar polo que respeuta ós emigrantes: os períodos pra os que se teñen dados mesmo varían pra cada ún dos países.

A parte terceira vai adicada ó que constitúi, no meu ver, un dos aspeutos máis descoidados pola bibliografía encol da emigración galega: as migraciós que teñen por destiño ou orixe o resto da España. Málla que o período estudado seña ben curto: 1961-1964. Uns 40 milleiros abandoaron a Terra pra ir vivir noutras zonas hispánicas; principalmente a Barcelona, Vizcaia, Madrid e Guipúzcoa. O 36% diles eran obreiros. Uns 6 milleiros (¿cántos galegos?) viñeron —dende Vizcaia, León, Barcelona, Asturias— vivir eiquí: o 25% diles eran obreiros.

A parte cuarta trata da relación, e posibre causación, entre certos aspeutos económicos e sociáis da Terra e os movimentos migratorios. Primeiro, a relación minifundo-emigración á escala municipal. A estrutura minifundista estudada é a presente; os totáis calculados emigratorios son os que vimos na primeira parte do libro. O autor incrínase a crér que non esiste unha relación diste tipo e que, no caso de que haxa algunha, consiste en que é o latifundo —relativo, por suposto— o que pode provocar a emigración. En segundo termo, alúdese ó esceso de poboación agraria: sin que o autor faiga un estudo detido, coida que hai relación, inda que non decisiva. Trata dempóis da renda "per capita" da poboación total e da baixa rendabilidade da terra en proporción á poboación galega, eisí como da presión do fisco. Péchase ista parte cun estudo do crecimento vexetativo, que o autor coida que é un fenómeno vencellado á emigración.

A quinta parte ten por ouxeto o análise de certos condicionamentos demográficos galegos: o volume da poboación, no que se aprecia unha regresión en Ourense i en Lugo; a densidade de poboación en relación cos fonómenos emigratorios: incremento na banda ocidental da Terra; emigración e poboación autiva; incidencia masiva de aquelo na poboación autiva rural. Coida o autor que a emigración chega a siñificar unha mellora do nivel de vida camponés e que non constitúi oustáculo pra a formación de capital. O autor mantén a opinión de que os "Polos de Desarrollo" non poderán disminuir o volume da emigración.

A parte sesta e derradeira, incrúi unhas poucas consideraciós encol do futuro da Galicia.

Il resta engadir que a obra, en xeral, está mañificamente presentada, con todas as táboas e cadros estadísticos necesarios e con mapas ben ilustrativos.

Quen teña lido deica iste ponto supoño que xa se terá decatado das lagoas que figuran no seo da obra: en realidade, cáxeque cada aspeuto da emigración vai encadrado nuns límites temporáis distintos. Eisí, non é posibre un estudo de conxunto dos fenómenos migratorios galegos nun período suficintemente longo, do que se poderían tirar consecoencias de certa trascendencia. Mais istas lagoas concretas non son imputabres ó autor, senón á falla —pra moitos aspeutos total— dun mínimo de material estadístico e dun mínimo de rigor científico na súa elaboración —mesmo certos criterios calificativos empregados pola Adeministración resultan escesivamente abaneantes e mesmo por veces desaparecen. En calquer caso, o autor tirou de dito material todo o que nil hai práuticamente de aproveitabre.

Porén, outras chatas sí son imputabres ó investigador. Mencioemos, pra escomenzar, certos aspeutos que son aludidos, málla a súa trascendencia, dun xeito superficial por demáis: fallan os estudos concretos do esceso de poboación agraria, da renda "per capita", da presión fiscal; pra pór algúns exempros. Por outra banda, hai certas chatas metódicas i espositivas, no meu ver: que se non haxan tentado certos métodos de investigación direuta encol da emigración á escala municipal; que non haxa un tento serio de calcular o número de galegos que viven hoxe fora da Galicia; que non apareza un estudo das consecoencias das autividades peixeira e fabril nas súas relacións ca emigración —e tan só se fale da economía agraria—; que non aparezan dados encol dos Centros galegos espallados pola Península. A falla de cálculos anuáis —e mesmo, en certos casos, decenáis—, isto é, o estudo de certos fenómenos a traveso de longos períodos pode levar a conclusións falsas: o leutor non avisado pode crer, pra pór un exempro, que nos derradeiros anos emigróu máis xente á América que á Europa. Polo que respeuta ó tema concreto da relación que poida haber entre o minifundismo e a emigración, o fallo metódico é, no meu ver, grave: tencióase contrastar unha realidade dinámica, a emigración na primeira metade do noso século, dende unha perspectiva estática, a repartición autual da propiedade das terras. As consecoencias que se poidan tirar, e as conclusións que se poidan impor, diste análise concreto, non terán, xa que logo, certos aspeutos económico-sociáis, o autor semella non estar moi ó tanto. un mínimo de entidade científica. Verbo da bibliografía que se produciu na Galicia nos derradeiros anos encol da emigración, da demografía e de

Con todas istas chatas e críticas, e con máis aínda que se lle puideran poñer, a obra do profesor Sánchez López ven encher unha grande falla que víñamos notando nos derradeiros anos: a dun estudo completo, científico e rigurosos encol dos fenómenos migratorios galegos no século XX. O autor cumpre iste rol dun xeito verdadeiramente maxistral e todos os galegos debémoslle agradecimento por elo. Eu diciría que ista obra, en compaña da que Meixide adicóu ás emigracións galegas peninsoares no século XVIII, ficará coma un libro clave nos estudos que teñen por ouxeto a análise realista da sociedade galega.

X. A. ARXONA

DE NOVO ROSALÍA EN ITALIA *

Foi Carballo Calero quen adicou en 1959 un artigo a facer reconto da repercusión da obra de Rosalía na Italia, co gallo de dar a conocer

* ROSALÍA DE CASTRO. **En las Orillas del Sar, notas y comentario por VINCENZO JOSÍA. Collezione diretta da *L. Biancolini*. Angelo Signorelli, Editore. Roma, 1966. XVIII pp. máis 28; máis outras da XIX á XXVI, in 8.º.**

o xuicio pubricado na revista de Frorenza "La Rassegna Nazionale", en 1885, encol do libro "En las Orillas del Sar", e cuio vol. XXIV que o contiña chegou ás mans de Murguía no mesmo día da morte da escritora no 15 de Santiago do dito ano.

Ós nomes do Prof. Pilade Mazzei que en 1936 pubricou un volume sobre Bécquer e Rosalía con traducións de ista, ó de Mario Pinna que estudou en 1957 os motivos da lírica rosaliana e en 1958 traduxo tamén poemas dos libros de Rosalía, e ó inda enigmático do corresponsal de Murguía que se agacha baixo siglas ó pé do xuicio da pubricación frorentina, vense engadir agora o do Prof. Vincenzo Josía, doctor en Língua e en Letras, de Roma, que ordeou o volume reseñado a pe de páxina.

Forma parte o libro da coleición *I Classici Spagnoli*, dirixida polo Profesor Leónida Biancolini, pra o terceiro e cuarto ano de estudio da língua castelán en Italia, e forma o núm. 11 de tal coleición que ten por obxeto "proporcioar ós alumnos de língua española —dí no "Prefacio" o Prof. Blancolini— conforme o requiren os programas ministeriaes, obras escolleitas antre as millores da hispana literatura" co rol devandito.

Leva na contraportada un retrato de Rosalía, tomado, sin dúbida, do volume das "Obras Compretas" da coleición Aguilar; mais xa é hora de decir que o tal retrato non é senón unha composición a base da fotografía de Esplugas, isto é de aquela fotografía ben conecida en que aparez a escritora con unha toca de penas de ave, sostida por fitas que veñen dende atrás a formar floxo lazo por baixo da barbadela, e de un fato que entendo que debe ser aquil de que se queixaba doña Gala, a filla de Rosalía, que lle tiñan levado pra facer un deseño de ista e que llo non tiñan devolto, pois describíao tal como aparez, de corte de xastre. De modo e maneira que, si ben o rosto da grande lírica é parecido, por ser tomado do dito retrato, o peinado somentes é imitante, e a actitude, debido a unha maor longura do pescozo, non ten a lasitude con que se mostra Rosalía nas reprodución fotográficas, o que lle tira unha miga de dozura ó conxunto.

Segue unha adicatoria ós poetas Pura Vázquez e González Garcés, e, tras do prefacio de que temos falado, danse uns "rasgos biográficos" e da "labor de Rosalía" no que o Dr. Josía, con amor, recolle os máis sobreaíntes datos da vida e da obra da autora de "Follas Novas". Non fallan algúns erros de escaso volume, como non fallan tampouco ausencias de información, cousas as dúas en que non é difícil caian os que queren facer a biografía rosaliana debido á abondosa bibliografía, ás veces de consulta pouco doada, que xa eisiste encol da escritora. Feitos particularmente os meus reparos ó benemérito recolleitor Dr. Josía, fainos presente en nome do editor que serán tidos en conta na segunda edición da obra.

Son vintecatro os poemas tomados de "En las Orillas del Sar" que se pubrican neste pequeno volume, algúns de eles somentes en fragmentos. Como novedade está a de lle pór un tíduo ás poesías que Rosalía lle non puxo. Eisí temos que ó anaco VI do poema primeiro ó que o poeta chama "Orillas del Sar" (páx. 10 da ed. príncipe pola que citaréi) e cuio anaco comenza:

¡Oh tierra, antes y ahora, siempre fecunda y bella!

ven tituada "Desconsuelo"; a que ten por primeiro verso.

"Una luciérnaga entre el musgo brilla"

(p. 15), noméase "Misterio insondable"; a que se inicia

"Sedientas las arenas en la playa"

chámase "Deseo de paz", e así outras. Tan só un anaco da poesía "Los Robles" leva iste nome que xa lle puxera Rosalía. Están acertadas estas denominacións e nelas trátase de resumir o tema do poema. Ó pé das páxinas veñen glosas interpretativas de cada poema con máis espricadelas semánticas das palabras e das frases pra os alumnos ós que vai destiñado o libro.

Un "*Apéndice*" contén brevísimas xeneralidades atinentes ás pelerinaxes a Santiago, á lírica dos grandes Cancioeiros galego-portugueses e á gramática da língua galega.

A seguir van cinco mostras da poesía en galego de Rosalía tomadas de "Cantares" e de "Follas Novas" ás que tamén lles pon o colector títduos axeitados ó contido cando nono teñen no libro de onde proceden.

Remata o volume con un "Comentario de la obra" na que se analizan "los temas y aspectos más comunes y de mayor trascendencia en la poesía rosaliana, y precisamente el amor de la poetisa a su tierra natal, el sentimiento de la caducidad y vanidad de la vida y visión e interpretación de la existencia humana", e con unha bibliografía rosaliana de corenta e cinco cédulas na que veñen as obras xa crásicas de autores que se citan comunmente ó falar de Rosalía, pro antre as que se nota a ausencia das máis modernas encol do tema.

Temos de agradecer os amigos de Rosalía, e inda os galegos todos, iste novo homaxe que a Italia, por medio de un dos seus profesores, rende ó poeta que millor encarna o espírito de Galicia.

FERMÍN BOUZA BREY

INMIGRACIÓN Y NACIONALIDAD, por Dardo Cúneo, Julio Mafud, Amalia Sánchez Sívori y Lázaro Schallman [1]

A Arxentina caracterizouse durante muitos anos como un país de inmigración e aínda hoxe o é. Entre 1860 e 1964 recebeu unha inmigración neta acumulada de 5.705.311 persoas. Se non houbese recebido ista aportación, a súa poboación ascendería ao 45 por cento da actual. Ista estimación pon de releve a importancia que tivo o fenómeno migratorio.

A política inmigratoria dos gobernantes arxentinos tiña como obxetivos: levar adiante un certo proceso de desenrolo económico, modernizar o país e tamén modificar as bases da poboación, introducindo pra iso grandes continxentes de familias europeias.

Inmigración y nacionalidad que edita Paidós como homaxe do Instituto Judío Argentino de Cultura e Información ao cento cincuenta aniversario da declaración da independencia arxentina, tenciona esclarecer diversos aspectos disa política, do proceso de asentamento e adaptación do emigrante e a súa influencia na formación do carácter arxentino.

Como toda obra que recolle traballos de varios autores, non presenta parellos méritos canto á calidade, rigor metodolóxico i espositivo. Evidéncianse opinións encontradas pra esaminar o desenrolo da política colo-

[1] Editorial Paidós. Buenos Aires, 1967.

nizadora dos dirixentes da chamada República liberal, xulgada con severidade por D. Cúneo (Memoria sobre inmigración) e con certo aire de panexírico por Lázaro Schallman (Proceso histórico de la colonización agrícola). Apesares do dito "Inmigración y nacionalidad" representa un esforzo pra alumear a importancia e as influencias dos emigrantes na vida arxentina. De máis é dicir que o tema non fica esgotado, xa que o seu estudo recén comenza e aínda non esisten os traballos particulares que permitan realizar unha obra definitiva.

Do ponto de vista galego —apesares das cativas referencias á emigración galega— o volume ten interés, xa que o feito emigratorio galego, pra ser comprendido dun xeito total, ten de ser estudado no país galego e no país que recebe ó emigrante. O soio esame do proceso no "país fonte" dá unha visión parcial, en razón de que ise proceso non se detén coa saída do emigrante, senón que con ela se inicia e continúa e finda no "país receptor", cando non se produz o retorno do emigrado, cousa bastante común polo menos no caso arxentino —de 1867 a 1908, o 40,29 por cento dos chegados á Arxentina voltaron aos seus países de orixen—. As distincións ou divisións que se fagan só poden ter carácter analítico, igual que os estudos de diferentes problemas de desarreigo, desviación social, desorganización familiar, etc.

En "Memoria sobre inmigración" D. Cúneo esamina a política imigratoria da elite gobernante arxentina, caracterizada pola improvisación, a irrealidade, o desprezo polo pobo nativo. A través dela percúrase obter man-de-obra europeia: "operación equivalente a la importación de negros en el 16", e depurar a sociedade arxentina: "estaremos siempre por el fomento de la inmigración europea como medio de regenerar nuestra sociedad", dixera en 1852 Bartolomé Mitre, logo presidente da Arxentina.

Familias europeias ian cumprir ista tarefa rexenadora, pro só chegaron homes, poucas mulleres, menos familias. O que se conqueriu foi quebrar o equilibrio de sexos. Ises continxentes debíanse asentar nas zonas ruraes, mais a maioría permaneceu nas cidades, en especial as do litoral platino, Buenos Aires, Rosario, etc.

Coido que é mui posíbel que no maxín disa elite estivese presente o habitante da Europa urbana: o operario inglés, o artesán suizo, o pequeno-burgués xermano... e na realidade arribaran xudeos fuxitivos das matanzas da Rusia zarista, galegos cansos de caciques, foros e outras taras da súa Terra, irlandeses escorrentados polas malas colleitas de patacas, italianos do sul. Nunha palabra, aquelas masas que aínda non foran convocadas polo desenrolo industrial. Dardo Cúneo cita conceitos de Jean Jaurés vertido nunha conferencia pronunciada en Buenos Aires en 1911: "Y ya no es sino en los pueblos de Europa meridional o en los del mediodía que se encuentran elementos de éxodo; y no es en toda España, en todo Portugal o en toda Italia, sino en las regiones de Italia, Portugal y España que aún no están industrializadas. No es Cataluña, con su vigorosa expansión, ni es Piamonte ni la Lombardía ni las otras regiones de Italia del norte donde humean las usinas, quienes envían emigrantes. Son las regiones de España que continúan viviendo en la somnolencia económica del pasado, son las regiones de Portugal que no han sido tocadas todavía por el espíritu nuevo, son las regiones de la extrema Italia meridional, sur de Nápoles y Sicilia".

Unha política colonizadora supuña contratación de familias e seguranzas pra poder estabelecerse en terras propias, cousa que non aconteceu na maioría dos casos. Os colonos estiveron sometidos a toda crás de en-

ganos e roubos. A falla de pranexamento fixo que Buenos Aires se convertise nunha "ciudad grande a la europea, barrio grande y colonial de Europa".

A heteroxénea masa de emigrados non estaba preparada prá nova vida e tampouco estábao a Arxentina pra asimilalos. Proba delo é a persistencia de costumes, linguaxe e persoalidade das distintas nacionalidades.

Iste traballo de D. Cúneo contribue a quebrar a mitoloxía emigratoria, en boa parte oficial, pro tamén sostida polos emigrantes —en especial os trunfadores—. A Arxentina fundidora de pobos significou —como dí o autor— antinacionalismo, xenreira oficial polo nativo; mais non é xusto esquecer que pra miles de homes que viñan percurando un mellor nivel de vida material i espritual foi esplotación e anguria.

Julio Mafud en "El desarraigo del inmigrante. Influencia inmigratoria en el carácter nacional" intenta un estudo de psicoloxía social. É o máis débil de todos os traballos da obra, ao non ter o rigor metodolóxico que sería de desexar.

"El que llegó" quere ser unha descripción do emigrante enriquecido, do trunfador convertido en "ser metálico" que volta á aldeia lonxana e lles deixa aos seus viciños diñeiro, "siempre dinero, para que los otros recordasen su éxito y notaran la diferencia entre un triunfador y un fracasado, que era lo que más les importaba". Supondo que isto fose totalmente certo o que importa é asinalar as causas, a motivación, os mecanismos psicolóxicos que sosteñen tal conduta. A simples descripción nada esplica. Hai demasiado tópico, igual que en "El que no llegó", imaxe do emigrante que fracasou.

Polo dagora, é mui difícil estabelecer cáles son as influencias dos emigrantes no carácter arxentino, cando iste aínda non está ben definido. Alén de que o mesmo autor recoñece que "las pautas del ser argentino no se han estudiado suficientemente para establecer con tal certeza su contorno".

No terceiro ensaio "La inmigración y la literatura argentina" Amalia Sánchez Sívori percura a presencia do emigrante no teatro, na poesía e na novela arxentina.

A literatura teatral debe ao emigrante o ésito e apoxeu do xénero menor, do sainete, que é "testimonio del aspecto pintoresco de la convivencia en conventillos de toda suerte de recién llegados: gallegos, turcos, rusos (que así eran llamados los judíos, sin mayor discriminación de origen), italianos, portugueses, los que dieron motivo a la creación de tipos —no de psicologías— que cimentaron el prestigio de muchos comediantes diestros en la composición de machiettas, cuya recreación es hoy imposible, pues aquellos actores hallaban sus modelos a cada paso, en la calle".

No teatro hai presencia do galego, non acontece o mesmo na novela, ás veces referencias circunstanciaes, presencia marxinal. Nalgún intre deberá ser esplicada ista ausencia. Ausencia que tamén alcanza á literatura galega (non sei si agromou un proieito de Neira Vilas de escribir unha novela sobre un emigrante na Patagonia).

Na poesía o panorama é semellante. Sánchez Sívori esquece a única obra arxentina que fala dos emigrantes galegos: "Libro de canciones para Rosalía de Castro", de González Carbalho. Na literatura galega, si exceituamos "Fardel de eisilado", de Luis Seoane, tampouco foi tratado o tema (refírome á emigración e máis ao emigrante visto desde a América).

Lázaro Schallman en "Proceso histórico de la colonización agrícola en la Argentina" refírese ao estabelecimento de colonias estranxeiras no territorio arxentino: galeses na Patagonia, xaponeses nos arredores de Buenos Aires, ruso-alemáns en Entre Ríos e Buenos Aires, etc.

Nos seus antecedentes históricos bótanse de menos os intentos de colonización da Patagonia e do sul da provincia de Buenos Aires na época da dominación española. Proieito que levou ao Prata a varios miles de familias galegas na súa maioría.

É de interés a cita do discurso de Bartolomé Mitre no Senado arxentino: "Refiriéndose al espíritu de la inmigración galesa, señala Mitre en 1870, que al igual que la vascongada, la irlandesa, la gallega y la liguriana, tiene sus antecedentes históricos y morales y obedece a los móviles de ciertas razas, que conservando el sello y la tradición de la raza no pertenecen en realidad a la comunión política de que forman parte. El país de Gales, como Irlanda, no habla inglés, ha sido conquistado, ha vivido oprimido y vegetaba en la miseria o sin esperanza de poderse elevar, lo mismo sucedía al vasco o al gallego, teniendo todos ellos en común el pertenecer a la raza céltica, lo mismo que los genoveses, explicándose por esto tal vez que tuvieran más tendencias a emigrar hacia el Río de la Plata". Deixando de lado o asunto da común linaxe céltica de vascos, xenoveses, irlandeses, galegos e galeses é significativo iste testemuño americano da romántica esplicación das migracións por razóns raciaes, hoxe ben se sabe que ise espíritu céltigo nómada son as malas colleitas, os caciques, a opresión económica e social, a política represiva, etc.

RICARDO PALMÁS CASAL

MIGRACIÓN Y SOCIEDAD EN LA GALICIA CONTEMPORÁNEA: Colectivo *

A primeira parte da obra vai constituida por unha introdución, na que os autores aluden ás causas da emigración, como fenómeno xeral, pra tratar dempóis do seu impauto na novelística española dos nosos días. Fálase da tradición emigratoria, menciónase un traballo de Tamames, e péchase dita introducción precisando que a investigación que constitúi, no meu ver, a parte fondamental da obra realizóuse en setembro do 1965.

A parte seguinte, "Migración e sociedades humás", propónse unha vulgarización de dúas obras de sendos autores: Huntington e Schwidetzky. Refírense eisí aos fenómenos concretos da "tamización" e do "desaloxamento"; ao estudo das rexiós preferentes; ás presiós social i económica como causas das migraciós; á causación relixiosa: teoría do "ver sacrum". Máis adiante estúdanse diversos tipos determiñados de tamización social, co que se pecha ista parte.

"Home e paisaxe na Galicia" ocupa poucas páxinas. Enúncianse certas vulgarizaciós encol do minifundo, tiradas de obras de Otero Pedrayo e Martínez-Risco.

---

* **Publicaciones del Instituto Español de Antropología Aplicada. Ediciones Guadarrama. Madrid, 1967.**

A parte seguinte coincide no seu tíduo co da obra. Ila é a que se ocupa verdadeiramente da temática en dito tíduo anunciada, cando xa meio libro ficóu atráis. Faise unha análise de corenta e tres concellos galegos dos catro estremos da Terra —o centro non é estudado nista investigación— verbo da *emigración con orixe no seu territorio nos derradeiros* anos. Os dados foron colleitados por un equipo que percorréu ditos concellos durante tres semás. Se non pubrican dados oficiáis cantitativos, agás en catro casos, senón que as cifras son as que lles semellan axeitadas ós compoñentes dos fatos que o equipo inquiríu: alcaldes, segredarios locáis, párrocos, delegados da Seción Femenina, Guardia Civil. Istes fatos son tamén os que informan encol do nivel de vida, salarios e outras custiós, das diversas localidades. Cabo distas consideraciós, os autores adexuntan certas recomendaciós de tipo económico pra a comenencia do país: industrialización da produción agraria, craación de postos de traballo, turismo, etc., etc.

Il cecáis conveña mencioar eiquí os dados estremos que comunican os autores en cada provincia. Eisí, na da Cruña, os porcentaxes de emigración van do 5 ó 25%; na de Lugo, do 1 ao 50%; Ourense, 3 e 40%; Pontevedra, 6 e 15%. Do valor científico distes dados, xa o leutor, polo dito, saberá qué posición manter.

As cidades da Península que semellan levar máis galegos son, asegún ista obra, na Terra, Vigo, a A Cruña; e fora de ela, Barcelona, Madrid, Bilbao e Gerona. Na Europa: os países da CEE, Suiza, Gran Bretaña. Noruega. Alén, Venezuela, USA, Puerto Rico, Uruguai, Australia.

O libro findase con dous apéndices: o primeiro contén algús versos encol da emigración da autoría de Rosalía e Curros. O segundo, cheo de dados estadísticos oficiáis, contén unha comparanza das cifras da emigración galega ca española total, dados encol do paro oficialmente estimado e totáis de demandas de contratos de traballo no estranxeiro. Seméllanme istas páxinas derradeiras do segundo apéndice as máis aproveitabres do libro.

Supoño que o leutor das liñas devanceiras xa se terá percatado do esprito de "caixón de xastre" que anima á obra. Non é doado saber qué rol tencioa facer ista obra na autual bibliografía encol da emigración galega. Non comprendo a qué ven vulgarizar, dun xeito non moi convincente, uns autores hoxe superados, ca axuda dunha bibliografía escesivamente anticoada. Cecáis por se ter realizado o traballo en equipo, semella que non hai un mínimo de craridade nas ideias nin na súa esposición. Se istas afirmaciós soan eisaxeradas, deixaremos que xulgue o leutor de ista recensión, meiante a inclusión dalgunhas "teorías" dos autores.

En col da atración seusual: "las bellas eligen a hombres de éxito social; las inteligentes, a los inteligentes". Encol da diferenciación individual: "los individuos se diferencian unos de otros no sólo en su aspecto somático, físico, sino también en su estructura interna". Encol das conquistas españolas: "el soldado hispano... ejercía cierta atracción exótica sobre la mujer cobriza, más cuando comprobó que con el blanco gozaba más que con el indio". Encol do turismo que sofrimos hoxe: "No cabe duda que el desplazamiento a la "Costa del Sol" de un habitante de los países nórdicos constituye una dura prueba física: el clima, sobre todo, lo afectará rudamente". Il non hai dúbida da novidade das afirmaciós do equipo: pode ser que as súas teorías da atración seusual señan persoalmente em-

píricas, mais non coido acertadas as que versan encol do "conquistador" español, que ten sona en todo o mundo pola súa torpeza seusual, nin as das terribres consecuencias da súa vinda á Peninsua pra o nórdico, cousa desmentida polas estadísticas turísticas e polo monto das divisas.

O equipo tamén regala á Terra con algunhas teorías: veleiquí unhas poucas. Os saefes viñeron á Galicia fadalmente, no seguimento e percorrido dun "ver sacrum"; hoxe os galegos emigran porque o país é "esclavo de un pasado y también indudablemente de un inconsciente arcaico". O poema de Avieno, que fala dos saefes, rexistra, segundo os autores, a primeira migración (sic) galega. O escaso "influjo islámico" fai que o galego "se sienta incómodo en los paisajes de llanuras abiertas ,y no goce dionisíacamente del trópico". Ten de calificarse de aberración, o feito de que as mulleres traballen no campo como os homes.

Pra findar, teremos de dicir, verbo da única parte que podía ter un certo interés pra nós, "Migración e sociedade na Galicia", que non compre vir perder o tempo eiquí, pra se enterar do pésimo estado das nosas estradas, pra encher varias follas dun libro falando da estensión e límites dos nosos concellos, pra coñecer o censo (¿de qué ano?) dos municipios, do baixos que son os salarios e das autividades económicas dos galegos. Tampouco pra elaborar un estudo encol da emigración galega, viciado "ab origine" pola falla total de método científico, polas "téunicas" de achádego e pola calidade dos fatos informantes. Il compre que os autores se decaten de que a socioloxía, a demografía e a economía teñen poucos puntos de contauto ca cencia-fición ou ca cultura de contraportada.

X. A. ARXONA

MAESTRO MATEO A SANTIAGO DE COMPOSTELA, por Gian Lorenzo Mellini [1]

A coleición italián "Forma e Colore", de cuios primeiros cadernos hai xa edición castelán, ven de pubricar unha espléndida monografía encol do Pórtico da Gloria da catedral compostelán. O caderno, de gran formato, leva un estudo limiar con amplísima bibliografía, e 30 grandes follas con reproducción a todo color do conxunto e aspeitos parciás do Pórtico. As reproduccións son, sin dúbida, o mellor logrado até o dagora entre as xa numerosas coleicións fotográficas do prodixio iconográfico medieval. O color revive espléndidamente os restos de policromía, e a téinica fotográfica moderna permite unha visión cabal dos máis recónditos detalles. O Caderno leva tamén un gráfico que axuda a situar no conxunto os detalles reproducidos.

O testo da introducción corresponde a un propósito de alta divulgación. Fai unha esposición da Pelengrinaxe a Compostela, e unha demorada descripción do conxunto do Pórtico. Sinala cómo o Mestre Mateo deleixou a tradición representativa das visualizacións apocalípticas, cunha suprema diñidade icónica resolta nun orde vivido e impertérrito, nunha especie de tensión no ensoño, nun xeito de equilibro que lembra metafóricamente o arte grego arcaico. Está ben visto cómo as partes plásticas espóñense

[1] **Sadea - Sansoni, editori, Florencia, 1965.**

craramente en dúas tipoloxías: unha simbólica, que corresponde aos paneles ilustrativos, e outra craramente realista nas estatuas columnarias, pra cuia realización o artista dispuña dunha maior libertade espresiva. Constituin estas figuras columnarias o que o autor chama "una specie di guardia d'onore allo spettacolo sacro, un folto personale di assistenti accoglienti per i pellegrini". Ve na animación naturalista dos persoaxes non unha mímica ritual, senón un movimento melódicamente mesurado, unha humanidade cordial e non compasada, con plegues das vestimentas dispostos cunha natural elegancia, e os rostros como viventes retratos de modelos locales. No Pórtico ve o autor unha novedade impresionante: a encarnación primeira dun ideal da civilización moderna, ó contaito direito ca realidade. O cambio de gusto corresponde no plano litúrxico a unha mutación do culto de tipo terrorístico por unha forma de *pietas* nova e naturalística, dacordo ca Escola de Chartres e o arte máis avanzado do seu tempo. Suliña o autor este valor de vangarda no arte do Mestre Mateo, autor de "la prima porta gótica d'Europa".

É interesante a impresión de orientalismo que produz o pórtico á un esperto coma Mellini, que compara a visión primeira do Pórtico ca que producen algúns frontes de templos indús, ca riqueza vexetal dos ornamentos e as figuras coma nunha danza sagra, co volteo serpenteante dos plegues dos roupaxes. "O Pórtico da Groria pode evocar indistintamente paisaxes orientales, con precisos calcos sassánidas, lembrar esculturas palmiranas, ou traguernos o recordo de imaxes da Hispania primitiva (a cabeza de Daniel, disólvese na fabulosa da Dama de Elche) ou imitar movimentos, olladas e sorrisas que se anovan eternamente na vida de España, aberta e composta de tódalas voces, antigas ou modernas, da civilización mediterránea".

O testo, moi suxestivo, é un diño complemento da maravilla de adovío gráfico deste espléndido caderno.

B. L.

A ESCULCA HISTÓRICO-SOCIAL DA FAMILIA GALEGA

Si tiveramos a encarga de formar unha bibrioteca de libros fundamentaes encol da nosa terra, teríamos que lle dar un bó logar ós tres volumes que polo de agora teñen saído de *Enciclopedia Heráldica y Genealógica* da que é autor o escrarecido mercedario Frai Xosé Santiago Crespo Pozo, ben conocido por outras empresas literarias a prol de Galicia. Trátase de tres tomos fortes que levan por tíduo, o primeiro *Heráldica de Galicia* por ocuparse dos blasóns nobiliarios de iste antigo Reino; os dous seguintes *Blasones y Linajes de Galicia* porque estenden a súa temática polas familias das que acadou novas xenealóxicas. Falla aínda un coarto volume que compretará a obra enciclopédica.

O Tomo III chegou ás nosas mans [1]. A súa ordenación, o mesmo que fixo o II que iniciou a serie dos linaxes —pois o I ocupouse dos escudos, se-

[1] **José Santiago Crespo Pozo O. de M.: *Blasones y linajes de Galicia. Parte genealógica* (*G-M*). Tomo III. Editorial de los Bibliófilos Gallegos. Santiago de Compostela, MCMLXV (Artes Gráficas Do-Mo. Madrid), XIII+1+350+1 de colofón. Folio.**

gún levamos dito— efectúase por apelidos colocados alfabéticamente, e, da mesma maneira que o vol. II abrangueu da letra A deica a C, incrusive, iste vol. III vai da G á M, en páxinas de limpa tipografía.

Con ista pubricación colócase a Galicia á outura de calisquera outra terra da Península de entre as que máis e mellor teñan feita a crónica dos seus apelidos históricos. É gustoso de ver cómo dende os *Gavea, Gabiño* e *Gago* que abren a lista, hastra os *Muñoz, Muros* e *Murúa* que a pechan, pasan xentes que deixaron a súa rodada fonda no vivir galego como os *Gayoso,* os *Lanzós,* os *Lousada,* os *Herbella,* os *Xil Taboada,* os *Das Mariñas,* os *Mariño,* os *Mella,* os *Montenegro* e tantos outros.

Neles van incruidos os títduos e as grandezas obtidas que, cando son premio a servicios eminentes do Estado, procraman por si a esistencia de unha persoalidade ergueita, ou mesmo de unha estirpe cara en sagrificios e en traballos a prol da comunidade. Así os Xil Taboada que deron virreis e prelados benéficos; os Mariño que dende guerreiros a troveiros encheron cas súas actividás o ámbito de varios séculos; os Gago, navegantes en corso contra piratas ingreses e berberiscos; os Lousada conqueridores nas Américas; os Lanzós que tran resoancias das loitas irmandiñas; os innumerabres López que, dende ocupar Ministerios nacionaes como don Luis López Ballesteros que soergue a Facenda púbrica hastra os López de Guadalupe que prestaron eminentes servicios médicos ó emperador Carlos V, esténdense polos cargos todos da fidalguía rural; os Graña que deron a figura de don Antonio, mestre en Salamanca, primeiro comentarista das Decretales, como nos conta o seu epitafio.

Non se trata de falagar vaidades isto da Xenealoxía, tal e como debe tomarse nos tempos de agora. Trátase de unha cencia que si ben fai trescentos ou catrocentos anos pechábase somentes en dar a conocer ilustres antergos falseando as máis das vegadas a verdade sóbor das orixes de un linaxe, hoxe relacióase íntimamente ca Bioloxía e a Xenética ben pra discriminar os caracteres físicos, como a outura, a cór dos ollos, a forma dos cabelos, a do naris, é decir, o relativo ó somático; ben outros caracteres herdados como a lonxevidade, o grupo sanguíneo, etc.; ben caracteres psíquicos como a vontade firme, a sereidade de xuicio, a viveza do intelecto, o temperamento, en fin, do individo. Neste senso moitas custións sociaes presentan aspectos xenealóxicos, en relación ca sanidade popular ou cos caracteres moraes de un país, posto que a herdanza é camiño de doenzas como a epilepsia, a tolemia, a xordeira ou de ergueitas dotes do esprito como as científicas, as artísticas, as altruistas e demáis.

Craro é que polo que respecta á Galicia e á España en xeral, istes estudos non acadaron aínda o grau de maturidade preconizado polos Congresos Internacionaes da Cencia Xenealóxica que, a partir do III tído en Madrid no 1955 e atraveso dos de Bruselas do 1958 e de Estocolmo do 1960 propugnan o ensiño de ísta polo da Historia nas Universidades. Porque, si ben a Xenealoxía científica naceu da xenealoxía da vaidade "do mesmo xeito —dí un xenealoxista actual— que a Medicina saíu da Maxia antiga e a Química da Alquimia medieval", hoxe aprícase non á busca e captura con unha lupa ou unha rede de volvoretas dos nosos pasados máis ou menos asiñalados, senón á historia social que sabe dos vaivéns das familias e dos núcleos históricos, que esprica moitos probremas de conducta e de carácter ou de comportamento, ó cabo, en cada intre da Humanidade. Os feitos dos nosos antergos deben, pois, seren estudados baixo un aspecto biolóxico primeiro, demográfico despóis e social ó cabo, e por iso ten baixo tal ponto de vista tanto interés a historia de unha

dinastía real como a historia de unha dinastía ou de unha individualidade científica ou artística. Os Casares ou os Pedra, por citar exempros galegos.

A obra do Padre Crespo contribui a pór unha base encol da que se teñen de prantexar os probremas relativos á historia social das familias de Galicia. Chegará un intre en que, estudados os núcleos de poboación por rexións dentro da nosa terra, poderá verse o resultado da inmigración forasteira no noso país e as razóns de taes desprazamentos, e ó rivés. Un exempro pode ser o da presencia de apelidos cataláns e do país vasco-francés no noso chán, como os Massó, os Colomer, os Harguindey, atraguidos pola industria pura; ou a presencia de apelidos de países da Europa Central como os Mayer, os Osterberger, ou os Zincke, chamados polas industrias artísticas. A secuencia é que o termo "linaxe" ten de empregarse nun senso amplo, como familia ou clan que vive baixo un rubro ou apelido común e nunca limitado ou constreñido a un concepto pericritado de vanidade nobiliaria.

Saudamos ó novo volume de ista importante obra como un dos chantos enciclopédicos pra empresas futuras da investigación histórico-social da nosa terra.

F. BOUZA BREY

UN ACERCAMENTO A "VENTO FERIDO" [1]

"A lixeira angustia do serán nun corazón de dazaséis anos" é unha frase de Camus que ben podía facer referencia á Mónica de "O outro vrau", ou ó amigo de Anne a do circo, ou ó rapaz que agarda por Clara. Esa mesma sensibilidá adolescente reve en contos nos que o tempo se parou: "Agarda longa ó sol"; e tamén nos que o tempo se crispa, coma no conto da capoeira, ou no do neno que vai quedar cego. Esa sensibilidá desanimada, como un pouco cansa, chea de comprensión pola xente que vive, e de asombro polo tempo que pasa ou non pasa, pero non volve, é propia de quen, como Carlos Casares, tivo unha longa infancia que nunca lle morrerá de todo.

Nos máis dos contos, o acercamento psicolóxico cheo de amor polo ser concreto, é a noz. ¿Cómo si non sería posible escribir "Agarda longa ó sol" en que se nos da unha tarde dun vello cunha piedá que semella medo de mancalo? "*Tí has chegar ós cen...*", decíanlle.

É esa mesma valoración dos ruidos da tarde a que nos da a medida xusta do tempo e a soledá do vello. Pero hai outros contos —case me atrevería a falar de dúas tendencias no libro— en que son a violencia e o medo os que rebulen dun xeito desacougante: "O xogo da guerra", "Coma lobos", "A capoeira", "A tronada". Pero a violencia non pasa por "Vento ferido" ca súa lóxica, nin siquera como problema ou meditación. Reparemos en que nestes contos da violencia, a *situación* do asesino non aparece, nin sabemos as súas razós; a violencia xurde así, absurda, fatal, ilóxica. Teríamos que exceptuar "A tronada" en que chegamos a entrever algo do mundo do finado: "*Il quedóu soilo. Reventábanlle as sés. Chuspíu e pen-*

[1] **"Vento ferido", por Carlos Casares. Editorial Galaxia. Vigo, 1967**

sóu: "Levouno todo". Iste ano as espigas estaban cheas. Domeábanse co peso. Dixo pra sí: "Será ano de fame". Somentes ficaría a palla tronzada, deitada sobre os regos, embarullada..."

En catro frases dise todo, ou case todo.

Agora habería que se preguntar: ¿Cál é o mundo de "Vento ferido"? ¿Qué xente rebule nel? ¿É tan siquera un mundo homoxéneo? Pra a miña idea, así é. Poucos son os contos que presentan unha desviación neste sentido; a xente que pasa polo libro é esa que vive nas vilas galegas, esa pequena burguesía que roza ca clase traballadora por parentesco ou situación. Certo que o libro non nos presenta esplícitamente este mundo, pero ¡qué ben o conocemos nos vellos e os rapaces, e hasta nesas historias en que a violencia non é máis que ese suceso que crispa ou conmove ás nosas vilas, e que se contan despóis por anos!

Baixo este aspeuto o libro de Carlos Casares presenta un verdadeiro progreso na nova narrativa galega; as súas dotes de realismo e penetración psicolóxica non son —hai que decilo— cousa frecuente nos novos escritores. Case por vez primeira reconocemos no que se nos conta algo do que vivimos; e a historia e a voz —tan xuntas en "Vento ferido"— teñen sabor a verdadeiro.

"Vento ferido" non é xogo esteticista nin prosa pseudopopular; ten muito de crónica do vivido, e esto lle dá a sinceridade.

Pra calqueira que teña lido o libro de Casares, a limpeza da prosa terá sido un motivo de satisfaición. Unha prosa equilibrada, clara, na que as palabras teñen todas a súa atmósfera coloquial, o seu xeito natural. Nesto sigue Carlos Casares as tendencias dos escritores novos galegos, que están conseguindo rescatar a fala das desafortunadas tendencias aristocratizantes, lusitanizantes nas que andaba metida. O galego de "Vento ferido" é adulto e espresivo, e ben popular. Galego pra ler e pra falar, vivo.

En chegando aquí cumpría deixar prantexada unha cuestión. Pra calquera que conoza a Carlos Casares e a súa preocupación pola xente probe e humillada, polos escluidos, pode estrañar a súa ausencia nun libro como éste cheo de acercamento e comprensión pola xente concreta e real. A esplicación é ben doada: no libro a sinceridade é o primeiro. O escritor nos fala do seu mundo, testifica do que viu.

Os que o conocemos esperamos que algún outro día hanos falar dese outro mundo que se agocha —que antre todos agochamos— si non se busca, un mundo sin voz.

Venme ás mentes unha frase de Camus en "Retorno a Tipasa" que ben podía selo lema: "Si, existe a beleza e existen os humillados. Calesqueiran seian as dificultades da empresa non quixera ser eu infiel nin á unha nin ós outros".

Tamén é certo que o labor do escritor —home fiel á palabra e ó home— non é realmente a de pensar a vida en categorías ouxetivas, pero a súa palabra ten que ser dalgún xeito testimonial e aberta.

Os remuiños de "Vento ferido" tran a voz máis sinceira da narrativa galega nova, e a súa prosa tan enxuita un exempro do que ha de ser o galego dalgún día.

XAN LÓPEZ FACAL

A LÍNGUA GALEGA EN TODOS OS NIVELES DO INSINO

O interés polo idioma galego ten ido medrando en Galicia como consecuencia de diversos faitores. En primeiro lugar, o erguemento que ten esperimentado o nivel cultural creou un clima axeitado á preocupación polos fenómenos lingüísticos, e favoreceu a estimanza da espresión idiomática vernácula. Por outra banda, a literatura galega, renacida no XIX, despois de tres séculos de escuridade, ten ido cobrando nos nosos días un rexo pulo, de xeito que se atopa hoxe en estado de frolecimento indudábel.

Iste feito suscita en todos os seitores da poboación de Galicia o femente desexo dun conocemento científico, e, como tal, sistemático, do idioma propio. Inxeridos os insinos de Língua e Literatura Galegas no plan de estudos da Seición de Filoloxía Románica da Universidade compostelá, ten ficado consagrado o rango filolóxico da língua, que arrestora é ouxeto de pescuda no nivel universitario. Tal feito xustifica a natural arela de que aquel instrumento lingüístico, tan cernemente enraizado no país, non fique limitado, polo que se refire ó seu insino, ó ámbito universitario.

Basándose en tal realidade, a Academia Galega ten dirixido un razoado escrito ó Ministerio de Educación e Ciencia, solicitando que se estenda dito estudo a novos nivéles. Non podendo concebírese a cultura sinón como desenrolo cíclico do patrimonio espiritual, a Academia entende que o conocemento teórico e práitico da língua debe realizárese progresivamente; de xeito que o tesouro da fala esteña ó dispór do falante, en dominio progresivo, dende os primeiros anos, e poida usar del en proceso de perfeicionamento, dacordo co ritmo normal da evolución do esprito.

Na aitualidade, a grande masa da nosa poboación, ó non recibir insino do galego, contempla confusamente os lindeiros antre as duas línguas que fala, con perxuicio pra ámbalas dúas, e perigo de as confundir en zonas léisicas e sintácticas moi importantes, como acreta a esperiencia cotiá.

Sendo o galego a língua familiar da meirande parte do país, sobre todo no meio rural e nos seitores obreiros das cidades, así como en amplos e crecentes circos sociás de maior releve cultural i económico, costitúe un grave erro histórico pechar os ollos diante diste feito, e non aproveitalo pra utilizar o alto valor pedagóxico que ten o emprego da língua materna coma vehículo didáitico. Na escola primaria, i, en considerábel medida, tamén no insino meio, a educación que descoñoce a realidade da língua familiar do aluno —fora da sua inxustificábel indiferencia dediante dun ben cultural que é un dato da esperiencia— determina un lamentábel atraso na formación inteleitual, por non partir da circustancia idiomática na que se desenvolve o educando.

Todas istas razós, o natural amor ó que nos é propio, os valores estéticos da língua vernácula, a eficacia da fala materna como vehículo didáitico, aconsellan un reprantexamento da posición oficial no orde do insino. Considerándoo así, a Academia Galega solicita no seu escrito o establecemento do estudo do idioma natío en todos os niveles do insino. Coida a Corporación que redundaría en beneficio da cultura galega e máis da cultura española en xeneral, que o Estado recoñocese á língua hispánica do noroeste, dun xeito definitivo, a súa calidade de língua de cultura, outorgándolle siquera a atención que no insino meio se outorga ás línguas estranxeiras. Non semella xusto, e soio pode esplicárese por prexuicios históricos xa superados, que os alunos galegos poidan e deban adeprender francés, inglés ou outros idiomas, e non dispoñan da posibilidade oficial de estudar a língua do país.

UN ESTUDO ENCOL DE PROUST

Leo Bersani, profesor no Wellesley College, Massachusetts, ten publicado un interesante estudo encol da obra de Marcel Proust. Editado pola Oxford University Press, o seu tíduo é "Marcel Proust, as ficcións da vida e da arte", e nel enfoca certos aspeitos sicolóxicos de "A la Recherche du

Temps Perdu". Na introdución do seu análise, dí que si tivese que resumir iste libro do gran novelista francés nunha soia frase, diría que "demostra en qué forma as desilusiós sofridas polo narrador como resultado da riqueza estraordinaria da sua imaxinación lévano a deixar de novelar na vida pra poder lembrar cómo adoitaba novelar na arte". E decontado engade: "E as condiciós nas que as fantasías imaxinativas están elaboradas agora fan posíbel unha recreación de persoalidade; pero iste novo eu, só ten unha esistencia literaria e pode ser comprendida non por referencias a unha persoalidade que opera baixo circunstancias diferentes i esprésase noutras aitividades, sinón máis ben meiante o estudo do traballo literario".

O prof. Bersani conoce a fondo, por suposto, todo o que se ten escrito e dito encol da novela proustiana, e nas notas e citas que ocupan máis dunha ducia de páxinas ó cabo do seu libro, óllase con que miudosa información ten chegado ás conclusiós que consideramos notábeles polo novedosas.

No capíduo tiduado "A anguria e desesperación dos ciumes", o autor analiza iste aspeito dos sentimentos de Proust no caso de Albertine e proporciónanos conclusiós singularmente persoales.

Pero se non limita Leo Bersani á obra de Marcel Proust. Nas suas páxinas amósanos comparanzas e citas, as primeiras con pasaxes tirados dos grandes mestres da literatura francesa, e as segundas referentes ó estudo da obra proustiana. Compara, por exemplo, un tratamento semellante da curiosidade dos ciumes nunha novela de Robbe Grillet, "La Jalousie", na que dexergamos o mundo dende o punto de vista dun marido aparentemente anceioso por descobrir si a sua muller ten relaciós amorosas con outro home.

Destaca o prof. Bersani a diferencia que esiste antre a téinica e o talento de Proust e os de Robbe-Grillet; "pero, dí, as ciumentas pescudas do narrador no primeiro caso son tan inúteis como as do marido celoso en *La Jalousie*". Non deixan de estaren presentes no seu miudoso análise, Sartre, Natalie Sarraute e outros contemporáneos de sona. Tamén recúa ás traxedias de Racine —sempre en función de establecer un paragón antre Proust e os clásicos franceses do século XVII— e, por suposto, Corneille ocupa o seu lugar niste capíduo que trata de "A Linguaxe do amor".

Nos sucesivos capíduos que compoñen o volume, o autor amosa un punto de vista sagace e orixinal que se amece ó moito que xa se ten dito encol da obra de Marcel Proust. Nefeito, Leo Bersani ten acadado niste libro sobre do destacado novelista francés, dar un afondador, un brillante estudo da sua obra, que, como é sabido, tivo tan sinalada resonancia, tan fondo influxo na literatura do noso século. Tanta, que poderíamos decir denantes e despois de Proust.

M.A.v.P.

VIDA I EXEMPLO DE LAGO GONZÁLEZ

"O Facho", agrupación de mozos alifiados coa hora presente, orgaizou no Circo de Artesáns da Coruña, un ciclo de conferencias encol do Arcebispo Lago González, co gallo do centenario do seu nacemento.

O coengo Xesús Precedo Lafuente falou sobre "Lago González e os estudos bíblicos"; o profesor Manuel Vidán Torreira tratou de "Lago González arcebispo en contra do antigaleguismo lingüístico"; o coengo Xosé Morente Torres ocupouse de "Lago González arcebispo precursor do Concilio Vaticán II"; e o profesor Xosé Filgueira Valverde, de "Lago González poeta galego".

No coidado folletiño co que a agrupación "O Facho" rememorou o centenario do nacemento da destacada figura da Eirexa galega, reprodúcese unha breve escolma dos versos que o poeta escribíu na nosa fala, e o seu coñecido discurso "Elogio de la lengua gallega".

Nas palabras de presentación, nas que se traza un axeitado perfil biográfico do arcebispo, lése o seguinte:

"Na víspera do día de Santiago do ano 1923 é elevado á sede compostelán. Como dí un biógrafo, Lago González recibíu a noticia falagado na sua galeguidade e ferido na humildanza que era o eixo de sua vida mesma; e se algún consolo tiña era a ledicia do seu ser galego na exaltación dun patriota á sede compostelán, e a espranza de servir nela á Terra que o vira nacer.

No medio da ledicia espranzada de tódolos galegos fai a sua entrada en Compostela o 6 de abril do 1924. Cando días más tarde, poucos, recibe o homenaxe da Universidade Pontificia, remata o seu discurso de gracias cun himno a Galicia no que canta o seu anceio de erguer un novo Pórtico da

Gloria na solidaridade dos corazós galegos. O 4 de maio seguinte ingresa no Seminario de Estudos Galegos á par do inesquecible artista Castelao. E ó rematar íste a lectura dun axeitadísimo estudo encol de "O novo esprito", o arcebispo Lago dí unha xurdia oración, síntesis apretada dos seus degoiros irreprimibles, coroándoa coa gabanza emocionada da arte enxebremente galega do seu grande amigo tamén queimado no mesmo lume ideal. E andados oito días máis, agora na Universidade compostelán, postula dediante de profesores i escolares unha docencia que forme á mocedade no pleno e cabal conocemento do seu país".

NOTAS

ACABAN de se publicar, en dous volumes, os "Retalhos da vida de um médico", de Fernando Namora. Trátase dunha serie de historias xeneralmente moi ben contadas, con un bó senso de sorpresa. Pero alén do seu valor literario, conmove a súa sinificación humá: respeito e tenrura polos homildes, os pobres, os rudes. os xitanos; drama de tódolos doentes, especialmente dos sin recursos; e drama do médico tamén, sobre todo cando é principiante, inesperiente, sospeitado e guerreado por comadres, barbeiros e curandeiros, cando non polos propios colegas.

DENTRO da coleición "Un autor en un libro" —biografía, estudo, escolma— figura xa o nome de Rosalía de Castro. O traballo foi realizado por Angel Lázaro. Sinala o precedente dos versos rosaliáns nalgún poema de Antonio Machado, o mesmo que o influxo de Rosalía en Rubén Darío, Unamuno, Juan Ramón... "Por Rosalía —escribe— podemos chegar á verdade poética da nosa poesía aitual". É un antecedente que se non pode iñorar. A escolma —versos en galego i en castelán, prosas— está ben realizada, e acompañada dun vocabulario galego espresivamente espricado.

EDICIÓNS 62, de Barcelona, publicou "El Teatre Contemporani", de Ricard Salvat, fondo e persoal estudo encol das novas formas dramáticas. Salvat, direitor escénico con sona de ser o millor conocedor na Península do teatro de Brecht, do que leva montadas varias obras con grande ésito, dános do feito teatral unha visión nova; unha visión dende o ángulo do home de teatro máis que do literato, co que ven cobrir un valeiro sentido na bibliografía hispánica. No segundo volume da obra adícalle ó teatro galego un capíduo especial, centrado especialmente na obra de Castelao "Os vellos non deben de namorarse".

CO tíduo de "The Grail Castle and its Mysteries" éditou a Universidade de Manchester un interesante libro do destacado romanista falecido, Leonardo Olschiki. Tomando dous episodios do Conte del Graal —a procesión do Santo Graal e o banquete do rei Pescador, por unha banda, coa confesión e conversión de Parsifal, pola outra— o agudo filólogo amosa como na obra de Chrétien de Troyes refléxase toda a anguria espritual do mundo seu contemporáneo. O análise de Olschik ben iluminado polas notas que o acompañan, compróbao axeitadamente.

ECHI di Finisterre" é o tíduo dun volume de Vicenzo Josia. Traduce e comenta nel poemas de Luís Pimentel, Pura Vázquez, Miguel González Garcés e Alvaro Cunqueiro. As primeiras páxinas do libro son un resume, agudo e craro, da historia da literatura galega, a antiguedade e persoalidade da súa lírica, o romantismo e Rosalía. Mesmamente, nistes días saíu á luz un estudo de Josia sobre da Cantora do Sar.

ANÚNCIASE a publicación, pola Editorial Dédalus de Palma de Mallorca, do libro "Els mallorquins", de Josep Meliá, con limiar de Joan Fuster. O libro atópase na liña de "Noticia de Catalunya" de Vicens Vives, e de "Nosaltres els valencians" de Fuster, polo que se refire á intención de espertar a conciencia diferenciada e a crebar o marxinamento imposto pola Historia a istes vellos pobos hispánicos.

GRIAL

revista galega de cultura

Precios de venda e suscrición

Número solto	60	ptas.
Estranxeiro	75	"
Suscrición anual, 4 números ..	200	"
Estranxeiro	240	"

REDACCION E ADMINISTRACION

Editorial Galaxia—Reconquista, 1 — Vigo

Imp. nos Talleres Gráficos de "Faro de Vigo"
Colón, 30 - Vigo — Dep. Leg.: VG - 99 - 1963

TIP FARO DE VIGO